

Lingua e Investigación
II Xornadas sobre Lingua e Usos

Edición a cargo do Servizo de Normalización Lingüística da UDC

A Coruña 2006

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Lingua e Investigación. II Xornadas sobre Lingua e Usos
Edición a cargo do Servizo de Normalización Lingüística da UDC
A Coruña, 2006
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia; Deputación da Coruña
Cursos_Congresos_Simposios, nº. 83

168 páxinas.

17 x 24 cm.

Índice: páxinas 5-6

ISBN: 84-9749-200-5

Depósito legal: C-1532/2006

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua galega

Edición:

Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións,
<http://www.udc.es/publicaciones>
<http://www.udc.es/snl>

©Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,
36818, A Portela. Redondela (Pontevedra). Tel. 986 405 051.
Fax: 986 404 935. Correo electrónico: pedimentos@coegal.com

España: BREOGÁN. C/ Lanuza, 11. 28022, Madrid. Tel. 91 725 90 72.
Fax: 91 713 06 31. Correo electrónico: webmaster@breogan.org.
Web: <http://www.breogan.org>

Deseño da cuberta: Julia Núñez Calo

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamiento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do copyright.

Índice

Presentación da directora do Servizo de Normalización Lingüística	7
Saúdo de benvida da vicerreitora de Investigación	11
<i>O PAPEL DA LINGUA NAS ESTRATEXIAS CORPORATIVAS DAS EMPRESAS.</i> ANXO CALVO SILVOSA	13
<i>A MODERNIZACIÓN TERMINOLÓXICA E O USO DO GALEGO EN CONTEX- TOS CIENTÍFICO-TÉCNICOS: O PAPEL DAS UNIVERSIDADES.</i> XUSTO RODRÍGUEZ RÍO	25
<i>ESTRATÉGIA PARA A HABILITAÇOM EM GALEGO DAS LÍNGUAS ESPECIA- LIZADAS CIENTÍFICO-TÉCNICAS.</i> CARLOS GARRIDO	41
<i>AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE INVESTIGADORA E DEREITOS LINGÜÍSTICOS.</i> ALBA NOGUEIRA LÓPEZ	65
<i>TECNOLOXÍAS DA LINGUA GALEGA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.</i> XAVIER GÓMEZ GUINOVART	79
<i>É O INGLÉS IMPRESCINDIBLE PARA A INVESTIGACIÓN? A NECESIDADE DE RECOÑECERMOS O PLURILINGÜISMO.</i> TERESA MOURE	93
<i>PANORAMA DA TERMINOLOXÍA EN GALICIA: ORIENTACIÓNS, INFRAESTRUTURA E RECURSOS. HISTORIA DA (RE)ELABORACIÓN DO CORPUS DA LINGUA.</i> IOLANDA GALANES SANTOS	109
<i>O NECESSÁRIO APROVEITAMENTO DA TERMINOLOGIA PORTUGUESA NO PROCESSO DE ESTANDARDIZAÇÃO DA LÍNGUA GALEGA: UMA QUESTÃO DE METODOLOGÍA.</i> RUTE COSTA	135

<i>SUBSTITUÍR E NON INVENTAR.</i> XABIER ALCALÁ	141
<i>A INVESTIGACIÓN AO SERVIZO DA NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN.</i> MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ	147
Anexo. Programa das xornadas	165

Presentación

GORETTI SANMARTÍN REI

O volume que agora presentamos recolle os textos que once relatores e relatoras expuxeron nas II Xornadas sobre Lingua e Usos que, baixo a denominación de Lingua e Investigación, se desenvolveron no Paraninfo da Reitoría da Universidade da Coruña os días 30 de novembro e 1 e 2 de decembro de 2005, organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega.

As máis de cen persoas que cubriron a folla de inscrición nestas xornadas son unha boa mostra da existencia dun importante sector da sociedade que está preocupado pola extensión de usos da lingua galega e está disposto a exercer un papel activo, procurando unha formación constante e actualizada que poida reverter nos seus ámbitos de actuación e concretar en propostas actualizadas dunha planificación lingüística que debe conseguir, por unha banda, un discurso acaído co momento histórico que estamos a vivir e, por outra, uns recursos más eficaces e que gocen dunha maior difusión. Velaquí, pois, o dinamismo dunha parte da sociedade galega comprometida coa nosa lingua, interesada na súa normalización e, por tanto, que esixe que se poñan os medios para que exista unha maior producción investigadora en galego e sobre o galego, algo que ten, evidentemente, relación directa cun dos obxectivos centrais da universidade.

O perfil das persoas que se matricularon demostrou non ser certo o tópico de posuír esta cuestión un carácter sectorial ou ser unicamente do interese dun núcleo moi reducido de individuos coa mesma ou moi parecida traxectoria, senón que inclúe, entre outros, estudiantado das tres universidades galegas, investigadores e investigadoras en centros e institutos universitarios, docentes de diferentes niveis de ensino e de diversas disciplinas, lingüistas que traballan en institucións e en medios de comunicación, asesores lingüísticos e técnicos de normalización e persoal de administración e servizos. Ao observarmos os ámbitos laborais das persoas que ían asistir ás sesións de presentación de conferencias e relatorios, decatámonos de que xa cumpriríamos un dos nosos obxectivos principais: facer

ver que o obxectivo da extensión de usos da lingua galega e a necesidade de formación e de modernización dos discursos a estes respecto é asunto de todos e de todas, pois se nada do que é humano nos é alleo, menos pode ser o idioma de que colectivamente nos dotamos.

Evidentemente, os contidos e os relatores e as relatoras nestas xornadas a quen agradecemos a súa entusiasta participación neste foro de debate tiveron moito que ver no éxito dunha convocatoria que esperamos que significase a consolidación desta cita anual na Coruña.

Nesta segunda edición organizamos as xornadas arredor de dez intervencións individuais e unha compartida, mais complementaria, a de Jaume Vernet e Alba Nogueira, «Dobre oficialidade lingüística e actividade investigadora», por precisarmos tanto coñecer o marco xeral do Estado como examinar a concreción no ámbito galego, nun intento de marcar liñas para avanzarmos no camiño dun maior recoñecemento estatal da actividade investigadora desenvolvida en galego ou sobre a realidade galega.

Jaume Vernet aceptou estar connosco eses días mais sen se comprometer a entregar un texto para a edición das actas polos numerosos compromisos que xa tiña naquel momento. Aceptamos esa posibilidade e, loxicamente, agardamos que noutra ocasión si nos poida deixar por escrito as súas sempre lúcidas reflexións sobre o status xurídico das linguas.

Canto ás intervencións individuais, neste volume ofrecemos un amplio abano de temas, resultado da heteroxeneidade de profesionais e de perspectivas que xulgabamos necesarias para focar a realidade galega desde diferentes ópticas. Unha situación complexa, cun proceso de substitución lingüística moi avanzado, cuxas consecuencias deben examinarse para determinar as estratexias necesarias para a recuperación, cuantitativa e cualitativa, da lingua galega, esixe, desde a perspectiva do ensino superior en que nos situamos, escoitar distintas voces e aproveitar todos os recursos e os esforzos que teñen como obxectivo procurar un futuro mellor onde se conxugue o necesario plurilingüismo coa consideración da lingua propia como o elemento de comunicación por excelencia.

En derradeiro lugar incluímos un anexo co programa das xornadas e os títulos iniciais das conferencias e dos relatorios que se presentaron cuxa denominación final presenta algunha modificación, mais que sempre responde aos contidos que encargou o Servizo de Normalización Lingüística e que defenderon as persoas convidadas.

Para alén de agradecer á Real Academia Galega a súa colaboración e á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Deputación da Coruña o financiamento que fixo posible presentar finalmente este volume, debemos, de maneira moi especial, deixar constancia

do importantísimo traballo realizado tanto por Marisol Ríos Noia, a técnica do Servizo de Normalización Lingüística como por Iván Méndez López, Francisco González Lousada e Luís Pita Rubido, as outras persoas vinculadas naquela altura ao Servizo. É preciso igualmente salientar o magnífico traballo de Xulia Núñez, a deseñadora da Universidade da Coruña e recoñecer o labor xa posterior, de corrección e unificación dos textos, de Gracia Martínez Paz, que nos acompañou durante un frutífero mes e medio nas nosas tarefas cotiás.

Agardamos que recibades estes textos, que tamén estarán á vosa disposición na páxina web do Servizo (www.udc.es/sn1), coa mesma ilusión con que nós pretendemos transmitir á comunidade universitaria a necesidade de contar co compromiso individual e, por tanto, co esforzo de cada un dos seus membros para facer do idioma galego unha lingua máis viva e máis útil.

Maio de 2006

Saúdo de benvida

CONCEPCIÓN HERRERO

Vicerreitora de Investigación

*B*envidas e benvidos ás II Xornadas sobre Lingua e Usos que, baixo o título de Lingua e Investigación, se van desenvolver desde hoxe ao próximo venres na Reitoría da Universidade da Coruña, organizadas polo Servizo de Normalización Lingüística en colaboración coa Real Academia Galega. A boa acollida destes encontros ractifican a necesidade de crearmos foros de debate e de reflexión sobre os usos da lingua galega e as posibilidades de desenvolvemento de liñas de actuación que potencien o seu emprego no mundo universitario; para iso é necesario dar a coñecer o moito que se leva feito e discutir as estratexias de futuro nun ámbito determinado pola presenza das novas tecnoloxías, pola integración das universidades no espazo europeo de educación superior e pola necesidade de observarmos o diversidade lingüística e o coñecemento plurilingüe como un factor de enriquecemento persoal e cultural a que non pode ser alleo o ensino universitario.

Nese sentido, o tema que se escolle para esta segunda edición pretende pórriba da mesa contidos que preocupan ás persoas que desenvolven día a día labores de investigación e que precisan, por un lado, dominar a terminoloxía propia do seu obxecto de estudo e por outro, coñecer e manexar os recursos existentes para realizar un traballo de maior calidade no menor tempo posible.

Non se trata só de mostrar un panorama sobre as diferentes liñas que percorreron a investigación sobre o galego nos últimos anos senón tamén, e fundamentalmente, de discutir a función que esa investigación debe ter na actualidade para ofrecermos produtos capaces de competir e de contribuir a unha praxe investigadora –tamén docente e administrativa, loxicamente– onde a lingua galega ocupe un espazo de uso habitual e normal.

A necesidade de rendibilizar o traballo existente ata o momento fai que teñamos que compartir outras experiencias, fundamentalmente as que se desenvolveron no siste-

ma universitario galego, na liña de aproveitar e, polo menos, coñecer, as principais tarefas que ocuparon os investigadores e as investigadoras no noso contorno máis inmediato. Mais, evidentemente, existen outras perspectivas que non debemos esquecer; por un lado está a necesidade de considerarmos a problemática da investigación desde a perspectiva da súa integración nos marcos más amplos do Estado español e da Unión Europea e a posibilidade de procurarmos, tanto para cuestións más específicas como pode ser a terminoloxía, como para proxectos comúns de maior alcance, vías de confluencia co portugués e con Portugal.

Espero que o traballo que desenvolvades estes días sexa frutífero e que coadxuve para avanzarmos no establecemento dunha relación más estreita entre douis mundos que teñen, forzosamente, que procurar vías de entendemento se consideramos que a investigación e o labor universitario deben atender as necesidades da sociedade en que se integran. Desde esta perspectiva, a Universidade da Coruña ten entre os seus obxectivos a utilización das potencialidades científicas e técnicas e os seus recursos humanos para fomentar a investigación en temas relacionados coas novas tecnoloxías e a planificación lingüística, ao tempo que, desta maneira, contribúe á reflexión e á implicación da comunidade universitaria a respecto do uso do galego nesta institución e na sociedade galega no seu conxunto.

Grazas pola vosa presenza e moi boa estadía entre nós.

O papel da lingua nas estratexias corporativas das empresas

ANXO R. CALVO SILVOSA

Diretor xeral de Industria, Enerxía e Minas Xunta de Galicia

SUMARIO

- INTRODUCIÓN
- QUE É A ESTRATEXIA CORPORATIVA?
- DIAGNÓSTICO DO GALEGO NA EMPRESA: DAFO
- CONCLUSIÓNS

INTRODUCIÓN

A idea de que partimos é que o futuro do galego non depende únicamente dos avances que se consigan no eido cultural ou no sistema educativo, pois o mundo da economía (mercados de bens/servizos, de traballo, financeiros etc.), das relacións laborais, da empresa (organización, loxística, mercadotecnia, finanzas,...) etc., son fundamentais e indispensables para a normalización lingüística.


Neste sentido, é preciso subliñarmos tanto que o galego non estará normalizado ata que sexa «normal» en todos os niveis da empresa e nas relacións que a empresa mantén co seu contorno como que nun país lingüisticamente normalizado, nas empresas fálase a lingua propia dese país.

QUE É A ESTRATEXIA CORPORATIVA?

- ◆ As empresas son sistemas abertos
 - Son sistemas socio técnicos
 - Sobre un sistema técnico existe un sistema social

- Interactúan co seu contorno
 - Os factores que forman parte do contorno empresarial son:
 - Económicos
 - Político-legais
 - Tecnolóxicos
 - Sociais
 - ♦ Demográficos
 - ♦ Socioeconómicos
 - ♦ Culturais,...

Que é a estratexia corporativa?



- ◆ É pertinente, pois, preguntármonos en que lingua se realizan estas relacóns dentro da empresa e entre esta e o contorno en Galiza e obteremos unha resposta que, con más ou menos matizacóns, sempre nos leva a afirmar que ***a lingua galega é invisible.***
 - Hai que ter en conta a proximidade do galego e do español e o coñecemento amplio de ambas as linguas por toda a poboación
 - O efecto son conversas bilingües onde
 - o galego leva a peor parte: nas grandes empresas e nas grandes operacóns é só visible o castelán
 - o galego existe no proceso económico, pero non se percibe.

Existe unha gran diversidade de empresas:

- Por ámbito xeográfico de actuación:
 - O galego faise invisible nas empresas que realizan parte da súa actuación fóra de Galiza
 - Malia que sexa a lingua falada pola mayoría dos seus traballadores nos procesos de producción.
 - A globalización actúa contra a lingua feble ata facela desaparecer das súas relacións oficiais.
- Polo tipo de cliente:
 - O galego resiste mellor cando a empresa ten como clientes usuarios finais (comercio, servizos financeiros etc.) que cando os clientes son outras empresas (auxiliares do téxtil, da automóbil, naval,...).
- Polo tipo de relación con outras entidades:
 - Se son entidades de ámbito español ou máis amplio, o galego desaparece
 - Os seus empregados non teñen por que coñecer o galego

A lingua «visible» da empresa, igual que os seus obxectivos, será a lingua do grupos con maior poder na empresa.

Outras cuestións relacionadas co tema que nos ocupa e que precisan ser tomadas en consideración refirentse aos seguintes aspectos que resumimos esquematicamente:

- Empresas galegas *versus* empresas non galegas: Que é unha empresa galega? En que se manifesta a «galeguidade» da empresa?
 - Aquela cujos propietarios son galegos?
 - Aquela cujos directivos son galegos?
 - Aquela cujos traballadores son maioritariamente galegos?
 - Aquela cujos clientes están maioritariamente en Galiza?
 - Aquela que tributa dentro do territorio galego?
 - Aquela cujos centros de decisión están en Galiza?
 - ...
- Existen comportamentos lingüísticos diferenciados en función dos grupos que existen na empresa?
 - Hai relación entre nivel de estudos e usos lingüísticos no seo da empresa?
 - Hai relación entre nivel económico e os usos lingüísticos no seo da empresa?



Que concepto pode axudarnos a contestar todas estas preguntas?



É conveniente subliñarmos o significado do concepto de estratexia, ao marcar a liña de actuación futura e ao se concretar a actuación en fins perseguidos, medios necesarios e accións.

Entre as definicións que podemos utilizar, cómpre repararmos nas seguintes:

- «*dialéctica da empresa co seu contorno*».
- «*conjunto de decisións que determinan a coherencia das iniciativas e reaccións da empresa fronte ao seu contorno*».
- «*características básicas da relación que unha organización realiza co seu contorno*».
- «*patrón dos principais obxectivos, propósitos ou metas e as políticas e os planos esenciais para acadalos, sempre fixados de tal xeito que definan en que clase de negocio a empresa está ou quere estar e que clase de empresa é ou quere ser*».



Estratexia global ou de empresa

Estratexia de negocio

Estratexias funcionais

- de mercadotecnia
- de producción
- financeiras
- de I+D+i
- de recursos humanos
- ...

- Existe una responsabilidade social corporativa?

Crecemento
económico

Responsabilidade Social Corporativa

Progreso
e cohesión
social

**Desenvolvimento
sustentable**

Conservación
do Medio
Ambiente

A responsabilidade social corporativa é:

- chave nunha estratexia global de desenvolvemento sustentable
- voluntaria por parte das empresas
 - As empresas socialmente responsables non só cumplen a norma vixente, senón que van alén da norma en cuestións ambientais e sociais.
 - * Teñen unha maior implicación en temas sociais e ambientais.

As empresas «devolven» ás sociedades onde están presentes valor.

A asunción da RSC adoita ter efectos positivos sobre o incremento do valor de mercado das empresas que a practican.

En Galiza, as «empresas socialmente responsables» deberían considerar a lingua como elemento esencial da súa estratexia de RSC

As causas desta situación son as seguintes:

- * Non hai normativa lingüística que sexa de obrigado cumprimento para as empresas.
 - Unha empresa pode actuar en Galiza (comprar materias primas, transformalas, comercializar produtos,...) con total esquecemento da lingua galega.
 - Como non hai norma, todo é voluntario.
- * Hoxe en día, ser unha empresa comprometida co galego non é doado.
- A consecuencia é que o uso do galego é sinal de ser unha empresa socialmente responsable:
 - * A través do compromiso coa cultura, coa tradición, con valores etc.
 - * E ao acadar un posicionamento positivo de «empresa galega»: R, San Luís, Galería Sargadelos,...

DIAGNÓSTICO DO GALEGO NA EMPRESA: DAFO

PUNTOS FORTES

- Presenza importante do galego na base e mais no final do proceso (producción e mercado)
- O galego é a lingua predominante entre os empregados de moitas empresas nas súas relacións laborais
- Forte presenza en determinados sectores (primarios e artesanais)

PUNTOS DÉBILES

- Feble presenza do galego nos procesos intermedios (funcións directivas, comerciais, contabilidade,...)
- Fractura da cadea lingüística nos cadrós técnicos: relacións, inexistencia de documentación,...
- Os white-collar usan o español; os blue-collar, o galego: uso oral e baixa cualificación

PUNTOS FORTES

- Presenza da lingua en todo o territorio galego, sectores e idades
- Ao ser lingua maioritaria en Galiza, é un vehículo idóneo de comunicación para un mercado maioritario. Porén, só para unha minoría é factor de compra.

PUNTOS DÉBILES

- Atomización (85 000 empresas) e es caso peso do sector primario no produto final. O sector secundario anula a presenza do galego.
- Os empresarios perciben o galego como unha lingua non necesaria para as súas actividades ou con connotación negativa de tipo político-cultural ou de pouco poder adquisitivo

PUNTOS FORTES

- Baixos índices de rexeitamento na poboación ao uso empresarial do galego.

PUNTOS DÉBILES

- Inseguridade no uso por parte do sector empresarial (normativa).
- O galego pode dar pé a discrepancia social e política nalgúns sectores.
- Dificultades para a escrita en galego en persoas non alfabetizadas ou insuficientemente alfabetizadas nesta lingua.

DIAGNÓSTICO DO GALEGO NA EMPRESA: DAFO

PUNTOS FORTES

- Boas experiencias en empresas con compromiso e uso profesional da lingua sen repercusión comercial negativa: Fundación Galicia-Empresa.
- Familiarización co galego escrito da poboación a través do incremento da rotulación nesta lingua.

PUNTOS DÉBILES

- Inercia a non cuestionar o monopolio do español como lingua empresarial.
- Os poderes empresariais carecen de estímulos para o uso do galego.
- Custos adicionais derivados da duplicidade de etiquetaxes para o mercado galego e español.

PUNTOS FORTES

- Hai axudas públicas para a promoción do galego na empresa.
- Hai recursos lingüísticos: programas de tradución e corrección ortográfica, glosarios terminolóxicos, etc.

PUNTOS DÉBILES

- Ausencia da avaliación da eficacia destas axudas.
- Aproveitamento non sincero destas axudas.
- Insuficiencia de medios informáticos e de xestión en galego.
- Pouco uso do galego en documentos técnicos.
- Pouco interese empresarial polos correctores e insuficiencia dos servizos de tradución.

PUNTOS FORTES

- RSC: compromiso das empresas cos valores ecolóxicos e culturais: o galego ocupa un lugar importante.

PUNTOS DÉBILES

- As clases medias-altas e os dirixentes empresariais usan maioritariamente o español.
- A empresa en Galiza mantense á marxe de compromisos culturais e/ou lingüísticos.
- A apertura da empresa ao exterior relega o galego e potencia linguas francas.

DIAGNÓSTICO DO GALEGO NA EMPRESA: DAFO

PUNTOS FORTES

- A lingua reforza a estratexia de diferenciación.
- Hai segmentos de consumidores que prefieren que se lles oferten produtos ou servizos en galego.

PUNTOS DÉBILES

- Temor no empresariado a que un posicionamento a prol do galego provoque rexitamento en segmentos de clientes.
- Dúbida de que a opción polo galego sexa rendible.
- Indiferenza nos consumidores pola ausencia do galego na mundo empresarial.

PUNTOS FORTES

- Existencia dunha lexislación que anima o uso do galego en determinados aspectos ou elimina barreiras ao seu uso.

PUNTOS DÉBILES

- Actitudes negativas dalgunhas institucións.
- Escaso uso en organismos públicos (cámaras de comercio, facenda,...)
- Queda ao libre albedrío o uso do galego, o español é obrigado.

PUNTOS FORTES

- Clima favorable para a publicidade en lingua galega.
- Actitude favorable de empresas non galegas a se anunciaren en galego.
- Rareza cando aparecen anuncios en español en medio monolingües galegos.

PUNTOS DÉBILES

- Pouco uso do galego nos medios de comunicación e nas empresas de publicidade.
- Oposición dalgunhas empresas a se anunciaren en galego.

DIAGNÓSTICO DO GALEGO NA EMPRESA: DAFO

PUNTOS FORTES

- Receptividade da base sindical a iniciativas de promoción do galego no sector económico.
- Identificación dalgúns produtos galegos como produtos de calidad.
- Nun mundo globalizado, valórase tamén máis o local (localización), que implica resaltar o propio e consideralo máis auténtico.

PUNTOS DÉBILES

- Lixeiro decaemento da reivindicación da lingua na actividade sindical.
- Limitacións nas normativas de etiquetaxe.
- No contexto da globalización, empresas de capital galego traballan noutras linguas e esquecen a propia

PUNTOS FORTES

- Crecente peso da internet e das novas tecnoloxías que abaratan o custo dos usos plurilingües.

PUNTOS DÉBILES

- Baixo nivel de acceso das empresas galegas ás TIC.
- Os cadros intermedios, que son os que máis usan as TIC, non favorecen o uso do galego.
- Malia que a internet recoñece o uso de todas as linguas, os idiomas gañadores son de maior número de falantes.

PUNTOS FORTES

- A proximidade lingüística do galego co portugués e mais co español favorece a intelixibilidade do galego na relación comercial cos veciños.

PUNTOS DÉBILES

- Infravaloración recíproca do portugués e do galego.
- Situación sociopolítica adversa á hora de que en España se valore positivamente ou non se rexiten as singularidades culturais.

Fonte: *Plan xeral de normalización da lingua galega*.

CONCLUSIÓNS

- Na actualidade, a situación da lingua galega na empresa reflicte a situación do idioma no conxunto da sociedade. Podemos sintetizar o que isto significa nun enunciado como o que segue:
 - o galego é absolutamente prescindible no mundo empresarial.
- Non se pode falar de normalización lingüística do galego mentres continúe sendo *invisible* no mundo empresarial.
- O galego pódese e débese incorporar como lingua vehicular nas estratexias corporativas das empresas que operan en Galiza.
 - De se conseguir isto, o galego incorporarase á visión e aos principios, estará nos tres niveis de estratexia e definirá o posicionamento.
- Para que isto ocorra, é máis importante a acción dos grupos –*stakeholders*– que se relacionan coa empresa (accionistas, clientes, provedores,...) que as axudas ou subvencións públicas.

A modernización terminolóxica e o uso do galego en contextos científico-técnicos: o papel das universidades

XUSTO A. RODRÍGUEZ RÍO

Servizo de Normalización Lingüística

Universidade de Santiago de Compostela

1. A TERMINOLOXÍA, A COMUNICACIÓN ESPECIALIZADA E A PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Cando falamos de *terminoxía* podemos estarnos referindo a dous conceptos distintos, que poderíamos definir respectivamente como:

1. Un conxunto de palabras técnicas (os termos), que pertencen a unha área especializada da realidade, diferenciada doutras afins e de extensión variable.
Ex.: «Compilou a terminoxía anatómica referida ao sistema circulatorio».
2. Unha disciplina lingüística que se centra no estudo científico dos termos empregados nunha linguaxe de especialidade.
Ex: «Un estudiante de Tradución debería recibir formación en terminoxía».

En calquera das dúas definicións salienta a estreita conexión que se establece entre a terminoxía e a comunicación especializada. De feito, os termos consideráranse a base deste tipo de comunicación, xa que reflicten a estrutura de conceptos existente nunha disciplina e contribúen de forma fundamental a acadar a precisión, a concisión e a adecuación á situación comunicativa que persegue a documentación especializada.

Por outra parte, cando Haugen describe e clasifica os subprocesos que deben poñerse en práctica na planificación do corpus dunha lingua, inclúe como un deles a *modernización terminolóxica*, entendida como un tipo de ampliación do espazo funcional dunha lingua que a capacita como vehículo comunicativo en áreas da realidade –case sempre especializadas– nas que non estaba presente.

Cadro 1. Modelo tirado de Haugen (1983)

	FORMA	FUNCIÓN
SOCIEDADE	1 selección	4 propagación ou implementación
LINGUA	2 codificación a) grafización b) gramaticalización c) lexicalización	3 elaboración a) modernización terminolóxica b) desenvolvemento estilístico

Se a modernización terminolóxica planificada é un piar relevante do proceso de elaboración de calquera lingua, no caso das minorizadas a súa importancia vai ser aínda maior, xa que (Maurais, 1993):

- As linguaxes especializadas teñen un importante prestixio simbólico para os falantes, especialmente para os que usan lingua que están pouco presentes en áreas técnicas da realidade.
- Nas situacóns de conflito lingüístico, unha das vías polas que a lingua máis forte fai presión e secundariza a máis feble é a transmisión masiva de préstamos léxicos, especialmente nos ámbitos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía.
- Nas sociedades do primeiro mundo, as fronteiras entre a lingua común e determinados tecnolectos son moi permeables ou praticamente inexistentes. Isto facilita a transferencia de léxico entre estes dous ámbitos e –se o conectamos co parágrafo anterior– a extensión xeneralizada dos termos emprestados.

Todo o dito ata aquí permítenos constatar que unha política lingüística que preten da a promoción dunha lingua minorizada debe asumir como un campo relevante de traballo a planificación da modernización terminolóxica naquelhas áreas especializadas da realidade en que decida intervir.

De aceptarmos esta constatación, o ámbito universitario preséntase como un contorno de actuación prioritario, como pouco polas tres razóns seguintes:

1. A produción de coñecemento especializado (investigación) e a súa comunicación oral (docencia) e escrita (publicacións)¹ é a súa razón de ser. Polo tanto, os seus profesionais recorren á terminoloxía técnica de forma continua e participan de forma significativa na fixación (elaboración) e na transferencia (difusión) de termos.

¹ Se nos fixamos en concreto no caso galego aínda poderíamos afirmar máis, pois unha porcentaxe considerable da divulgación científica publicada en libro ou en prensa é obra de profesionais vinculados á universidade.

2. É o contorno no que se forman os futuros profesionais de boa parte das ocupacións técnicas e científicas presentes na nosa sociedade. Tendo en conta que durante toda a súa vida laboral estes van ser polos difusores da terminoloxía da súa área, parece importante fomentar entre eles o manexo dunha lingua técnica precisa, adecuada e de calidade.
3. É o espazo no que se pode acceder de forma máis dada a formación oficial sobre a terminoloxía como disciplina.

O anterior non implica que os procesos de planificación lingüística que se empren dan desde as universidades teñan que ser esencialmente procesos de planificación da actividade terminolóxica, senón que esta deberá ocupar un papel más significativo ca o que lle correspondería en ámbitos máis xerais, pero non o prioritario.

Afirmamos isto porque cremos que as carencias na modernización terminolóxica dunha lingua –neste caso do galego– son soamente o síntoma dun problema que non é outro máis ca o seu escaso emprego como vehículo de comunicación científico-técnica. E atacar só os síntomas non curou nunca doença ningunha.

É tamén certo que –nun proceso circular que se realimenta– estas carencias terminolóxicas poden ser unha das causas que favorecen a escasa presenza do galego nas actividades investigadoras e docentes; pero non se pode afirmar que sexan a causa. E non é difícil achegar datos empíricos que o confirman:

- O propio persoal docente e investigador (PDI) das universidades afirma explicitamente que non considera os problemas terminolóxicos a principal razón pola que non emprega o galego como linguaxe técnica.

En concreto, en Rodríguez Neira (1998) preguntábasele ao profesorado da Universidade de Santiago de Compostela –USC– pola «razón pola que non usa o galego como lingua de ciencia e cultura» (adro 2) e polos «motivos polos que non imparte clase en galego» (adro 3).

Cadro 2. Tirado de Rguez. Neira (1998: 160)

Non é a miña lingua habitual	26,8 %
Deficiente dominio	22,1 %
Existen estudantes de fóra	7,6 %
Non é apropiado	6,6 %
Non é habitual o seu uso	6,6 %
Carencia de vocabulario científico	6,4 %
Carece de bibliografía técnica	6,4 %
Descoñecemento do galego	2,9 %
Non o promove	1,5 %
Outras	13 %

Cadro 3. Tirado de Rguez. Neira (1998: 165)

Non é a miña lingua	36 %
Existen estudantes de fóra	14,5 %
Inexistencia de terminoloxía	12,7 %
Escaseza de bibliografía	12,1 %
Falta de demanda expresa	9,6 %
Non é lingua habitual na Facultade	4,3 %
Outras	10,9 %

Como se pode ver, as respuestas vinculadas a carencias terminolóxicas aparecen, pero son mencionadas só por un pequeno número de entrevistados (6,4 % no cadro 2, e 12,7 % no cadro 3).

- A utilización do galego nunha área de especialidade non está directamente vinculada ao grao de desenvolvimento das actividades terminolóxicas que nela exixita. En principio, sería esperable que a existencia de diccionarios e vocabularios especializados nesta lingua fomentase a súa presenza en contextos técnicos, pero outra volta, datos empíricos da USC botan polo chan esa expectativa. Se analizamos os datos declarados polo profesorado desta institución en relación á lingua na que impartiua a súa docencia durante o curso 2003-04, vemos que titulacións centradas en áreas para as que existen recursos terminográficos en galego amosan unha presenza deste idioma moito menor ca outras que non recibiron ese tipo de esforzos. Así:
 - Na licenciatura en Matemáticas só se imparten en galego un 11,30 % das materias, a pesar de que existe desde 1994 un *Vocabulario de matemáticas* editado pola propia USC e distribuído gratuitamente entre a comunidade universitaria.
 - Na licenciatura en Química o galego é lingua vehicular do 4,71 % das materias, aínda que en 2002 a USC editou e distribuíu de balde un *Vocabulario de química*.
 - Na licenciatura en Medicina a presenza do galego é puramente testemuñal (1,73 %) por moito que en 2002 a Xunta de Galicia publicara un *Diccionario galego de termos médicos*.
 - Pola contra, na diplomatura en Óptica e Optometría e na licenciatura en Física a docencia en galego chega ata o 24,36 % e o 16,84 % a pesar de que ata este 2005 non existiu ningún dicionario técnico centrado nestas áreas.
- Desde o punto de vista dos especialistas os *baleiros denominativos* (entendidos como conceptos para os que non existe unha denominación que permita referirse a eles nun idioma) ou non existen ou son moi infrecuentes. Cando unha nova realidade se introduce na comunicación científica sempre existe un nome dispoñible para referise a ela; outra cousa é que desde o punto de vista dos lingüistas a calidade dese nome non se considere a adecuada (por ir contra as regras do idioma, por suplantar unha denominación propia...) e se intenten elaborar e espalliar formas alternativas. Por iso podemos ver como determinados idiomas –castelán ou portugués, por exemplo– son vehículo comunicativo en determinadas especialidades (informática, telecomunicacións, física teórica, xenómica...) aínda que boa parte da terminoloxía empregada non resista unha análise desde o punto de vista da calidade lingüística.

Pero é que ademais, o uso dunha terminoloxía adecuada ou inadecuada non é o elemento máis relevante para valorar a calidade lingüística dun documento, aínda a pesar

da súa alta visibilidade. Parécennos moito más graves carencias de tipo morfosintáctico, de organización da información ou de expresión, ás que case sempre se lles presta moita menos atención.

2. AS UNIVERSIDADES E A TERMINOLOXÍA

No apartado anterior sinalamos a relevancia que o contorno universitario debe ter para a planificación da modernización terminolóxica dunha lingua, sendo como é un núcleo fundamental de creación e difusión de léxico especializado, e tamén o actor máis relevante no ámbito da formación en terminoloxía. Nas liñas seguintes analizaremos por separado estes dous aspectos do vínculo universidades/terminoloxía, comezando polo segundo.

2.1. AS UNIVERSIDADES COMO CENTROS FORMADORES EN TERMINOLOXÍA

O uso que os distintos colectivos profesionais fan da terminoloxía varía segundo as súas necesidades. Mientras que para a maioría é unha simple ferramenta que empregan na comunicación técnica, para os profesionais da mediación lingüística (tradutores e redactores técnicos, intérpretes, asesores lingüísticos...) convértese nun elemento básico, e para outros (lexicógrafos, terminólogos...) chega a ser o seu obxecto de traballo. En consecuencia, a presenza de contidos relacionados coa terminoloxía nas universidades galegas varía moito en función da titulación que analicemos.

Así, a implantación da licenciatura en Tradución e Interpretación na Universidade de Vigo explica que sexa esta a única universidade galega que ofrece formación explícitamente terminolóxica, tanto para esta titulación como para Filoloxía Galega. Pódense cursar alí materias como Terminoloxía, Neoloxía e Normalización na Lingua Galega ou varias disciplinas de tradución especializada. Ademais, existen tamén seminarios relacionados co traballo terminolóxico dentro da formación de terceiro ciclo, en concreto no programa de doutoramento de Lingüística Galega, impartido conxuntamente polas tres universidades do país. O escaso peso desta formación no ámbito académico obriga a colectivos profesionais como a Coordinadora de Traballadoras e Traballadores de Normalización Lingüística, a Sociedade Galega de Terminoloxía ou a Asociación Galega de Profesionais da Tradución e a Interpretación a organizar cursos de iniciación e afondamento en cuestións prácticas de terminoloxía dirixidos aos seus asociados.

En titulacións en que a lingua ou a comunicación non son a cerna do labor profesional non adoitan ofrecerse materias centradas na terminoloxía, pero si outras más xenéricas sobre as características que a linguaxe de especialidade desa disciplina presenta nun idioma estranxeiro (normalmente inglés e, en ocasións, francés ou alemán). Así por exemplo, na USC o alumnado pode cursar materias como Inglés Técnico (na diplomatura en Enfermaría), Idioma Estranxeiro [inglés ou francés] Técnico-xurídico (na licenciatura en Dereito), Alemán Empresarial [I e II] (nas licenciaturas en Economía e Ciencias Empresariais) etc.

Pola contra, non existe ningunha formación sobre linguaxe especializada galega ou castelá, probablemente porque se pensa que o alumnado xa recibe os coñecementos precisos sobre elas de forma indirecta a través do seu uso como vehículos comunicativos no proceso de ensino-aprendizaxe. Esta crenza cae ao baleiro no caso do galego cando comprobamos que a presenza media desta lingua na docencia non supera o 20 % en ningunha das nosas tres universidades, e que nalgúns titulacións esta é –como vimos– puramente anecdótica.

Neste contexto cabe preguntarse se a creación dunha oferta docente en linguaxe especializada galega adaptada ás particularidades das diferentes disciplinas universitarias sería unha medida interesante de cara a completar a formación do alumnado en relación con esta cuestión. Somos conscientes de que a forma máis natural de transmitir eses contidos é usar o galego como lingua vehicular nas actividades docentes e na difusión da investigación, e tamén de que crear este tipo de materias é –nalgúnha medida– tratar o galego como se for unha lingua estranxeira.

Pero se miramos a realidade con ollos pragmáticos, non parece que a curto prazo o galego vaia converterse na lingua maioritaria do ámbito docente e investigador, e si parece urgente intentar fornecerlle ao alumnado unha serie de coñecementos e habilidades que lle permitan manexar o galego como lingua técnica mantendo un grao aceptable de precisión, concisión e adecuación.

Xa que logo, a creación deste tipo de materias pode verse como un parche necesario pero non suficiente para enfrentar unha situación como a presente; un panorama con respecto ao que cabe preguntarse ata que punto se pode afirmar que o alumnado recibe formación «de calidade» se ao final do seu proceso formativo (titulación) non é capaz de transmitir con precisión e calidade información técnica relacionada coa súa especialidade nas dúas linguas oficiais da sociedade en que se radica o centro.

As universidades como centros creadores e difusores de terminoloxía

Calquera organización que –como unha universidade– teña como misións fundamentais a creación e a transmisión de coñecemento científico e técnico cumpre un papel relevante na elaboración e na difusión de terminoloxía. Se isto o trasladamos a un contexto como o galego, no que os centros de investigación e desenvolvemento científico dependentes da iniciativa privada teñen un peso cuantitativamente pequeno, o peso relativo que adquieren as universidades increménase considerablemente.

Polo tanto, é evidente que estas poderían ter un lugar transcendental na modernización terminolóxica do galego e na divulgación da terminoloxía creada. Porén, a baixa presenza desta lingua como vehículo da investigación, a publicación e a docencia estraga boa parte dese potencial e chega a producir o efecto contrario.

Isto é así porque a difusión masiva da terminoloxía castelá provoca que esta sexa a mellor coñecida polos especialistas –case se podería dicir «a única»–, o que fai que boten man dela en moitas ocasións para nomear en galego conceptos que en realidade posúen unha denominación propia e diferente nesta lingua.

Ata este momento, estivemos falando das universidades galegas co sentido de «comunidade universitaria», pero evidentemente é o PDI o actor máis relevante no que ten que ver coa creación e coa difusión de terminoloxía. Tamén os servizos de normalización lingüística (SNL) poden desenvolver labores importantes en relación con esta cuestión. Xa que logo, presentaremos o papel dun e doutro por separado.

2.1.1. O papel do persoal docente e investigador

Este colectivo profesional amósase como un importante elaborador do corpus dunha lingua e modernizador da súa terminoloxía. Tanto se identifica e define conceptos de creación propia, como se se limita a importalos desde outras realidades sociais, vai ter a capacidade de «bautizalos» na lingua que utiliza como vehículo de comunicación, decidindo se crea un novo nome na lingua propia, se importa sen cambios unha palabra doutro idioma, se a importa con pequenas modificacións... Xa que pode tomar unha serie de decisións nese ámbito, sería importante que contase con formación e ferramentas que lle permitisen valorar as implicacións que as súas escollas van ter para a precisión e a adecuación das súas mensaxes.

Isto que acabamos de dicir é así en calquera lingua, pero ten unha relevancia superior en contextos coma o noso, cun número comparativamente pequeno de profesionais interesados en potenciar a introdución de terminoloxía en galego, e obrigados a traballar en contornos nos que a presión dos termos doutras linguas (inglés, castelán...) é moi forte.

Por iso, é importante que o PDI que usa o galego como lingua profesional chegue a percibir a verdadeira relevancia do seu papel como elaboradores de terminoloxía, e a asumir que a responsabilidade de empregar termos apropiados e de calidade é basicamente súa, e non dos mediadores lingüísticos (técnicos de normalización, asesores, correctores...) nos que se poida apoiar.

Só aceptando esas dúas afirmacións é previsible que o persoal docente considere útil para o seu desempeño profesional a adquisición de competencias relacionadas cos criterios de creación e importación de termos propios da súa disciplina e da lingua que emprega como medio de comunicación. E así mesmo, que sexa quen de analizar criticamente a terminoloxía que se lle ofrece por defecto, normalmente inglesa ou castelá, e decidir se é adecuada para ser empregada en galego.

Ademais de para a elaboración de terminoloxía, o proceso de ensino-aprendizaxe e a publicación ou a divulgación de resultados de investigación son contornos privilexiados para a súa difusión. De feito, os especialistas que utilizan unha lingua non-minorizada non precisan estudar de forma sistematizada a terminoloxía da súa disciplina, xa que a van adquirindo indirectamente a través das distintas situacions comunicativas en que participan².

² Por poñer un exemplo: un estudiante de Farmacia dunha universidade andaluza non precisa estudar as denominacións correctas dos conceptos básicos da súa titulación, xa que as aprende de forma natural durante o seu período formativo.

No noso contexto, a práctica docente pode ser unha vía esencial para a difusión da terminoloxía galega, pois é a principal situación comunicativa na que o estudiantado vai recibir mensaxes especializadas nesta lingua, tendo en conta que a presenza dela en publicacións técnicas é anecdótica ou insignificante en moitas disciplinas³.

Difundir a terminoloxía adecuada en galego durante a etapa formativa dos especialistas facilitaría enormemente que se implantase efectivamente no uso. É evidente que non se poden usar termos galegos se non se coñecen; pero incluso se nun momento posterior se emprenden iniciativas para suplantar a terminoloxía inadecuada pero difundida por outra máis acaída, os resultados adoitan ser infrutuosos.

Tanto a elaboración como a difusión dos termos son labores que debemos entender de forma cíclica. A velocidade con que se producen os cambios e as novidades nas diversas disciplinas científicas obrigan a revisar case constantemente as terminoloxías para adaptalas ás novas realidades (aparición de novos conceptos, denominacións recomendadas que na práctica non se usan...) e a difundir o máis axiña posible os resultados desas revisións.

Neste proceso circular –que se coñece co nome de *actualización*– os docentes e investigadores tamén teñen reservado un lugar importante, xa que detectan rapidamente os cambios que acontecen nas súas especialidades, observan as implicacións lingüísticas que estes tiveron nas sociedades veciñas e poden propor e difundir solucións que permitan adaptar a lingua a eses cambios.

2.1.2. O papel dos servizos lingüísticos⁴

Un servizo lingüístico defíñese (Cabré, 1991) como unha unidade de traballo que actúa dentro dun organismo complexo, co fin de organizar e resolver todas as necesidades lingüísticas deste, tanto en relación coas linguas que emprega como sobre os modelos lingüísticos que serven para elaborar os documentos de traballo e para regular desde o punto de vista lingüístico as súas comunicacións co interior e o exterior.

Nas páxinas anteriores vimos que as necesidades terminolóxicas teñen unha relevancia especial no ámbito universitario, e que as universidades que decidan organizar de forma planificada os usos das linguas no seu interior deben dedicar parte dos seus esforzos á planificación terminolóxica. Xa que logo, é evidente que un servizo lingüístico universitario terá que intentar enfrentarse de forma planificada ao labor terminolóxico que deba realizar.

³ Incluso o acceso a fontes en portugués é tamén bastante complicado en moitas áreas de especialidade.

⁴ Esta parte da exposición é unha reelaboración actualizada do relatorio «A planificación das actividades terminolóxicas: o exemplo do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela» (véxase Rodríguez Rio e Suárez Recous, 2004).

En condicións ideais, este achegamento planificado debe atender a sete vertentes (Auger, 1986; Cabré, 1992):

1. Planificación.

Proceso de avaliación previa, coordinación e xestión dos recursos materiais e humanos de que se dispón.

2. Investigación

Presenta unha vertente teórica –estudos sobre o funcionamento dos termos na lingua e na sociedade que a usa– pero tamén aplicada –elaboración de traballos terminográficos.

3. Normalización

Estandarización de termos ou de regras co obxectivo de fixar formas de referencia.

4. Difusión

Extensión da terminoloxía estandarizada entre os seus potenciais usuarios a través das vías e soportes axeitados a cada caso.

5. Implantación

Medidas de tipo dinamizador que contribúan a asentar a terminoloxía proposta nos usos reais dos especialistas.

6. Avaliación

Control do cumprimento dos obxectivos prefixados para determinar se é posible manter os métodos de traballo ou se cómpre reformulalos.

7. Actualización

Adaptación dos termos e dos produtos terminolóxicos aos cambios que acontecen no contorno no que se empregan.

Pero o realismo obriga sempre a adaptar ese marco ideal ás particularidades e limitacións que impoñen o contexto de traballo e o tipo de actividade –sistématica ou puntual⁵ que se realice.

O Servizo de Normalización Lingüística da USC realiza tanto traballo sistemático (desde 1993 elaborou e publicou 10 vocabularios técnicos) como puntual (desenvolve un labor continuo de resolución de dúbidas formuladas por membros da comunidade universitaria ou detectadas na área de Asesoramiento Lingüístico do propio Servizo). E para cada unha delas é preciso axustar de forma diferente o modelo xenérico de planificación indicado máis arriba.

⁵ Por *traballo terminográfico sistemático* enténdese aquel que determina os conceptos e os termos dunha área de especialidade ampla e que se plasma normalmente na elaboración dun diccionario ou dun glosario. O *traballo terminográfico puntual* ocúpase de investigar un termo illado ou un pequeno conxunto de termos dunha mesma área temática.

- A organización do traballo terminográfico sistemático

As primeiras decisións que cómpre tomar son de corte planificador e consisten en recoller, estudar e valorar posibles proxectos de traballo para determinar cal ou cales se deben abordar prioritariamente. Estes proveñen de análises realizadas no propio SNL (normalmente na área de Dinamización) ou da iniciativa de persoas ou entidades externas (comisións de normalización lingüística, asociacións de estudiantes, particulares...).

A elección dun ou doutro proxecto vese condicionada por factores pragmáticos como:

- Que o vocabulario poida contribuír a aumentar o uso do galego nun ámbito socioprofesional concreto (área de especialidade, centro, departamento...). Para iso é relevante saber se os especialistas senten que as carencias terminolóxicas condicionan os seus usos lingüísticos⁶. Tamén se analiza a cantidade e calidade de bibliografía accesible en galego para esa área, para determinar se as posibles carencias indicadas son reais ou derivan dun coñecemento incompleto dos recursos existentes. Igualmente, tense en conta a existencia ou inexistencia doutros proxectos en curso centrados sobre o mesmo dominio especializado⁷.
- A relevancia obxectiva que a área en cuestión teña no contorno da USC e no proceso de elaboración do corpus do galego. Evidentemente, tanto maior sexa esta maior será o interese do SNL por contribuír ao seu desenvolvemento terminolóxico.
- A análise do contexto material e lingüístico do centro destinatario Como moitos dos vocabularios buscan explicitamente cubrir as necesidades dunha titulación concreta, a situación sociolingüística do centro no que se imparte debe ser un elemento de análise. Así, pode decidirse que centros nos que o uso do galego é moi baixo non están «maduros» para iniciativas como as terminolóxicas, que se centran na mellora da calidade lingüística, e que neles cómpre priorizar actuacións máis directamente orientadas a acadar o cambio lingüístico⁸.

⁶ Datos como que a elaboración do vocabulario fose solicitada por unha comisión de normalización lingüística sérvennos como indicador dese sentimento.

⁷ O Rexistro de Proxectos Terminológicos <<http://www.usc.es/snlus/rexistro.htm>> é un espazo web creado con ese obxectivo. Nel calquera persoa ou entidade pode informarse ou informar a outros das iniciativas que desenvolve, tanto na vertente aplicada –dicionarios, vocabularios, glosarios...– como na teórica –estudos, teses, proxectos de fin de carreira... O Rexistro recolle únicamente a información que as persoas responsables dos proxectos desexan incluir, polo tanto, só será unha fonte de información exhaustiva e actualizada, se conta coa colaboración dos verdadeiros axentes do traballo terminográfico en Galicia.

⁸ As cuestións citadas nos tres apartados precedentes analízanse nos «estudos-diagnóstico» que a área de Dinamización do SNL vén elaborando sobre a situación sociolingüística dos diversos centros da USC.

- Que se conte con especialistas dispostos a participar no vocabulario
Unha cuestión tan pragmática convértese en fundamental, pois incide na capacidade efectiva de realizar os traballos. Por moi interesante que sexa un proxecto de vocabulario non se vai poder emprender de non existiren expertos interesados en colaborar; e ao revés, outros menos significativos poden desenvolverse se se constitúe un equipo de expertos disposto a levalo a porto coa coordinación e o apoio lingüístico do SNL.

A combinación destes catro criterios provoca unha casuística moi diversa que impide establecer *a priori* un protocolo estrito que aclare qué proxectos se van realizar e cáles non. Con todo, desde o SNL tendemos a optar pola flexibilidade á hora de aceptar a realización dun traballo terminográfico sempre que teña un interese mínimo e contribúa á modernización terminolóxica dalgunha área especializada do galego.

Para o proceso de investigación terminolóxica propiamente dito, tomamos como referencia as indicacións de metodoloxías elaboradas para contextos semellantes ao noso (Auger e Rousseau 1978; Termcat, 1990; Pavel e Nolet, 2001). Porén, en certos casos estas deben adaptarse debido ás limitacións derivadas do in completo proceso de elaboración do galego⁹.

Neste proceso, o SNL reserva para si fundamentalmente dúas tarefas:

1. Constituír os equipos de traballo, formados por especialistas –case sempre docentes e investigadores da USC– e lingüistas –persoal do propio SNL ou profesionais alleos a el–, coordinados nas distintas etapas do proceso, e realizar determinados traballos de apoio informático e documental (adadaptación de software, busca de bibliografía...).
2. Propor e consensuar co equipo unha metodoloxía de traballo, e facer un seguimento que garanta que esta se respecta durante o proceso de elaboración.

Outra vertente da planificación terminolóxica que é prioritaria para o SNL é a difusión, tanto dos produtos elaborados (vocabularios, léxicos...) como de información sobre eles.

As accións de divulgación de información comezan incluíndo o proxecto de traballo no Rexistro de Proxectos Terminolóxicos, e continúan –xa cos produtos rematados– con presentacións públicas e informacións na prensa comercial e na editada polo propio SNL (os boletíns *O Cartafol* e *O Cartafol dixital* <<http://ocartafol.usc.es>>).

⁹ Por exemplo, a escasa presenza de documentación técnica en galego nalgúnsas áreas de especialidade obriga a darlle ás fontes orais, aos textos traducidos ou á neoloxía un peso como vías de documentación e elaboración da terminoloxía que supera o que xenericamente se recomenda.

Con todo, o esforzo céntrase na distribución dos traballos realizados. Para iso, editáñse e distribúñense de balde entre 2 000 e 3 000 exemplares¹⁰ segundo as tiraxes, entre os membros da comunidade universitaria da USC, os servizos lingüísticos galegos e os doutras universidades españolas.

As limitacións da edición en papel (número de exemplares, difícil actualización, custo elevado%) leváronnos a apostar decididamente pola Internet como vía alternativa de difusión de terminoloxía. Así, hoxe é posible consultar e descargar todos os vocabularios do SNL desde o enderezo <<http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm>>; pero ademais, desde calquera ordenador conectado á rede de datos da USC pode accederse ao bUSCatermos <<http://www.ti.usc.es/buscatermos>>. Trátase dunha interface de procura que permite a consulta simultánea en toda a produción terminográfica sistemática e puntual realizada no SNL, así como nun corpus de máis de 20 diccionarios e vocabularios técnicos galegos, chegando todo o conxunto aos 125000 rexistros e ás 150 000 denominacións galegas.

As outras vertentes da planificación terminolóxica ocupan un lugar moi secundario nas actividades do SNL, ben por quedaren fóra do seu ámbito de actuación, ben por non contarmos con recursos materiais e humanos para enfrentarse a elas:

- A capacidade de avalar normativamente a terminoloxía galega (actividade normalizadora) corresponde exclusivamente á Real Academia Galega e ao Servizo Galego de Terminoloxía (Termigal).
- As iniciativas de fomento da implantación limitánse ao emprego das terminoloxías elaboradas no labor diario da área de Asesoramento Lingüístico do SNL. Pero tamén é certo que dalgunha maneira as accións de difusión posúen unha vertente implantadora: dar a coñecer unha terminoloxía é condición *sine qua non* para que se estenda o seu uso.
- A avaliación da elaboración, da difusión e da implantación dos vocabularios só podemos realizala por vías indirectas (número de exemplares distribuídos, volume de descargas dos produtos accesibles por Internet, presenza da terminoloxía proposta en determinada documentación...) xa que o SNL non ten capacidade de emprender investigacións específicas sobre esta cuestión, do tipo das realizadas en Francia ou no Quebec, por exemplo.
- A actualización dos materiais en papel é unha tarefa difícil, lenta e cara, fronte ao que ocorre traballando sobre soportes electrónicos. Por iso, os nosos esforzos céntranse na revisión e na actualización da terminoloxía que se ofrece a través de bUSCatermos, co fin de eliminar termos que actual-

¹⁰ Ademais, entrégasenlle á Administración autonómica de 1 000 a 2 000 para que os difunda a través das súas propias redes.

mente non se consideran adecuados e de evitar incoherencias entre as solucións ofrecidas polos distintos traballos que nel se integran.

- A organización do traballo terminográfico puntual

Este subtípo do traballo terminográfico presenta unha serie de particularidades teóricas e prácticas que agrandan a distancia que existe entre o modelo ideal de planificación e a aplicación que del se pode facer no día a día¹¹.

Así, se a decisión de elaborar un dicionario ou un vocabulario técnico podía ser obxecto de planificación, a actividade puntual xorde case sempre condicionada por unha acción externa (unha consulta, unha colaboración coa área de Asesoramento...) á que cómpre darlle resposta. Pero ademais esta debe proverse en moi pouco tempo (horas, ou como moito uns poucos días), o que limita a capacidade de afondar na investigación que se realiza.

As propias características das cuestións que se formulañ engaden máis dificultade ao traballo, pois poden versar sobre calquera aspecto dos termos (forma da denominación, determinación exacta do concepto, relación entre diversas denominacións...). Por riba, adoitan tratar sobre conceptos moi especializados e pertencentes ás más diversas áreas de coñecemento.

Todo o anterior converte en fundamental contar co asesoramento case inmediato dun amplo grupo de especialistas, tanto para achegar información técnica, como para valorar a proposta terminolóxica que se pretende dar como resposta. Para cubrir tal necesidade, o SNL puxo en marcha USC-Lexiterm <<http://www.listas.usc.es/listas/usc-lexiterm.html>>, unha rolda electrónica especializada en terminoloxía na que participan actualmente máis de 150 profesionais das distintas disciplinas que se imparten na USC, e que actúa como un comité de expertos ao que lles formulamos as nosas dúbidas e que, pola súa parte, tamén nolas presentan a nós.

A investigación en si debe convivir coas limitacións devanditas e coa escaseza de materiais metodolóxicos dispoñibles. Porén, neste caso contamos con un especificamente pensado para a problemática do galego (Rodríguez Río, 2003), que usamos como método de referencia, coas adaptacións que cómpren en cada caso.

Unha vez que a investigación remata a proposta de solución remíteselle á persoa consultante a non ser que nos ofreza dúbidas. Nese caso preséntase previamente en USC-Lexiterm, ou noutras roldas relacionadas coa terminoloxía galega¹² para escoitar opinións sobre ela.

¹¹ De feito, as vertentes normalizadora, implantadora, avaliadora e actualizadora volven recibir unha atención secundaria polas razóns xa indicadas. Non insistiremos máis sobre esta cuestión e limitarémonos a describir as tarefas que conforman a estrutura do traballo puntual.

¹² Referímonos fundamentalmente á rolda Terminoloxía, do Consello da Cultura Galega, <<http://www.consellodacultura.org/interaccion/foros/terminoloxia.php>> e a Tradgal <<http://www.elistas.net/lista/tradgal>>.

A difusión é tamén aquí unha das preocupacións fundamentais. Por iso, intentamos dar a coñecer as nosas propostas terminolóxicas puntuais por varias vías:

- a través do uso que dela faga a persoa que formulou a consulta que puxo en marcha a investigación
- a través da rolda USC-Lexiterm
- engadindo o termo ao bUSCatermos, de xeito que fique accesible para ser consultado, valorado, cuestionado, emendado... por todos os usuarios.
- a través de «Un idioma preciso» <<http://www.canalciencia.com/faladoiro/index.htm>>

Trátase dun espazo que o SNL mantén no sitio web de divulgación científica *Canalciencia* <<http://www.canalciencia.com>>, no que comentamos quincenalmente algúun termo galego que veña recibindo unha denominación inadecuada ou ambigua, que non se defina con precisión nos traballos lexicográficos e terminográficos etc.

3. CONCLUSIÓNS

O ámbito universitario debe ser un contorno prioritario para o desenvolvemento dunha planificación das actividades terminolóxicas, aínda que iso non quere dicir que a planificación lingüística deba ser unicamente planificación terminolóxica.

Esta planificación debería ser capaz de implicar o PDI no proceso de elaboración e difusión de terminoloxía, dotándoo da formación necesaria para crear termos galegos de calidade e fomentando a aparición de situacions comunicativas (o proceso de ensino-aprendizaxe e da publicación de resultados de investigación) a través das cales estes termos puidesen divulgarse.

Os servizos lingüísticos das universidades deben desenvolver esta planificación desde o punto de vista técnico, contribuíndo á elaboración e á difusión dos termos creados e actuando tamén como asesores especializados en materia de terminoloxía para calquera membro da comunidade universitaria.

REFERENCIAS

- Auger, P. e L.-J. Rousseau (1978) *Méthodologie de la recherche terminologique*. Québec: Office de la Langue Française, Service des Travaux Terminologiques. Manexouse a edición española de M. Teresa Cabré: *Metodología de la recerca terminològica*. Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya, 1984.
- Auger, P. (1986): «La francisation et la terminologie: l'aménagement terminologique». *Termia 84: Terminologie et coopération internationale*, ed. por G. Rondeau e J.-C. Sager. Québec: Girsterm.
- Cabré i Castellví, T. (1991): «Os servicios lingüísticos: definición e estructura». *Cadernos de lingua*, 4: 141-150.
- Cabré i Castellví, T. (1992): *La terminología. La teoría, els mètodes, les aplicacions*. Barcelona: Empúries.
- Cabré i Castellví, T. (1998): «À propos de la notion de qualité en terminologie». *La banque des mots*, núm. especial 8: 7-34.
- Gallardo San Salvador, N. (1996): «¿Qué papel juega la terminología en la formación de traductores?». *Terminómetro*, núm. especial 1996 (La terminología en España): 59-60.
- García Conde, S. e I. Vaquero Quintela (1996): «Os servicios de normalización lingüística: propostas básicas de funcionamiento». *Cadernos de lingua*, 14: 101-116.
- Guitián Rivera, X. (coord.) (2002): *Vocabulario de química*. Santiago de Compostela: Servizo de Normalización Lingüística da USC.
- Haugen, E. (1983): «The implementation of Corpus Planning: Theory and Practice». *Progress in Language Planning. International Perspectives*, ed. por J. Cobarrubias e J. Fishman. The Hague: Mouton. 269-289.
- Lerat, P. (1995): *Les langues spécialisées*. Paris: Presses Universitaires de France.
- Masa Vázquez, X. M. e A. B. Fortes López (coord.) (1995): *Vocabulario de matemáticas*. Santiago de Compostela: Servizo de Normalización Lingüística da USC.
- Maurais, J. (1993): «Terminology and language planning». *Terminology. Applications in interdisciplinary communication*, ed. por H. Sonneveld e K. Loening. Amsterdam/Philadelphia, John Benjamins. 111-125.
- Pavel, S. e D. Nolet (2001): *Manual de terminología*. Versión española. [Consulta en líña.] Ministère des Travaux publics et Services gouvernementaux du Canada <http://www.translationbureau.gc.ca/pwgsc_internet/fr/publications/gratuit_free/man_termino_f.htm>. [Consulta: 26/12/2005].

- Reyes Oliveros, F. e C. García González (dir.) (2002): *Diccionario galego de termos médicos*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.
- Rodríguez Neira, M. (coord.) (1998): *O idioma na Universidade de Santiago de Compostela. (Resultado dun inquérito realizado no curso 1995-96)*. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega-Servizo de Normalización Lingüística da USC.
- Rodríguez Río, X. (2003): *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega <<http://www.consellodacultura.org/mediateca/publicaciones/metodoloxia.htm>> [Consulta: 26/12/2005].
- Rodríguez Río, X. e S. Suárez Recouso (2004): «A planificación das actividades terminolóxicas: o exemplo do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela». Actas del VI Congreso de Lingüística General. Universidade de Santiago de Compostela, maio de 2004 [no prelo].
- Termcat (1990): *Metodología del treball terminològic*. Barcelona: Departament de Cultura de la Generalitat de Catalunya.
- Vilalta López, R. e J. J. Guillín Fraga e A. Varela Caamaño (2005): *Dicionario de física*. A Coruña: Baía Edicións.

Estratégia para a habilitaçom em galego das línguas especializadas científico-técnicas

CARLOS GARRIDO

Universidade de Vigo/Comissom Lingüística da AGAL

1. INTRODUÇOM

Já nas primeiras tentativas de definiçom de *língua especializada*, os estudiosos do campo assinalavam a importânciam dos componentes lexical e morfossintáctico na constituiçom dos códigos da comunicaçom especializada:

[Fachsprache ist] das Mittel einer optimalen Verständigung über ein Fachgebiet unter Fachleuten; sie ist gekennzeichnet durch einen spezifischen Fachwortschatz und spezielle Normen für die Auswahl, Verwendung und Frequenz gemeinsprachlicher lexikalischer und grammatischer Mittel; sie existiert nicht als selbständige Erscheinungsform der Sprache, sondern wird in Fachtexten aktualisiert, die außer der fachsprachlichen Schicht immer gemeinsprachliche Elemente enthalten.¹ (Schmidt, 1969: 18, apud Fluck, 1996: 14, 15)

Mit dem Begriff “Fachsprache” beziehen wir uns auf die Gesamtheit der sprachlichen Mittel, die auf unterschiedlichen Ebenen (der lexikalischen, morphologischen und syntaktischen) dazu beitragen, fachliche Inhalte und Aussagen zu realisieren und anderen Sprachteilnehmern zu vermitteln.² (Gerbert, 1970: 14)

¹ «[A língua especializada é] o meio para um óptimo entendimento num âmbito de conhecimento especializado e entre especialistas, caracterizado por um vocabulário específico e normas especiais referentes à selecçom, utilização e freqüênciam dos recursos lexicais e gramaticais da língua comum, que non existe como manifestaçom autónoma da língua, antes ele é actualizado nos textos especializados, os quais, além do estrato correspondente à língua de especialidade, contêm sempre elementos da língua comum.» (trad. Carlos Garrido).

² «Com o termo *língua especializada* referimo-nos ao acervo dos meios lingüísticos que, a diferentes níveis (lexical, morfológico e sintáctico), possibilitam a articulaçom de conteúdos e enunciados especializados e a sua transmissom a outros participantes na comunicaçom.» (trad. Carlos Garrido).

Com o progredir da investigaçom sobre as línguas especializadas, tem vindo a reconhecer-se que, para além do léxico e da morfossintaxe, outros ámbitos expressivos, como o da estruturaçom textual, o dos elementos paralingüísticos e o dos recursos extralingüísticos, som igualmente constitutivos e caracterizadores dos textos especializados. Por conseqüênci, neste trabalho partimos de que todo o texto dos campos da Matemática, das Ciências Naturais e da Técnica pode ser caracterizado por umha série de traços atinentes à sua estruturaçom textual (género textual e suas convençons), morfossintaxe, léxico, elementos paralingüísticos (tipografia, quantificaçom, sistemas nomenclaturais e de notaçom) e recursos extralingüísticos (iconografia, diagramaçom textual), que, em conjunto, constituem a correspondente *língua especializada*.

No entanto, de todos estes componentes textuais, os recursos lexicais (terminologia) e os morfossintácticos, por esta ordem, som, em geral, os mais específicos, característicos e universais das línguas especializadas, e também os que mais sujeitos estám à variaçom interlingüística, polo que eles se constituem em domínios críticos para umha habilitaçom ou disponibilizaçom de tecnolectos que, como no caso do galego-português da Galiza —língua socialmente minorada—, deva subtrair-se a fenómenos de interferênci induzíveis por umha língua socialmente supraordinada (no nosso caso, o castelhano).

No actual contexto de alargamento funcional do galego, visando oferecer orientaçom sobre a melhor estratégia para habilitar hoje nesse idioma as línguas especializadas (técnico-científicas), o presente trabalho centra-se na importante esfera do léxico e apresenta, em primeiro lugar, umha análise, executada mediante exemplos ou casos representativos, da incidência de *processos degradativos* e *atitudes nom regeneradoras* sobre o actual léxico galego; em segundo lugar, e a modo de conclusom, som aqui explicitadas as medidas necessárias para habilitar em galego, do modo mais natural, económico e funcional, o léxico das diferentes línguas especializadas (da Matemática, das Ciências Naturais e da Técnica)³.

2. PANORAMA DA DEGRADAÇOM LEXICAL DO GALEGO: MANIFESTAÇONS DO PROBLEMA

Com o intuito de se realizar umha aproximaçom ao fenómeno da degradaçom do léxico galego e à sua incidênci sobre a constituiçom das correspondentes línguas especializadas, a seguir oferece-se umha amostra constituída por dez exemplos de situaçons de uso ou desempenho lexical, a qual, já à partida, patenteia a natureza —diversa— e a intensidade

³ A habilitaçom em galego da morfossintaxe das línguas especializadas (técnico-científicas) deve fazer face a processos degradativos similares aos defrontados pola habilitaçom lexical. Sobre este assunto, cf. Garrido (2005).

—elevada— da disfuncionalidade e descaracterizaçom que na actualidade padece o léxico do galego-português da Galiza.

Os processos degradativos que hoje afligem o léxico galego, os quais som ilustrados nos exemplos que seguem, podem conceituar-se (Garrido, 1999; Garrido e Riera, 2000: 20-34) como *variaçom sem padronizaçom, substituiçom, erosom, estagnaçom e suplênciâ*. Dentre eles, os que incidem de modo mais intenso sobre a expressom especializada som a variaçom sem padronizaçom e a estagnaçom e suplênciâ.

Exemplo 2-1: angala ~ gala ~ galada ~ galagem ~ galaja ~ garnela ~ guelra ~ guerla

- a) Um investigador galego do campo da piscicultura deseja escrever em galego a sua tese de doutoramento, para o que precisa de empregar continuamente um termo patrimonial, alternativo ao helenismo *bránquia*, que designe o ‘órgao respiratório dos peixes (vertebrados aquáticos), que capta o oxigénio dissolvido na água e que tem o aspecto dos dentes de um pente’. Com esse significado, na Galiza, segundo as regions, registam-se, entre outras, as vozes (cf., p. ex., Ríos Panisse, 1977: 155-157; Pousa Ortega, 2002: 253; García, 1985; Alonso Estraviz, 1995) *angala, gala, galada, galagem, galaja, garnela, guelra e guerla*⁴, as quais som perfeitamente sinónimas entre si (geossinónimos). Qual destes vocábulos deverá entom utilizar o biólogo? O presente na fala da sua comarca? Umha resposta inteligente seria: «Nom necessariamente, claro, pois, em tal caso, a designaçom desse conceito, e a de muitos outros, variaria nos textos (especializados) escritos em galego de redactor para redactor, dependendo da sua proveniênciâ geográfica.». Interessaria, portanto, utilizar a variante geográfica reconhecida pola generalidade dos utentes cultos da língua e socialmente consagrada como supradialectal. Qual essa voz supradialectal? PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Para designar o conceito em causa (e muitos outros), hoje em dia, em território galego, som utilizados vários (muitos) geossinónimos diferentes, e o redactor médio ignora qual das denominaçons é a comum ou supradialectal, a que deve utilizar num (con)texto formal⁵.
- b) A última ediçom (1997, reimpressom em 1998) do *Diccionario da Real Academia Galega* (DRAG) —o qual, para os utilizadores da normativa ortográfica e morfológica da Real Academia Galega e do Instituto da Lingua Galega (1982; última reforma: 2003), constitui obra fundamental de

⁴ Quando neste ensaio forem enunciadas séries de vocábulos que representam variantes geográficas (geossinónimos), a ordem em que eles aparecem é a alfabetica.

⁵ No caso que nos ocupa, por exemplo, as vozes supradialectais correspondentes (mas, com certeza, nom as únicas registadas nos respectivos domínios geográficos!) em castelhano, inglês e alemám som, respectivamente, *agalla, gill e Kieme*.

referência— inclui, como vozes patrimoniais com o significado aduzido, as formas *gala* (s.v. *gala*₂), *galada*, *guelra* e *guerla*. Deste modo, ao ter excluído das suas páginas, entre outras, as variantes *angala*, *galagem* e *galaja*, o DRAG contribui aqui à simplificaçom e à delimitaçom da denominaçom supradialectal. No entanto, apesar da selecçom de variantes efectuada, o DRAG desiste de indicar a correspondente voz supradialectal (única), pois, para começar, ele inclui, como dixemos, quatro geossinónimos, e, além disso, entre eles nom estabelece mais prelaçom que a de priorizar *guerla* sobre *guelra*⁶.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Regista-se inibiçom por parte dos agentes codificadores do galego hoje autorizados polo poder autonómico (RAG-ILG) perante o fenómeno da freqüente existênciade geossinónimos, pois, na sua obra lexicográfica de referênciia (o DRAG), eles nom estabelecem em cada caso a forma supradialectal, nem oferecem qualquer indicaçom praticável para seleccioná-la.

- c) A última ediçom (2004) do *Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega* do Instituto da Lingua Galega e da Real Academia Galega (VOLGA) —o qual representa, para os utilizadores da normativa RAG-ILG, umha obra de referênciia complementar do DRAG— inclui, com o significado de ‘órgao respiratório dos peixes, bránquia’, e para além dos geossinónimos do DRAG (com a priorizaçom de *guerla* sobre *guelra*), também *galaja* (s.v. *galaxa*).

TERCEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Neste caso (e noutrios, como se verá), no seio da normativa RAG-ILG regista-se discordânciia quanto à selecçom de geossinónimos entre as duas obras de referênciia no campo do léxico (o DRAG e o VOLGA)⁷.

*Exemplo 2-2: (fenestra ~) fiestra ~ janela (~ jinela) ~ *ventá (~ *ventám ~ *ventana)*

O professor propom aos estudantes como exercício de traduçom verterem para galego o conto de Julio Cortázar “La isla a mediodía”. Numha das primeiras linhas desta narrativa figura o segmento «[...] cuando en el óvalo azul de la ventanilla [do aviom] entró

⁶ Neste caso, como noutrios muitos, o critério que levou os compiladores do DRAG a excluirem da “normatividade” umhas variantes geográficas, e a incluirem nela outras, nom fica claro nem é reproduzível. Igualmente, qual seja aqui o critério aplicado para priorizar *guerla* sobre *guelra* (decisom esta, por sinal, rupturista com o luso-brasileiro, no qual a forma supradialectal é a mais etimolóxica, i. é, *guelra*) também permanece na obscuridade, pois critérios tradicionalmente invocados, como a maior representaçom demográfica na Galiza, a maior presenza na literatura ou a estrutura morfológica da palavra nom se revelam aqui operativos.

⁷ Dentro da normativa RAG-ILG, também o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (abrev.: GDXL) renuncia a indicar a forma supradialectal neste e noutrios casos de concorrênciia de geossinónimos (com o significado de ‘bránquia’ este dicionário inclui ao mesmo nível *gala*, *galada* [que prioriza sobre *angala*], *galaja* [que prioriza sobre *galagem*] e *guerla* [que prioriza sobre *guelra*]).

el litoral de la isla». Nas versons dos estudantes (c. 30), unificando a ortografia, estas som as formas em que apareceu restituída a palavra castelhana *ventanilla* (*de un avión*): *fiestra*, *fiestrinha*, *janela*, *janelinha*, *ventá*, *ventaninha*. Portanto, fôrom aqui utilizadas até seis soluções diferentes!⁸

É claro que este polimorfismo designativo nom pode considerar-se enriquecedor, e sim disfuncional, pois, como acontecia no exemplo anterior, todas as vozes em presença som sinónimas perfeitas entre si. Aqui, a fonte da dispersom designativa é de natureza dupla: por um lado, aprecia-se umha variaçom de lexemas devida à concorrência de vários geossinónimos que se distribuem de modo disjunto polo território galego (*fiestra* ~ *janela* ~ *ventá*), sem que nengum deles tenha sido socialmente consagrado como supradialectal (ou, correlativamente, rejeitado da língua formal, ou preterido nela, enquanto dialectal); por outro lado, perante a necessidade de referir umha realidade moderna e relacionada com a técnica (transporte aeronáutico), para a qual nom foi gerada autonomamente em galego qualquer denominaçom, alguns alunos optam por decalcar a estrutura morfológica da correspondente denominaçom castelhana (incorporando à raíz um sufixo diminutivo, como *-inha*), enquanto outros alunos se inclinam a utilizar algumha das formas simples, desprovidas de sufixo (como fai o luso-bras.: *janela* [do aviom]).

Neste caso é importante constatar que se, para que se tenha dado a dispersom designativa descrita, som condiçons necessárias a variaçom geográfica e a estagnaçom do léxico galego, elas, por si sós, nom representam condiçons suficientes, já que a essas circunstâncias deve ainda somar-se a *inibiçom* dos agentes codificadores até hoje autorizados polo poder autonómico, os quais, nas suas obras lexicográficas de referência, nem tenhem até agora indicado qual seja o geossinónimo supradialectal para designar a ‘abertura praticada numha parede para deixar passar a luz e o ar’, nem tenhem habilitado umha denominaçom específica para designar o conceito moderno que aqui nos ocupa. Assim, tanto o DRAG como o VOLGA (e também o GDXL) incluem com a mesma consideraçom *fiestra*, *janela* e *ventá*, e tam só excluem, dentre as mencionadas, as variantes *fenestra*, *jinela* e *ventám*⁹. Além disso, o conceito ‘abertura lateral de um veículo’ nom aparece no DRAG atribuído de modo específico a nengumha voz e, se bem que ele pudesse entender-se incluso (com bastante dificuldade!) no verbete encabeçado por *ventá* («**1.** Abertura nunha parede ou noutra superficie para deixar pasa-la luz e o aire. *Abriron díás ventás na planta*

⁸ Estas, no entanto, ainda nom esgotam todas as possíveis (!), pois, junto com *fiestra*, também foi registada no galego espontâneo (actual) a forma sinónima *fenestra* (cf. García, 1996: 108; também é provável que existam as variantes, derivadas do mesmo étimo, *festra* e *fresta*), e, junto com *janela*, também *jinela* (cf. Forneiro, 2004: 96). Por outro lado, a voz *fiestra* é utilizada nalgumhas regions da Galiza (cf. Rivas Quintas, 1988, 2001: s.v. *fiestra*) com o significado que ela (~*fresta*) tem em luso-br. padrom (‘janela pequena, estreita’, ‘seteira’).

⁹ As formas *ventá* e *ventám* mesmo poderiam e deveriam ser rejeitadas como castelhanismos (substitutórios), da mesma forma que nas obras lexicográficas actuais o é, unanimemente, *ventana* (cf. García, 1996: 108).

baixa. 2. Peza que cerra esa abertura e que está formada de vidros suxeitos por un marco de madeira ou doutro material.», sublinhado nosso)¹⁰, levando em conta a estagnacón e a suplêncía que sofre o léxico galego, a explicitaçom da designaçom desse conceito próprio do mundo moderno parece na verdade indispensável. Portanto, a sua falta leva necessariamente a considerarmos que o DRAG se inibe e *nom* postula qualquer denominaçom para o conceito em causa¹¹.

Para completarmos o presente quadro de ineficácia lexical, consideremos agora o conceito anatómico, zoológico e médico ‘abertura oval no ouvido interno, fechada pola base do estribo’, o qual é designado em luso-brasileiro por *janela oval* ou por *janela vestibular*, e em castelhano por *ventana oval* ou por *ventana vestibular*. Este conceito, como muitos outros especializados e cultos, *nom* é registado no DRAG, mas sim, por sinal, no *Dicionario Galego de Termos Médicos* da “Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia” (Reyes Oliveros e García González, 2002), obra que se sujeita às prescriçons da normativa RAG-ILG, e que foi codirigida por um conspícuo membro da RAG (o Dr. Constantino García) e revista polo Seminário de Lexicografía da RAG. Com efecto, neste dicionário especializado sim consta o conceito em causa, aparecendo adscrito à voz *ventá* (sob as formas terminológicas *ventá oval* e *ventá vestibular*). Ora, o surpreendente do caso é que, para tal designaçom, este dicionário *nom* considere nem *fiestra* (voz que nele *nom* aparece registada), nem *janela* (s.v. *xanela* encontra-se apenas a definiçom «Ventá pequena ou, por extensión, calquera abertura ou oco de pequeno tamaño.», sublinhado nosso!).

Em resumo, no presente exemplo podem apreciar-se até seis manifestaçons da degradaçom lexical do galego:

PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Com o significado de ‘abertura praticada numha parede para deixar passar a luz e o ar’, na *fala espontânea*¹² concorrem

¹⁰ Ainda mais dificultoso, para *nom* dizer impossível, se revela entendermos como incluso na esfera semántica de *fiestra* ~ *janela* ~ *ventá* o conceito ‘abertura lateral de um veículo’ ao consultarmos no DRAG as vozes *fiestra* e *xanela* (cujas definiçons *nom* coincidem exactamente com a de *ventá*): «**fiestra**: 1. Abertura na parede para deixar entra-lo aire e a luz, xeralmente cerrada con vidros.», «**xanela**: 1. Abertura feita nunha parede para deixar pasa-la luz e o aire.».

¹¹ Polo contrário, o *Dicionário da Língua Portuguesa Contemporânea* da Academia das Ciências de Lisboa (DACL) sim explícita, s.v. *janela* (3.^a acepçom), este conceito moderno: «1. Abertura na parede de um edifício, com a função de nele deixar entrar a luz e o ar. [...] 3. Abertura semelhante, coberta com vidraça móvel ou fixa, em automóveis, comboios, aviões...».

¹² Adscrevemos à *fala espontânea* aqueles usos lingüísticos do galego, próprios em geral de falantes de língua materna galega, que tenhem carácter coloquial, que *nom* som influídos por qualquer modelo de correcçom nem están sujeitos a qualquer regulaçom formal, polo que eles apresentam umha grande freqüêncía de castelhanismos lexicais (menos freqüentes som aqui as interferências fonológicas e morfossintácticas induzidas polo castelhano). Na actualidade, som produtores constantes de galego espontâneo (*falantes espontâneos*) a maior parte dos falantes de galego que *nom* recebêrom instruçom em língua e literatura galegas durante o ensino primário ou secundário (hoje, todos os maiores de 40 anos) e, ainda, infelizmente, e por causas sociolingüísticas e psicolingüísticas, também muitos galegófonos jovens que *sim* recebêrom instruçom formal em galego.

vários geossinónimos (*fenestra* ~ *fiestra* ~ *janela* ~ *jinela* ~ **ventá(m)* ~ **ventana*), sem que até agora se tenha consagrado socialmente nengum deles como supradialectal, o que empece qualquer comunicaçom que pretenda ultrapassar o âmbito comarcal.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Inibiçom dos agentes codificadores do galego hoje autorizados polo poder autonómico no relativo à selecçom como supradialectal de algum dos referidos geossinónimos, o que acarreta evidente ineficácia comunicativa (em contextos formais)¹³.

TERCEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Inibiçom dos agentes codificadores do galego hoje autorizados polo poder autonómico no relativo à necessária expurgaçom do castelhanismo substitutório **ventá*, o qual, de todos os geossinónimos enunciados, é hoje sem dúvida o mais freqüente na fala espontânea. Esta inibiçom contribui, naturalmente, para descaracterizar o léxico galego.

QUARTA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: O léxico do galego espontâneo nom inclui a denominaçom de um conceito pertencente ao mundo moderno e tecnificado como o da ‘pequena abertura lateral presente na cabina de passageiros de um aviом’. Daqui, naturalmente, decorre ineficácia comunicativa do galego no contexto da modernidade.

QUINTA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Inibiçom dos agentes codificadores do galego hoje autorizados polo poder autonómico perante a necessidade de se habilitarem denominaçons para conceitos próprios do mundo moderno e tecnificado. Esta circunstância, como vemos no caso da designaçom da ‘pequena abertura lateral presente na cabina de passageiros de um aviом’, conduz à ineficácia comunicativa (dispersom designativa) e à descaracterizaçom (por assimilaçom ao castelhano: **ventaninha*).

SEXTA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Umha obra lexicográfica de referênciam para os utentes da norma RAG-ILG como o *Diccionario Galego de Termos Médicos* da “Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia”, que foi revista polo Seminário de Lexicografia da RAG, ao propor *ventá oval/vestibular* como única denominaçom da ‘abertura oval no ouvido interno, fechada pola base do estribo’, contraria, de forma arbitrária e sem oferecer qualquer explicação, o critério do DRAG polo que diz respeito à selecçom dos geossinónimos em questom (pois desconsidera as formas *fiestra* e *janela*) e à atribuiçom de valor semántico à voz *janela* (que nesse dicionário médico é apresentada como tendo valor diminutivo). Estas contradicções fomentam nos utentes da normativa RAG-ILG insegurança no emprego do código e contribuem à sua castelhanizaçom (gal. **ventá* < cast. *ventana*).

¹³ Para abundar neste aspecto, considere-se a dispersom designativa que pode também gerar-se ao denominarmos em galego, sob a tutela da normativa RAG-ILG, o conceito de Informática que em ingl. recebe o nome de *window*.

Exemplo 2-3: cast. cuestión harto compleja, gal. ?

- a) Umha professora universitária está a proferir umha palestra em língua castelhana acerca de um tema da sua competênciā e, numha dada altura, para ponderar umha dificuldade defrontada na investigaçom, ela afirma: «Cuestión ésta harto compleja, sin duda...». Pergunta: qual o equivalente funcional em galego deste *harto*, advérbio intensificador, próprio de registos elevados, que determina adjetivos? Esta pergunta fai sentido, naturalmente, se se quiger introduzir o galego em ámbitos formais e prestigiados, e nom pode despacharse respondendo simplesmente que em galego nom tem por quê existir esse equivalente, porque, de facto, para o galego se constituir numha verdadeira língua de cultura, nele tem de ser possível a *plena traduzibilidade* do exprimido noutras línguas de cultura, e mais quando o é numha língua estruturalmente tam próxima do galego como o castelhano. À pergunta posta, os alunos do autor destas linhas respondērom com um silêncio de perplexidade ou recorrendo aos advérbios *mui*, *bastante* e *avondo*. Ora, as soluções galegas propostas, ainda que semanticamente próximas de *harto*, decerto nom se revelam completamente satisfatórias, já que nom correspondem ao registo elevado próprio do advérbio castelhano, mas, antes, a um plano de neutralidade expressiva ou, ainda, de coloquialismo (caso de *avondo*), polo que elas nom podem ser consideradas como verdadeiros equivalentes funcionais.
- b) Verdadeiro equivalente funcional desse *harto* castelhano no luso-brasileiro actual é o advérbio *assaz* (também presente, como arcaísmo, no cast. contemporâneo), de modo que umha restituicōm fiel em luso-br. da oraçom castelhana proposta seria «Questão esta assaz complexa, sem dúvida...». Por outro lado, e como caberia esperar-se, no galego-português da Galiza este advérbio *assaz* (ou *assás*) era conhecido e usado na época medieval, como atesta, p. ex., o verso «acheys hua campanha assás brava e crua» da composiçom de Airas Nunes que transcreve, s.v. *assás*, o *Diccionario gallego-castellano* de 1913-1928 da Real Academia Galega.

PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Como aconteceu com outras vozes próprias de registos elevados, o advérbio *assaz*, que era conhecido no galego medieval (culto), acabou por cair em desuso e nom está presente no actual galego espontâneo. Daqui decorre, portanto, umha lacuna designativa (estilística) e disfuncionalidade expressiva.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Os agentes codificadores do galego hoje autorizados polo poder autonómico inibem-se e nom restauram (nem no DRAG nem no VOLGA; também nom no GDXL) a voz *assaz* para os usos cultos, de modo que assim nom fica corrigida a correspondente ineficácia comunicativa do léxico galego.

*Exemplo 2.4: *silha (por cadeira), *aier (por ontem), *fecha (por data), *caída (por queda)*

Dependendo do falante, da sua idade, formaçom e residênciia habitual, hoje nom é raro escuitemos em galego espontâneo enunciados que, como «Sentou(-se) numha *silha*» ou, mesmo, «*Aier* nom fum ao trabalho», contenhem os castelhanismos **silha* e **aier* (formado a partir de *ayer*), os quais substituem as formas galegas genuínas e tradicionais, comuns com as luso-brasileiras, *cadeira* e *ontem*, respectivamente. Ora, nem todos os falantes espontâneos de galego fam uso na actualidade destes dous castelhanismos, e alguns (muitos?) ainda conservam as correspondentes formas tradicionais. Casos diferentes som os constituídos por *data* e por *queda* ('acto e efeito de cair'), unidades lexicais pertencentes a domínios mais formais que os das anteriores vozes¹⁴, e que na fala espontânea fôrom completamente suplantadas polos castelhanismos **fecha* e **caída*¹⁵, respectivamente.

Por outro lado, nengum dos modernos dicionários de galego registam como correctas as formas substitutórias **silha*, **aier* e **fecha*, e nengum utente culto de galego (especialmente, escritores ou redactores) as utiliza na actualidade, como nom seja para reflectir a fala coloquial espontânea (e degradada)¹⁶. Já com a voz **caída* se regista, porém, outro comportamento: o DRAG inclui-na como única voz correcta no sentido de 'acto e efeito de cair'¹⁷, enquanto que o *Dicionário da Língua Galega* de Isaac A. Estraviz (1995; abrev. DLGE), de pendor reintegacionista, embora nom deixe de incluir *caída*¹⁸, com esse significado também regista *queda*.

Por conseguinte, nos casos de **silha*, **aier*, **fecha* e **caída* achamo-nos perante fenómenos de *substituiçom* de significantes (lexemas) galegos por parte de significantes (lexemas) castelhanos que descaracterizam o galego espontâneo assimilando-o ao castelhano. Trata-se, neste caso, de substituiçons lexicais nom occasioñais e nom restritas

¹⁴ Com efeito, a voz *data* pertence, em grande parte, ao âmbito da expressom escrita e da realidade "institucionalizada", enquanto *queda* é palavra que se refere a um conceito abstracto, e a designaçom de conceitos intangíveis constitui um dos âmbitos lexicais do galego menos elaborados e que mais intensamente sofreu castelhanizaçom.

¹⁵ A este respeito, o *Estudo Crítico* da Comissom Lingüística da AGAL (AA.VV., 1989), na pág. 143, afirma: «[Caída] É outro espanholismo por *queda*. A forma medieval era *caeda*, que depois passou a *queda* (antes *queeda*), igual que as antigas *caente* e *caentar* passárom a *quente* e *quentar*.».

¹⁶ No caso concreto da substituiçom de *cadeira* por **silha*, para se completar o quadro da degradaçom lexical, também caberia falar da estagnaçom e suplênciia associadas (**silhom* em vez de *cadeira de braços* ou *cadeirom*; **silhim* em vez de *selim* [da bicicleta]) e da falta de elaboraçom (em Anatomia, *sela turca* ou *cadeira turca*?).

¹⁷ De facto, o DRAG nom contém qualquer verbete encabeçado polo lema *queda* enquanto substantivo (mas, curiosamente, sim aparece o seu plural, *quedas*, subordinado ao lema *quedo -a [adj!]!*). Nisto, como nouros casos, o DRAG é contrariado polo VOLGA, que sim inclui a voz *queda* como substantivo.

¹⁸ Nos dicionários de língua do âmbito luso-brasileiro, a voz *caída* é registada como sinónima de *queda*, mas como forma residual e marginal, de modo que, por exemplo, nos dicionários bilingües que confrontam o luso-brasileiro com outra língua, a única voz que com esse significado aparece é *queda*.

a neofalantes, mas que afectam de modo constante a fala espontânea de um número maior ou menor (até a totalidade) de utentes primários de galego. Além disso, no caso de **caída*, a substituiçom lexical (de *queda*) é mesmo consagrada polo repositório que mais utentes de galego tenhem como referência (o DRAG), de modo que ela é aceitada pola maior parte de redactores (e até de escritores) que hoje fam uso do galego.

Exemplo 2-5: lámpada, candeeiro, lustre

- a) Para denotar o utensílio eléctrico que engendra luz por incandescênciā de um filamento, e cujo protótipo industrial (lámpada eléctrica de incandescênciā com filamento de carbono, fabricada por Thomas Alva Edison) só apareceu em 1879, apenas 16 anos após a publicaçom na Galiza dos *Cantares Galegos* de Rosalia de Castro, a totalidade dos falantes espontâneos de galego (os quais ainda representam umha esmagadora maioria dos falantes de galego) empregam na actualidade a voz *bombilha*, de inequívoca proveniênciā castelhana (*bombilla*). O sufixo diminutivo *-illa* é patrimonial e produtivo em castelhano, mas nom em galego, onde a forma esperável seria **bombela* ou **bombinha* (sufixos diminutivos *-ela* ou *-inha*; cf. cat. *bombeta*).

PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: regista-se neste caso, e na totalidade dos utentes de galego espontâneo, umha descaracterizaçom ou desnaturaçom lexical, por assimilaçom ao castelhano.

- b) O DRAG inclui, com o significado aduzido —e com mui bom critério—, a voz *lámpada*, de harmonia com o luso-brasileiro (lusó-br. *lâmpada*). Ora, a habilitaçom da voz *lámpada* nom é aproveitada no DRAG para expurgar do galego culto o castelhanismo crasso *bombilha*, pois esta palavra aparece registada nessa obra como sinónimo correcto.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: O DRAG nom expurga completamente do galego culto o castelhanismo crasso (e suplente) *bombilha*, polo que se mantém, ainda no modelo formal de língua promovido pola Real Academia Galega (e polo Instituto da Lingua Galega), a descaracterizaçom lexical. De modo secundário, o DRAG, ao propor o doblete *lámpada – bombilha*, fomenta de modo gratuito um tipo de sinonímia prejudicial para a eficácia comunicativa da língua (sobretodo, em ámbitos especializados).

- c) Por seu turno, o *Gran Diccionario Xerais da Lingua* (2000; abrev. GDXL) —repositório que para os utentes da normativa RAG-ILG actua de facto como supletório ou, mesmo, como substitutivo do DRAG (v. *infra*)¹⁹, dadas as evidentes carências desta última obra (que só comprehende c. 24.000 verbetes,

¹⁹ O GDXL é, dos dicionários galegos que seguem a normativa RAG-ILG, o que maior caudal lexical abrange: c. 95.000 verbetes, segundo declararam os seus autores (se bem que entre eles se incluam algumas formas que os próprios dicionaristas consideram erradas ou alheias ao galego).

segundo declaram os seus compiladores)— repudia explicitamente, como castelhanismo evitável, a voz *bombilha* (o correspondente verbete aparece precedido de um asterisco e impresso num corpo de letra reduzido), e propom, para substituí-lo, unicamente a voz *lámpada*.

TERCEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: O GDXL, um dos dicionários de galego que hoje tem mais difusom, e o que, dentro da normativa RAG-ILG, mais léxico comprehende, contradiz o critério do DRAG no referente à denominaçom correcta em galego do ‘utensílio eléctrico produtor de luz por incandescênciā de um filamento’ (*lámpada* e/em vez de? *bombilha*), criando insegurança entre muitos utentes de galego culto.

- d) Se, conforme o DRAG, o ‘utensílio eléctrico produtor de luz por incandescênciā de um filamento’ é umha *lámpada* ou *bombilha* e se, conforme o GDXL, tal é umha *lámpada*, como é que deve ser denominado em galego o ‘aparelho que serve de suporte a umha ou mais lámpadas’? Segundo o DRAG e o GDXL, inopinadamente, também *lámpada!* (Nos dous dicionários, segunda acepçom s.v. *lámpada*).

QUARTA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Embora o DRAG e o GDXL expurguem o castelhanismo *lámpara*, generalizado na fala espontânea, e restituam *lámpada* (palavra conservada em luso-brasileiro), estas obras atribuem a *lámpada* —dobrando-se perante a degradada fala espontânea— um significado castelhanizante (o de ‘aparelho que serve de suporte a umha ou mais lámpadas’), atribuiçom que se revela claramente disfuncional²⁰. Com efeito, num estabelecimento comercial de material eléctrico ou de iluminaçom, que deverá entender o empregado quando o cliente lhe solicitar «umha lámpada»? Que eficácia e elegância comunicativas poderá encerrar o enunciado «desejo adquirir umha lámpada de dez lámpadas»? Aqui, a intervençom infeliz dos codificadores da RAG e do ILG, aliada à castelhanizaçom, fai nascer ambigüidade designativa e, portanto, disfuncionalidade no modelo de léxico culto por eles promovido²¹.

²⁰ A proposta do DRAG é funcional contanto que, com o significado de ‘utensílio eléctrico produtor de luz por incandescênciā de um filamento’, unicamente se utilize *bombilha*, e que *lámpada* se reserve para denotar em exclusivo o aparelho de suporte (ex.: «umha lámpada de cinco bombilhas»), conforme o esquema lexical castelhano, o qual aqui é, afinal, aquele a que o DRAG obedece e aquele cujo uso o DRAG promove.

²¹ Naturalmente, nas variedades socialmente estabilizadas do galego-português, lusitano e brasileiro, este problema nom existe: o utensílio eléctrico produtor de luz por incandescênciā de um filamento é umha *lámpada*, e o aparelho que serve de suporte a umha ou mais lámpadas é um *candeeiro* (em Pt.) ou umha *luminária* (no Br.). Observe-se que tanto *candeeiro* como *luminária* som também palavras conservadas no galego espontâneo (cf., p. ex., Pousa Ortega, 2002: 258), mas neste, e nos dicionários galegos que seguem o padrom RAG-ILG, as suas esferas semânticas (como acontece com as de muitas outras vozes) nom estám “actualizadas” e remetem unicamente para conceitos da cultura tradicional (agrária), nomeadamente, para um utensílio de iluminaçom próprio de tempos pretéritos, que servia de suporte a umha vela (no caso de *candeeiro*), e para umha fogueira (*luminária*).

- e) O cidadao galego culto sabe que um candeeiro (= cast. *lámpara*) de metal ou cristal suspenso do teito e provido de vários braços recebe em castelhano o nome de *araña*. Mas, qual seja a denominaçom correspondente em galego é questom a que nem a fala espontânea, pola sua estagnaçom e castelhanizaçom, nem o DRAG, polas suas limitaçons, sabem responder²².

QUINTA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Neste caso da designaçom de um tipo particular de candeeiro (que em Portugal recebe o nome de *lustre* e em cast. o de *araña*) patenteia-se a existênciade lacunas designativas no léxico do galego espontâneo e também no modelo de léxico culto que se está a socializar, lacunas que se traduzem em disfuncionalidade expressiva e em descaracterizaçom lexical, pois, perante a falta de soluçons autónomas, as necessidades designativas deste teor som satisfeitas, tanto na fala espontânea como no galego culto, mediante castelhanismos (suplentes).

- f) No âmbito da concepçom, fabricaçom e comercializaçom de lámpadas (eléctricas de incandescênci), nas línguas de cultura —como o alemám, o castelhano, o francês, o inglês e as variedades socialmente estabilizadas do galego-português (lusitano e brasileiro)— manejam-se termos para designar cada um dos componentes, cada umha das peças, que integram as lámpadas. Esses termos especializados, naturalmente, nom fam parte do léxico do galego espontâneo, mas eles também nom aparecem no DRAG, nem, de facto, em quaisquer outros repositórios lexicográficos ou terminográficos até à data compilados em galego.

SEXTA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Nom se torna possível falar ou escrever com eficácia em galego sobre a concepçom, fabricaçom e comercializaçom de lámpadas, nem, em geral, sobre nengum outro tema especializado (da ciênci e da técnica). Daí decorre disfuncionalidade comunicativa e, na prática, intensa descaracterizaçom lexical (castelhanizaçom).

²² O GDXL, polo contrário, sim parece ter resposta: *aranha* (cf. acepçom n.º 2 s.v. *araña*), mas esta resposta é problemática porquanto, primeiro, para os utentes da normativa RAG-ILG, é o DRAG, e nom o GDXL, a principal obra de referênci no campo das palavras lexicais; segundo, dada a concepçom que esta obra tem de *candeeiro* (unicamente a antiquada, referente a um suporte para velas ou candis [= candeeiras]), a sua definiçom de *araña* («Especie de candeeiro con varios brazos semellante a este animal [aranha]») remete para um objecto próprio dos tempos em que ainda nom se conhecia a luz eléctrica; e, terceiro, a utilização da voz *aranha* como única soluçom ao problema designativo em causa representa um servil decalque do castelhano e um procedimento, aliás, desarmónico com o seguido para habilitar *lámpada* com o significado de ‘utensílio eléctrico produtor de luz por incandescênci de um filamento’. A palavra habitual em Portugal para designar estes candeeiros de teito de vários braços é *lustre*, soluçom que nós propomos também para o galego.

Exemplo 2-6: quelha ~ quenlha como ‘peixe cartilagíneo elasmobrânquio pleurotremado’

O professor de Biologia deve falar, em galego, aos seus alunos sobre as adaptaçons presentes no grupo constituído polos vertebrados que os zoólogos apelidam de “peixes cartilagíneos elasmobrânquios pleurotremados”, os quais som conhecidos em luso-brasileiro polo nome vernáculo de *tubarões*, e em castelhano polo de *tiburones*.

PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Na fala espontânea galega, se bem que existam diversas denominaçons vernáculas correspondentes a algumhas espécies ou géneros de peixes cartilagíneos elasmobrânquios pleurotremados (presentes nas costas da Galiza), como *quelha ~ quenlha* (que designa a espécie *Prionace glauca*), *caçom* (que designa espécies do género *Mustelus*), etc., nela nom foi instaurada de forma autónoma qualquer denominaçom vernácula que abranja conjuntamente todo o grupo dos elasmobrânquios pleurotremados²³, de modo que, para referir este último conceito, na fala espontânea apenas está disponível o castelhanismo (suplente) *tiburom*²⁴.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: O DRAG, para superar a mencionada suplência do castelhano, procede a expurgar a voz *tiburom* (nele o lema *tiburón* aparece marcado com um asterisco, como sinal de incorrecçom) e a alargar a esfera semántica de *quenlha*²⁵, vocábulo que, deste modo, além de denotar a espécie *Prionace glauca* (família Carcarídeos), passa a designar, por via artifiosa, e para os utentes da normatíva RAG-ILG, todo o conjunto dos peixes elasmobrânquios pleurotremados. Ora, esta intervençom dos compiladores do DRAG nom deve qualificar-se senom de infeliz, porquanto, assim, se está a introduzir umha ambigüidade gratuita na utilizacôm da palavra *quenlha*, de sorte que, quando o professor mencionar as quenlhas, para a sua audiênciâ pode nom ficar claro se a referênciâ é feita a todo o grupo dos elasmobrânquios pleurotremados ou especificamente a *Prionace glauca* (nos domínios lingüísticos socialmente estabilizados nom há aqui confusom possível entre a denominaçom da espécie e a do grupo a que ela pertence: luso-br. *quelha/tubarão*, al. *Blauhai/Hai*, cast. *tintorera/tiburón*, cat. *tintorera/tauró*, fr. *requin bleu/requin*, ingl. *blue shark/shark*). Por conseguinte, neste caso, com a sua *intervençom*, os codificadores do galego hoje autorizados polo poder autonómico contribuem para a ineficácia expressiva do léxico.

²³ Isto nom deve admirar, dado que o conceito é, de certo modo, abstracto e erudito e corresponde a umha maneira “científica” de perspectivar a realidade.

²⁴ Há alguns anos circulou no galego escrito a forma *tabeirom*, voz provavelmente inventada ou surgida espontaneamente por deformacôm a partir do cast. *tiburón*.

²⁵ Dentre os dous geossinónimos isoetimológicos presentes em território galego, *quelha* e *quenlha* (cf. Ríos Panisse, 1977: 179), tanto o DRAG como o VOLGA optam por priorizar o segundo, em contraste com a forma supradialectal consagrada em luso-brasileiro, que é *quelha*. Por outro lado, nem o DRAG nem o VOLGA incluem outra denominaçom vernácula comum, tanto na Galiza como no âmbito luso-brasileiro, de *Prionace glauca*: *tintureira*.

TERCEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: O VOLGA (e o GDXL) dá como voz correcta em galego, além de *quenlla*, também *tiburón*, voz esta que, de modo implícito (umha vez que o VOLGA nom declara os significados das palavras), deve entender-se como designando o ‘grupo dos peixes elasmobrânquios pleurotremados’²⁶. Este proceder deveria avaliar-se como positivo se, na linha do que acaba de explicar-se, o VOLGA, contradizendo completamente o DRAG, restringisse à ‘espécie *Prionace glauca*’ a extensom designativa de *quenlla* e nom lhe alargasse artificiosa e inconvenientemente a esfera semántica. Ora, isto último nom fica garantido pola mera presença no VOLGA da voz *tiburón*²⁷, e temos de convir que, assim sendo, as conseqüências de tal decisom se revelam, afinal de contas, deletérias: primeiro, porque se admite no modelo de léxico culto um castelhanismo (suplente) como *tiburon* (descaracterizaçom lexical), e, segundo, porque, mais umha vez, se suscita contradiçom entre os repositórios lexicais que nesta altura mais galegos adoptam como referênciia, o que favorece a insegurança no manejo do código e, portanto, a ineficácia comunicativa.

Exemplo 2-7: surto (de umha doença)

No Inverno de 1999, manifestou-se na cidade de Vigo, de forma súbita e virulenta, a doença infecciosa conhecida como *legionelose* ou *pneumonia dos legionários*. Nos poucos meios de comunicaçom social que se exprimiam em galego, e por espaço de poucos dias, isto originou umha verdadeira enxurrada de nomes diferentes para designar o fenómeno da ‘irrupçom brusca de doença ou epidemia’, entre os quais o autor destas linhas chegou a registrar sete: *abrocho*, *brote*, *broto*, *germolo*, *gérmo*, *gromo* e *rebento*. Esta proliferaçom de denominaçons, certamente indesejável, é claro sinal de que algo corre mal para o léxico galego e de que grande parte dos seus utentes nom alcança a eficácia comunicativa que, por exemplo, se dá em castelhano, idioma em que unanimemente se utilizou, e se utiliza, *brote* com o sentido aduzido²⁸. O que aconteceria neste caso com o galego?

PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Em galego espontâneo nom foi gerada de modo autónomo umha denominaçom para o conceito ‘irrupçom brusca de doença ou epidemia’, o qual é de cariz especializado, de modo que nele se emprega, com esse sentido, o castelhanismo (suplente) *brote*, o que acarreta descaracterizaçom para o léxico galego.

²⁶ A atribuiçom a *tiburón* do significado ‘grupo dos peixes elasmobrânquios pleurotremados’ é explícita no GDXL, obra que sim inclui as definiçons das palavras.

²⁷ De facto, o GDXL, que inclui, como se dixo, *tiburón* com o significado de ‘grupo dos peixes elasmobrânquios pleurotremados’, também adjudica a *quenlla* (2.^a acepçom s.v. *quenlla*) esse mesmo valor.

²⁸ Noutros ámbitos lingüísticos socialmente estabilizados, estas som as soluçons unanimemente empregadas com o mesmo sentido: *surto* (do lat. *surgere* ‘surgir’), em luso-br.; *outbreak* (lit. ‘irrupçom’), em ingl.; *Ausbruch* (lit. ‘irrupçom’), em al.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: No DRAG nom se oferece —polo menos, de forma clara e específica— qualquer solução para designar a ‘irrupcion brusca de doença ou epidemia’, pois, embora fosse possível interpretarmos que nesse dicionário o conceito ‘irromper bruscamente [num meio ou localidade] umha doença’ fica subsumido na quarta acepçom do seu verbete *brotar* («4. fig. Comezar a manifestarse, producirse ou aparecer de repente. *Brotou da terra unha columna de fume. Ó chocaren as diáas pedras brotaron chispas.* SIN. *xurdir. Brotoulle dos labios unha resposta seca.*»), já a definiçom (única) que ele oferece de *brote*, único substantivo derivado de *brotar* incluído, parece desmentir ou desalentar tal expectativa («**brote** s.m. Pequeno botón que lles sae ós vexetais no talo ou nas pólas e que dá lugar a novas pólas, follas e flores.»)²⁹. Por outro lado, deve ter-se em conta que os codificadores da RAG-ILG nom fornecêrom aos utentes da sua normativa as “ferramentas” (conceptuais e metodológicas) necessárias para eles poderem colmatar, de modo autónomo e eficaz, lacunas designativas do galego como a aqui comentada.

TERCEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Contradizendo flagrantemente o critério do DRAG e do VOLGA, o GDXL —repositório que para os utentes da normativa RAG-ILG actua de facto como supletório ou, mesmo, como substitutório do DRAG— declara castelhanismos censuráveis as vozes *brotar* e *brote*, e propom, para substituí-las, *abrolhar* e *gromo*³⁰, respectivamente (vozes estas que, como todas as anteriormente citadas, em nengum caso som providas no GDXL da acepçom ‘irrupcion brusca de doença ou epidemia’). Decerto, esta contradiçom entre dicionários nom fai senom fomentar entre os utentes da normativa RAG-ILG a insegurança no emprego do léxico.

Assim, perante esta inibiçom dos compiladores do DRAG (e do GDXL), que nom habilitárom —polo menos, de forma clara— qualquer denominaçom galega para o conceito em causa, cada jornalista decidiu preencher por si mesmo a correspondente lacuna designativa, e todos eles vinhérom a coincidir na aplicacjom de umha mesma estratégia, se bem que com resultados notavelmente díspares: utilizárom algum dos vários equivalentes galegos, mais ou menos autorizados polos diferentes dicionários consultados, da voz castelhana *brote*, interpretada no sentido de ‘rebento de umha planta’. E se esta foi a causa próxima da dispersom designativa descrita, as suas conseqüências fôrom, em primeiro lugar, umha evidente ineficácia comunicativa (aqui, ainda por cima, posta de relevo polo confronto com a unanimidade designativa castelhana) e, em segundo lugar, umha mal dissimulada dependência do castelhano na motivaçom dos termos instaurados.

²⁹ De resto, outros vocábulos que poderiam ter sido propostos para aludir ao fenómeno em causa, ou nom aparecem em absoluto no DRAG (é o caso, p. ex., de *surto*, *surgência*, *surgimento*, *surdimento* ou *xurdimento*, *emergéncia*), ou nom aparecem providos da pertinente acepçom (é o caso de *irromper*, *irrupcion* [s.v. *irrupción*], *surgir* [s.v. *xurdir*], *emergir* [s.v. *emerxer*], etc.).

³⁰ No entanto, entre os sinónimos de *gromo* que o GDXL propom, encontra-se, s.v. *gromo*, a voz *brote*!

Exemplo 2-8: doença, enfermedade; adoecer, enfermar

Todo o utente culto de castelhano sabe que para denotar o conceito de ‘alteração patológica do organismo’ estão disponíveis na língua geral duas palavras de uso comum, *enfermedad* e *dolencia*, e que, das duas, *enfermedad* é a mais freqüente, a “nom marcada”, e *dolencia* a de uso mais infreqüente, a qual ele apenas empregará, na expressão formal, como variante estilística de *enfermedad*, para nom repetir excessivamente esta última voz. Esse mesmo utente de castelhano também sabe que, assim como *enfermedad* e *dolencia* som hoje, em geral, vozes sinónimas, *enfermo* e *doliente* já nom som na actualidade tam facilmente permutáveis, e que umha causa é *enfermar* (‘cair doente’) e outra diferente *adolecer*, pois este verbo, que, como todos os componentes da série *dolencia - doliente - adolecer*, tem hoje um ressaibo culto e arcaico, é principalmente empregado no castelhano actual para exprimir, na linguagem elevada, a ideia de ‘sofrer de defeito’ (ex.: «el libro adolece de prolividad»)³¹.

PRIMEIRA MANIFESTAÇÃO DE DEGRADAÇÃO LEXICAL: Hoje, na língua espontânea galega, e em referência ao valor semántico de ‘alteração patológica do organismo’, a voz *doença* encontra-se em grande medida suplantada polo castelhanismo (corrompido) **enfermedá*, e *adoecer* e *doente* polas vozes comuns ao castelhano *enfermar* e *enfermo*, respectivamente. As formas *adoecer* e *doente*, no entanto, em virtude de um fenómeno que é algo freqüente (substituição semántica parcial ou restritiva), nom desaparecêrom por completo do actual galego espontâneo, mas, antes, aconteceu que elas, em concorrência com as vozes coincidentes com o castelhano, vírom restringida a sua esfera semántica, passando a “especializar-se” na designação dos conceitos (próximos uns dos outros e, tipicamente, próprios de umha realidade rural e/ou informal) ‘contrair a raiva’, ‘padecer umha dor pungente’ e ‘desesperar-se, impacientar-se’. Portanto, estas três substituições (de significante ou de significado) acarretam, na fala espontânea, descaracterização do léxico galego (por assimilação ao castelhano) e disfuncionalidade expressiva (por desconhecimento, na esfera semántica de ‘afecção patológica’, das vozes *doença*, *adoecer* e *doente*).

SEGUNDA MANIFESTAÇÃO DE DEGRADAÇÃO LEXICAL: Ainda que o DRAG restaure os significantes *doença* e *doente* (tb. *enfermidade*) com os seus significados tradicionais e genuínos relacionados com a ‘alteração patológica do organismo’, de modo incoerente, ele nom restaura a *adoecer* o seu valor semántico geral de ‘cair doente’ (pois apenas lhe regista, na esfera semántica dos fenómenos patológicos, a acepção restrita de ‘contrair a raiva’), de modo que, assim, o DRAG está a consagrar *enfermar* como única voz comum

³¹ Em lusitano e brasileiro, modalidades lingüísticas estreitamente aparentadas com o castelhano e que, como este, se acham socialmente estabilizadas, os correspondentes usos lexicais som os contrários: *doença*, *adoecer* e *doente* som empregados com mais freqüência que os seus sinónimos *enfermidade*, *enfermar* e *enfermo*, os quais apenas se empregam como variantes estilísticas dos primeiros. Além disso, do mesmo modo que em castelhano, em luso-brasileiro, para se exprimir na língua formal a ideia de ‘padecer defeito’, emprega-se, dos dous sinónimos, o mais “rebuscado”, quer dizer, e ao contrário que em cast., *enfermar de* (ex.: «o livro enferma de prolixidade»).

designativa de ‘cair doente’, forma esta que coincide com o castelhano. Por conseguinte, neste caso o DRAG renuncia, de modo incoerente, a corrigir por completo a descaracterizaçom do léxico presente no galego espontâneo.

TERCEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Se bem que o DRAG inclua, com o significado de ‘fenómeno patológico’, as vozes galego-portuguesas restauradas *doença* e *enfermidade*, ele já nom esclarece, *de modo patente* (na configuraçom dos próprios verbetes *doenza* e *enfermidade*), qual das duas deve ser priorizada no uso e qual secundarizada como variante estilística (lembremos que, a este respeito, luso-brasileiro e castelhano mostram comportamentos contrários). Ora, se no DRAG nom se torna explícita umha priorizaçom de uso, por via *indirecta*, *implícita*, nom fica qualquer dúvida sobre qual dos dous sinónimos este dicionário normativo prefere: aquele que também prefere o castelhano e a fala espontânea, i. é, *enfermidade!* Com efeito, nos verbetes consagrados às denominaçons de afecçons, e como *genus proximum* ou parte dos exemplos, o consulente do DRAG quase nom encontrará outro vocáculo que *enfermidade* (assim, p. ex., s.v. *cólera*, *diabete*, *hemofilia*, *orellóns* [= papeira], *paludismo*, *psicose*, *raquitismo*, *rubéola*, *sida*, *sífilis*, *variola* e *xarampón* [= sarampo]³²), o mesmo acontecendo com a maioria das entradas consagradas a conceitos médicos (como, p. ex., s.v. *adoecer*, *dermatoloxía*, *estomatoloxía*, *medicina*, *otorrinolaringoloxía*, *patoloxía*, *podólogo*, *terapéutico*, *terapia*, *urólogo*, *vacina*, *virulencia*, *xinecoloxía*³³). Por um lado, pois, regista-se aqui inibiçom dos codificadores em relaçom à priorizaçom de sinónimos estilísticos (*doença/enfermidade*), o que nom pode deixar de redundar em ineficácia expressiva para o galego³⁴, e, por outro, a preferênciam lexical mostrada implicitamente polo DRAG (por *enfermidade* face a *doença*) acarreta afastamento do luso-brasileiro, assimilaçom ao castelhano (castelhanismo de freqüênciam), e, portanto, descaracterizaçom do léxico galego³⁵.

³² Na nossa amostra, as únicas excepcions som os verbetes *escorbuto*, *gripe* e *rabia* [= raiva], onde, como *genus proximum*, figura *doenza*.

³³ Na nossa amostra, a única excepcóm detectada é *odontoloxía*, onde figura *doenza*.

³⁴ Assim, o utente culto de galego orientado pola normativa RAG-ILG, ao contrário do que acontece com o de luso-br. ou cast., nom sabe, dentre os sinónimos *doença* e *enfermidade*, qual é o mais freqüente e, portanto, ao redigir um texto, ou ao traduzi-lo, nom saberá qual das duas formas utilizar normalmente, e qual utilizar como variante estilística para evitar repetir em excesso a outra. Umha actualizaçom desta distribuiçom de freqüências em luso-br. vê-se no seguinte excerto, tirado da *Encyclopédia Luso-Brasileira de Cultura Verbo*, s.v. *tinta*, *doença da*: «[A doença da tinta] É uma das doenças mais importantes e graves do castanheiro. Encontra-se difundida pelo País e é responsável, desde longa data, pela morte de algumas centenas de milhares de árvores dos nossos soutos. Dois fungos ficomictes (Peronosporales) —*Phytophthora cambivora* (Petri) Buis. e *Ph. cinnamomi* Rands, dos quais o segundo é o mais comum em Portugal— são os causadores desta *enfermidade*, cuja designaçom vulgar deriva do facto de as partes atacadas (raízes e colo) apresentarem uma coloraçom de tinta, resultante da oxidaçom de substâncias fenólicas.».

³⁵ Tampouco o GDXL declara explicitamente, dentre *doença* e *enfermidade*, qual é o sinónimo prioritário, mas, igualmente, de modo implícito, ele prefere *enfermidade* (assim, p. ex., s.v. *enfermidade* incluem-se termos compostos descontínuos [*enfermidade profesional* e *enfermidades carenciais*], os quais estám por completo ausentes do verbete *doenza*). Por seu lado, o *Dicionário Galego de Termos Médicos* também prioriza implicitamente *enfermidade* sobre *doença*, ao incluir s.v. *enfermidade*, mas nom s.v. *doenza*, umha longa lista de nomes de afecçons.

QUARTA MANIFESTAÇÃO DE DEGRADAÇÃO LEXICAL: O DRAG nom esclarece qual seja o equivalente funcional e estilístico em galego da expressão (formal) castelhana *adolecer de*—ou da luso-brasileira *enfermar de!*—, no sentido de ‘sofrer do defeito de’, pois que tal valor semântico nom aparece reflectido nessa obra nem s.v. *adoecer*, nem s.v. *enfermar*. Portanto, regista-se aqui umha inibiçom dos codificadores da normativa RAG-ILG que, sem dúvida, redunda em ineficácia comunicativa para o galego (nos ámbitos formalizados)³⁶.

Exemplo 2-9: percurso, percorrido

Dado que o galego subsistiu desde o início dos Séculos Obscuros como modalidade lingüística exclusivamente coloquial, desde entom ele perdeu ou nom chegou a gerar unidades lexicais a designarem, entre outros, conceitos de carácter culto e abstracto, de modo que a actual língua espontânea, para os referir, apresenta castelhanismos suplentes. Um desses conceitos cultos e abstractos é o ‘acto ou efeito de percorrer’, que na actual língua espontânea se denota com o castelhanismo **recorrido*. Observe-se que o galego espontâneo mesmo tem castelhanizado o verbo *percorrer*, o qual, por ser de cariz culto, nele aparece como **recorrer*. Com mui bom critério, todos os dicionários actuais de galego expurgam, com esse sentido, **recorrer* e restauram a voz comum galego-portuguesa *percorrer*. Ora, o mesmo nom acontece com a designaçom do ‘acto ou efeito de percorrer’ (lusó-br. *percurso*), pois tanto o DRAG como o VOLGA (e tb. o GDXL) para tal proponhem *percorrido*, forma que, na sua condiçom de substantivo, nom deixa de constituir outro castelhanismo (camouflado).

Com efeito, em castelhano é necessária neste caso a habilitaçom do particípio de passado como substantivo para indicar o acto ou efeito de percorrer (cast. *recorrer > el recorrido*), já que o derivado regressivo de base latina *recurso*, que seria a forma esperável, nesta língua está pré-ocupado polo verbo *recurrir* (= gal-port. *recorrer*; cast. *recurrir > el recurso*). Em galego, onde os verbos *percorrer* e *recorrer* claramente nom convergem na formaçom regular (de base latina) dos correspondentes substantivos deverbais, o emprego de **o percorrido* em vez de *o percurso* (derivado do lat. *percursu*; cf. fr. *parcours*) constitui, portanto, um flagrante castelhanismo e introduz umha aberração num paradigma totalmente regular: *concorrer > concurso, decorrer > decurso, discorrer > discurso, recorrer > recurso, transcorrer > transcurso*. Além disso, tenha-se em conta que, como advertem Garrido e Riera (2000: 139, 140), ao contrário que em castelhano, em galego-português (e nas restantes línguas românicas, afora o cast.) nom é possível a habilitaçom do particípio de passado como substantivo para indicar acção ou processo³⁷, de modo que a introduçom em galego de **o percorrido*, além de suplantar a

³⁶ Por seu turno, o GDXL sim reflecte, conquanto que de modo indirecto, o valor semântico em questom, mas oferecendo umha solução parafrásica que nom contribui a enriquecer o léxico galego: s.v. **adolecer* (forma marcada como castelhanismo censurável) esta obra remete para «2. Estar afectado de algo.».

³⁷ Assim, p. ex., *acabar > cast. el acabado / gal-port. o acabamento; lavar > cast. el lavado / gal-port. a lavagem*.

forma galego-portuguesa genuína (*o percurso*), torna actuante nesta língua um mecanismo de substantivaçom estranho e exclusivo do castelhano.

MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Neste caso, a intervençom despropositada dos agentes codificadores da normativa RAG-ILG contribui a descaracterizar duplamente o léxico galego, assimilando-o ao castelhano: em primeiro lugar, ao desconsiderar umha forma galega genuína (*percurso*), presente em luso-br. e harmónica com a voz galego-portuguesa restaurada *pecorrer*, em benefício de umha voz formalmente decalcada do cast. que desorbita injustificadamente um paradigma derivativo regular (**o percorrido*); em segundo lugar, ao violentar o padrom morfológico galego-português de formaçom de substantivos deverbais indicativos de açom ou processo, com a introduçom de um mecanismo de conversom ou habilitaçom semántica alheio por completo ao sistema.

Exemplo 2-10: marmelo, marmelada, compota ou geleia

A árvore rosácea que os botânicos conhecem como *Cydonia oblonga* recebe em galego-português a denominaçom vernácula de *marmeiro*, e o seu fruto, a de *marmelo*. Nas variedades socialmente normalizadas do galego-português, o doce pastoso que se fai a partir da polpa do marmelo é chamado, naturalmente, *marmelada*, seguindo um padrom morfológico já presente na designaçom de outros alimentos derivados de frutos (assim, p. ex., de *laranja*, *laranjada*; de *limom*, *limonada*). Por outro lado, os doces pastosos elaborados mediante a cocçom e edulcoraçom de diversas frutas (como pêssego, laranja, morango, ameixa, etc.), e que tipicamente som barrados sobre o pam no almorço, denominam-se em luso-brasileiro *compotas* ou *geleias*.

Curiosamente, a palavra galego-portuguesa *marmelada* foi incorporada no séc. XVI como empréstimo por várias línguas europeias, sofrendo nesta transferênciá um desvio maior ou menor da sua substânciá fónica e gráfica (cast. *mermelada*, fr. *marmelade*, al. *Marmelade*, ingl. *marmalade*) e umha alteraçom do seu significado original. Assim, tanto *mermelada*, em castelhano, como *marmelade*, em francês, ou *Marmelade* em alemám, designam o doce pastoso feito a partir de qualquer fruta (diferente do marmelo), enquanto que *marmalade* denomina, em inglês, o doce elaborado a partir de citrinos, sobretodo de laranjas (*jam* é a palavra utilizada em inglês para denominar as compotas feitas a partir de outras frutas). Nestas quatro línguas, portanto, os empréstimos derivados da *marmelada* galego-portuguesa nom se utilizam para designar especificamente a própria ‘marmelada’ —a qual é denotada em castelhano por (*dulce de membrillo* ‘doce de marmelo’), em francês por *pâte de coings* (lit. ‘compota de marmelos’), em alemám por *Quittenmarmelade* (lit. ‘compota de marmelo’) e em inglês por *quince jam* (lit. ‘compota de marmelo’)—, e sim compotas ou geleias elaboradas a partir de frutas diversas³⁸.

³⁸ Naturalmente, que isto poda acontecer nas línguas receptoras do empréstimo *marmelada* é devido a que nestas, ao contrário do que acontece em galego-português, nom se produz a associaçom específica da palavra com o conceito de ‘marmelo’.

PRIMEIRA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Na actual fala espontánea galega, e em referéncia ao fruto do marmeiro, podem apreciar-se diversos graus de substituiçom da voz tradicional *marmelo*, a qual, dependendo do tipo de falante (de maior ou menor idade, com residênci rural ou urbana), pode aparecer com algumha freqüênci suplantada polo castelhanismo **membrilho*. Mais generalizada (senom total) é a presenç na actual fala espontánea do castelhanismo **membrilho* em referéncia à ‘marmelada’ (quer dizer, ao doce ou compota de marmelo), circunstânci que pode explicar-se por a marmelada constituir, cada vez mais, um produto de consumo comercializado e industrializado, que chega acompanhado do correspondente nome castelhano. Portanto, estamos aqui em presenç de duas manifestaçons do fenômeno da substituiçom lexical de palavras genuínas galego-portuguesas (*marmelo* e *marmelada*) por parte de palavras castelhanas, o que acarreta descaracterizaçom do léxico galego.

SEGUNDA MANIFESTAÇOM DE DEGRADAÇOM LEXICAL: Embora o DRAG proceda a expurgar, para todos os seus usos espontâneos, o castelhanismo substitutório **membrilho*, e a restaurar em seu lugar *marmelo*, a esta última voz, surpreendentemente, aquele repositório normativo atribui o significado de ‘marmelada’, quer dizer, o de ‘doce de marmelo’ (*marmelo*: «[...] 2. Especie de marmelada solidificada que se fai co froito do marmeiro. *Queixo con marmelo.*»), com o que ele está a admitir para o modelo culto de galego um flagrante castelhanismo semântico. Esta gratuita castelhanizaçom semântica chega no DRAG ao aberrante ao considerarmos o significado que ele declara da voz *marmelada*: «Froita cocida con azucré ou mel ata formar unha especie de xelatina.». Com efeito, os compiladores do DRAG estám a propor aqui que a voz galego-portuguesa *marmelada* seja restaurada no actual galego, nom com o valor semântico que ela tinha em galego quando este gozava de plena vitalidade, e que conserva o actual luso-brasileiro, mas com o significado, incoerente em galego, que ela hoje tem em castelhano, depois de este a ter tomado emprestada do próprio galego e de a ter desfigurado semanticamente! Castelhanizaçom semântica que atinge o paroxismo no exemplo de uso que da voz *marmelada* oferece o DRAG: «*Marmelada de pexego*», o que deixa claro que, ao redigirem este verbete —como muitos outros—, os compiladores do dicionário da RAG estavam a pensar em castelhano, e nom em galego, pois, como, se assim nom fosse, poderiam eles prescrever um uso léxico-semântico que equivale em castelhano a «(dulce de) membrillo de melocotón», a «naranjada de melocotón» ou a «limonada de melocotón»?³⁹ Verificamos, portanto, que, neste caso, os codificadores da normativa RAG-ILG procedem de um modo que contribui para descharacterizar o léxico galego por assimilaçom ao castelhano, mesmo quando esta castelhanizaçom actua em detrimento da mais elementar

³⁹ Umha vez “armada” no DRAG a voz *marmelada* com o incoerente e castelhanizante significado de ‘compota’, só restava “desarmar” para o uso mais moderno, “urbano” e generalizado a voz *compota*, a qual no DRAG é provida do valor restrito e castelhanizante de «Doce feito de froitas cocidas con auga e azucré. *Compota de mazás.*».

coerênciā interna da língua e quando transtroca o sentido do seu desenvolvimento histórico⁴⁰.

3. CONCLUSOM: CONCRETIZAÇOM DA ESTRATÉGIA NATURAL, ECONÓMICA E FUNCIONAL PARA HABILITAR EM GALEGO O LÉXICO DAS LÍNGUAS ESPECIALIZADAS CIENTÍFICO-TÉCNICAS

A partir da análise das manifestaçons de disfuncionalidade e descaracterizaçom lexicais ilustradas na alínea anterior, as quais assinalam a incidência sobre o actual léxico galego dos processos degradativos da *erosom*, *substituiçom*, *variaçom sem padronizaçom*, *estagnaçom* e *suplênciā*, apura-se, como mostram Garrido (1999) e Garrido e Riera (2000: 20-34), que a estratégia (mais) natural, económica e eficaz para habilitar em galego o léxico das diferentes línguas especializadas (técnico-científicas) consiste na *convergênciā ou coordenaçom constante com o léxico luso-brasileiro*, de harmonia com os seguintes princípios ou medidas:

- 1.º- Medida contra o processo degradativo da EROSOM: Restaurar ou repor as unidades lexicais (próprias dos registos cultos), na sua forma genuína (comum ao luso-brasileiro actual!), esquecidas ou erodidas na Galiza a partir da postergaçom sociocultural do galego-português que impugérom os Séculos Obscuros. Exemplos: *assaz*, *cujo*, *todavia* (conjunçom concessiva).
- 2.º- Medida contra o processo degradativo da SUBSTITUIÇOM: Restaurar plenamente os significantes e significados genuinamente galegos (comuns ao actual luso-brasileiro!) suplantados na actual fala espontânea por significantes ou significados castelhanos. Exemplos: *óleo* (com o significado amplo de ‘substânciā gordurenta’, reservando *azeite* para ‘óleo extraído da azeitona’), *queda* (em vez de **caída*), *sino* (em vez de **campá* ou **campana*).
- 3.º- Medida contra o processo degradativo da VARIAÇOM SEM PADRONIZAÇÃO: Seleccionar como supradialectal, dentre umha série de variantes (geossinónimos) existentes no galego espontâneo, aquela voz que se emprega como supradialectal no ámbito luso-brasileiro, ou a mais próxima da voz supradialectal luso-brasileira. Assim, por exemplo, *amêijoia* (ZOOL.), *eixo* (TECNOL.), *enxofre* (QUÍM.), *fieito* (BOT.), *guelra* (ANAT.), *janela oval* (ANAT.),

⁴⁰ Por seu turno, o GDXL, pola forma com que se inicia a definiçom que oferece de *marmelada* («Doce de marmelo ou doutros froitos cocido e mesturado con azucré.»), parece insinuar umha restituiçom do valor semántico genuíno e coerente do vocábulo, mas as seguintes palavras da definiçom desmentem tal suposiçom, e já *marmelo* é definido de forma inequivocamente castelhanizante: «[...] 2. Doce que se fai con este froito [com o marmelo].».

rim (ANAT.) e *sabugueiro* (BOT.) devem ser preferidos, para os usos formais, a, respectivamente, *ameixa*, *eixe*, *xofre*, *fento* (e *felgo*, etc.), *guerla* (e *galada*, etc.), *fiestra oval* (e **ventá oval!*!), *ril* e *bieiteiro* (e *birouteiro*, etc.).

- 4.^º- Medida contra os processos degradativos da ESTAGNAÇOM e da SUPLÊNCIA: Nos ámbitos conceptuais da *estagnaçom lexical* (conceitos abstractos e do mundo institucional e da cultura; conceitos relativos a objectos concretos cujo aparecimento se produziu durante o dilatado período que abrange desde o início dos Séculos Obscuros até à actualidade; conceitos relativos a realidades exóticas; conceitos do mundo urbano; conceitos especializados, veiculados polas diferentes línguas especializadas: administrativa, jurídica, eclesiástica, profissional, técnico-científica), adoptar a pertinente solução luso-brasileira, expurgando, no seu caso, o correspondente castelhanismo suplente. Por exemplo: *compota* (ALIM., ‘doce pastoso para barrar feito de diversas frutas’), *lámpada – candeeiro – lustre* (TECNOL., v. *supra* ex. 2.5), *neurónio* (FISIOL., ‘célula nervosa’), *oxigénio* (QUÍM., ‘elemento gasoso de número atómico 8’), *percurso* (TECNOL., ‘acto de percorrer’), *surto* (MED., ‘irrupçom brusca de doença’), *tubarom* (ZOOL., ‘peixe cartilagíneo pleurotremado’), *vela (de ignicom)* (MEC., ‘peça dos motores de explosom onde se produz a faísca’).
- 5.^º- Complementarmente à medida n.^º 4: Nos ámbitos conceptuais da *estagnaçom (e suplênciam) lexical*, no caso de nom coincidir o termo usado em Portugal com o do Brasil, adoptar, atendendo a um critério de proximidade cultural e geográfica, e até nom se atingir umha efectiva unificaçom terminológica, a solução conhecida em Portugal. Por exemplo: *antigénio* [Pt] e nom *antígeno* [Br] (MED.), *frigorífico* [Pt] e nom *geladeira* [Br] (TECNOL.), *pirite* [Pt] e nom *pirita* [Br] (MINERAL.), *veio de excéntricos* [Pt] e nom *árvore de cames* [Br] (MEC.).
- 6.^º- Complementarmente à medida n.^º 4: Nos ámbitos conceptuais da *estagnaçom (e suplênciam) lexical*, no (raro) caso de existir na Galiza umha forma lexical genuína diferente e sinónima da habitual em luso-brasileiro, aceitar o uso da solução luso-brasileira supradialectal desconhecida no galego espontâneo, junto com a forma galega habitual. Exemplo: *leque caudal* junto com *abano caudal* (ZOOL.).

REFERENCIAS

- AA.VV. ²1989 (1.^a ed.: 1983). *Estudo Crítico das “Normas Ortográficas e Morfolóxicas do Idioma Galego”* (ILG-RAG, 1982). Comissom Lingüística da Associaçom Galega da Língua. Santiago de Compostela.
- ALONSO ESTRAVIZ, Isaac. 1995. *Dicionário da Língua Galega*. Sotelo Blanco Edicións. Santiago de Compostela.
- FLUCK, Hans-Rüdiger. ⁵1996 (1976). *Fachsprachen. Einführung und Bibliographie*. A. Francke Verlag. Tübinga/Basileia.
- FORNEIRO, José Luís. 2004. *Allá Em Riba un Rey Tinha una Filha. Galego e Castelhano no Romanceiro da Galiza*. Difusora de Letras, Artes e Ideas. Ourense.
- GARCÍA, Constantino. 1985. *Glosario de Voces Galegas de Hoxe*. Verba, Anexo 27. Universidade de Santiago de Compostela. Santiago de Compostela.
- GARCÍA, Constantino. 1996. *Glosas da Lingua*. Edicións Xerais de Galicia. Vigo.
- GARRIDO, Carlos. 1999. Estado actual e perspectivas da norma lexical. *Agália*, 57: 3-25.
- GARRIDO, Carlos. 2005. Delineamento e aplicaçom de um modelo de avaliaçom da qualidade da língua especializada técnico-científica cultivada no galego-português da Galiza (a propósito da *Enciclopedia Galega Universal*). *Agália*, 83/84: 51-118.
- GARRIDO, Carlos e Carles RIERA. 2000. *Manual de Galego Científico. Orientaçons Lingüísticas*. Associaçom Galega da Língua. Santiago de Compostela.
- GERBERT, Manfred. 1970. *Besonderheiten der Syntax in der technischen Fachsprache des Englischen*. Linguistische Studien. Max Niemeyer Verlag. Halle an der Saale.
- POUSA ORTEGA, Helena. 2002. Léxico fronteirizo no Baixo Miño: a pesca con barco. Em R. Álvarez, F. Dubert García e X. Sousa Fernández (org.). *Dialectoloxía e Léxico*: 245-278. Instituto da Lingua Galega/Consello da Cultura Galega. Santiago de Compostela.
- REYES OLIVEROS, F. e Constantino GARCÍA GONZÁLEZ (dir.). 2002. *Diccionario Galego de Termos Médicos*. Real Academia de Medicina e Cirurxía de Galicia. Santiago de Compostela.
- RÍOS PANISSE, María Carmen. 1977. Nomenclatura de la flora y fauna marítimas de Galicia. I. Invertebrados y peces. *Verba*, anexo 7.
- RIVAS QUINTAS, Elixio. 1988. *Frampas II. Contribución al diccionario gallego*. Alvarellos Editora Técnica. Lugo.
- SCHMIDT, Wilhelm. 1969. Charakter und gesellschaftliche Bedeutung der Fachsprachen. *Sprachpflege*, 18: 10-20.

Avaliación da actividade investigadora e dereitos lingüísticos

ALBA NOGUEIRA LÓPEZ

Profesora titular de Dereito Administrativo

Universidade de Santiago de Compostela

1. INTRODUCIÓN

A avaliación da actividade investigadora, que nace no Estado español como un procedemento ligado á percepción dun complemento de produtividade para o profesorado funcionario, progresivamente vai gañando terreo ao se converter ese complemento retributivo nun requisito para formar parte na maior parte das instancias decisorias na vida académica (comisións de prazas, tribunais de premios, probas académicas...).

Este traballo quere afondar nos criterios utilizados para a concesión dese recoñecemento da actividade investigadora e valorar se se respectan os dereitos lingüísticos das persoas solicitantes. A competencia estatal sobre o profesorado funcionario e, por tanto, sobre a fixación de criterios e concesión destes complementos favorece que non se considere de ningún xeito a lingua en que se investiga¹. A aparente neutralidade desde o punto de vista lingüístico dos criterios que rexen a avaliación investigadora poden, non obstante, agochar supostos de desigualdade lingüística. Para iso é preciso facer un estudo tanto dos datos numéricos dos resultados das avaliacións como dos criterios aplicados e ver en que medida estes contribúen ou desincentivan o uso das linguas propias distintas do castelán na actividade investigadora. Esta cuestión que, no noso xuízo, está enmarcada nunha más ampla que é a da producción científica como un elemento de fortalecemento ou de enfblecimiento do sistema cultural e social propio.

¹ Sobre o profesorado universitario, o réxime competencial que se lle aplica e a súa selección véxase NOGUEIRA LÓPEZ, A., *Régimen jurídico de la selección del profesorado universitario*, Atelier, Barcelona, 2004.

2. DATOS RELEVANTES SOBRE A DISTRIBUCIÓN DE SEXENIOS TERRITORIAL E POR CAMPOS CIENTÍFICOS

Un exame das memorias que periodicamente publica a Comisión Nacional de Avaliación da Actividade Investigadora (CNEAI) pode resultar clarificador para comprobarmos se é posible falar de discriminación lingüística no ámbito da investigación académica².

Se tomamos os datos sobre a última convocatoria analizada (2003) –que, ademais, non presentan resultados significativamente distintos das convocatorias anteriores– pode apreciarse que a media de sexenios concedidos con respecto ás solicitudes alcanza o 80% (no período 1989-2002 é algo inferior 70%). Esa cifra, porén, presenta picos significativos se se examina desagregadamente por campos científicos xa que hai áreas como Matemáticas e Física (94%), Química (97%) e Bioloxía Celular e Molecular (96%) cun nivel de rexeitamentos praticamente nulo e, pola contra, áreas como Ciencias Sociais e Políticas (63%) e Ciencias Económicas e Empresariais (67%) en que existen case 15 puntos de diferença, por abaixo, coa media citada e máis de 30 con respecto a esas áreas onde se aproximan ao total.

Resultados de la evaluación de 2003 por campos científicos

Campo	Media de la CNEAI 1989-2002 (Sexenios)	Resultado convocatoria 2003 (Sexenios)	Profesores evaluados convocatoria 2003
01 Matemáticas y física	75%	94%	497
02 Química	77%	97%	425
03 Biología celular y molecular	85%	96%	164
04 Ciencias biomédicas	66%	80%	551
05 Ciencias de la naturaleza	69%	89%	408
06 Ingeniería y arquitectura	64%	74%	1.018
07 Ciencias sociales, políticas	58%	63%	490
08 Ciencias económicas y empresariales	57%	67%	340
09 Derecho y jurisprudencia	77%	77%	448
10 Historia y arte	70%	83%	407
11 Filosofía, filología y lingüística	75%	79%	554
	70%	80%	5.302

Fonte:CNEAI (www.mec.es)

² As memorias da CENAI poden consultarse na páxina web do Ministerio de Educación (www.mec.es).

A esta circunstancia úñese o feito de que existe unha correlación entre o nivel de éxito nesas mesmas áreas e o índice de profesores que simplemente nunca someteron a súa actividade investigadora a avaliación. Se no conxunto do Estado existe un 25% do profesorado de todas as áreas que nunca se someteron a avaliación, esta porcentaxe é bastante máis reducida (16%) se nos circunscribimos ás Ciencias Experimentais. En cambio, é máis elevada nas Ciencias Sociais e Xurídicas (33%) o que sumado co entre 30 e 40 por cento de rexitamentos a sexenios solicitados fai que un volume amplísimo se atope á marxe do sistema de avaliación investigadora. Isto é, parece que existen claramente áreas en que a suma do nivel de fracasos nas avaliacións e de non presentacións representa unha porcentaxe do profesorado moi alta, mentres que existen outras áreas en que a práctica totalidade do profesorado está metida, e con resultados positivos, no proceso de avaliación investigadora.

Distribución porcentual de los profesores numerados¹ por tramos de investigación y grandes áreas. Año 2003

Área	0. Nunca Present.	0. Eval. y no conced.						
			Uno	Dos	Tres	Cuatro	Cinco	Seis
1. Humanidades	21	9	27	20	12	7	3	1
2. Ciencias sociales y jurídicas	33	16	26	13	7	4	1	0
3. Ciencias experimentales	16	8	24	24	15	9	3	1
4. Ciencias de la salud	23	15	19	21	12	7	2	1
5. Tecnología e ingeniería	33	12	31	14	6	3	1	0
Nacional	25	12	25	19	10	6	2	1

¹ Catedráticos de Universidad, Titulares de Universidad y Catedráticos de Escuela Universitaria.

Fonte: CNEAI (www.mec.es)

Tamén o estudo dos datos desde unha perspectiva de distribución territorial revela resultados diversos entre comunidades autónomas e universidades. Galicia, País Vasco, Canarias, Castela - A Mancha ou A Rioxá teñen resultados peores que a media do Estado. Madrid, Cataluña, Valencia, Cantabria ou Estremadura superiores á media. Nestes datos tamén é interesante observar a evolución do número de sexenios conseguido. Mientras que Madrid, Cataluña ou a UNED conseguén resultados semellantes á media nos primeiros dous sexenios van mellorando, e superando esta media, no terceiro, cuarto, quinto e sexto sexenio avaliado. Parece, por tanto, que outros factores –como pode ser o das universidades onde tradicionalmente se concentra o núcleo do poder académico– tamén deben ser tidos en conta no reparto dos sexenios. Dentro de cada comunidade autónoma tamén se aprecian resultados diversos, e é a maior antigüidade das universidades e, en consecuencia, a consolidación do seu profesorado un elemento que favorece un maior número de sexenios.

Distribución porcentual del profesorado numerario¹ de las Comunidades Autónomas
según el número de tramos de investigación. (Totales). Año 2003.

CC.AA.	Ninguno	Uno	Dos	Tres	Cuatro	Cinco	Seis	
Andalucía	25*	14**	26	18	10	5	2	0
Aragón	21*	14**	25	22	9	5	3	1
Asturias	26*	11**	27	17	10	6	2	1
Baleares	25*	7**	26	23	11	6	2	0
Canarias	34*	12**	26	16	14	8	4	1
Cantabria	19*	12**	26	16	14	8	4	1
Castilla-La Mancha	35*	10**	29	17	6	2	1	0
Castilla-León	24*	14**	24	19	10	6	2	0
Cataluña	21*	10**	24	20	13	8	3	1
Extremadura	18*	15**	27	23	12	5	0	0
Galicia	32*	9**	27	19	8	4	1	0
La Rioja	28*	7**	38	21	5	1	0	0
Madrid	25*	12**	22	18	11	8	3	1
MECD (U.N.E.D.)	25*	14**	23	17	11	7	2	1
Murcia	24*	11**	27	18	10	7	2	1
Navarra	28*	10**	35	19	6	2	0	0
País Vasco	33*	11**	23	17	11	4	1	0
Valencia	22*	12**	29	19	11	5	1	1
Nacional	25*	12**	25	19	10	6	2	1

¹ Catedráticos de Universidad, Titulares de Universidad y Catedráticos de Escuela Universitaria.

* Nunca presentado a evaluación. ** Evaluado y no concedido ningún tramo.

Fonte:CNEAI (www.mec.es)

Os datos expostos revelan, como se puido apreciar, fortes desequilibrios entre áreas de coñecemento. As ciencias sociais e as enxeñarías presentan altas porcentaxes de rexiteitamento e de non presentación. As causas deste elevado número de profesores que fracasan ou deciden non intentar sequera a solicitude son diversas. Por unha banda, como desenvolveremos máis en detalle, o obxecto da investigación pode non ser homologábel aos criterios de avaliación das áreas de ciencias experimentais que progresivamente se van imponendo ás demais áreas científicas. Tamén ten relevancia a elevada porcentaxe de profesorado de escola universitaria que, polas singularidades das súas categorías profesionais, pode non realizar actividade investigadora. Pode influír, así mesmo, a compatibilización cun labor profesional externo que nas áreas mencionadas ten unha certa importancia.

Tamén se desprende deses datos un certo desequilibrio entre territorios e universidades que, como se anunciou, pode obedecer á distribución interna dos corpos de profesorado e ao distinto grao de consolidación das universidades, pero tamén a factores vinculados á situación dos núcleos das «escolas» de cada área.

Con respecto ao tema que nos ocupa, a dificultade para apreciar a existencia de casos de discriminación lingüística, ante a ausencia de indicadores sobre o uso das linguas propias na investigación, non pode ocultar que os datos parecen indicar que as diverxencias nos resultados entre as distintas áreas de coñecemento é revelador en canto á existencia dun problema de desigualdade que debe ser estudiado. Ao noso xuízo, o problema probabelmente está tanto en sobre que se investiga como en que lingua se investiga. A preterición da investigación aplicada, considerada pexorativamente como «local», nos criterios científicos das distintas áreas é un elemento determinante do fracaso de moitas avaliaciós e esa investigación aplicada en moitos casos é aquela que se realiza nas linguas propias. Este balance, feito á vista dos datos numéricos, debe ser contrastado co estudo dos criterios de avaliação nalgúns das áreas para determinar en que medida esa valoración se pode confirmar.

3. O PARADOXO DA FUNCIÓN DA UNIVERSIDADE E OS CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA INVESTIGACIÓN

O art.1 da LOU establece que son funcións da Universidade a investigación, a docencia e o estudo ao servizo da sociedade. Unha sociedade entendida, sen dúbida, como o contorno inmediato da Universidade e á que a natureza de servizo público da educación superior obriga a prestar non só formación senón tamén resultados da investigación. O esforzo cada vez maior que realizan as universidades de transferencia de coñecemento ten como destinatario primeiro tamén o tecido social e produtivo próximo.

Porén, estas obrigas de servizo público das universidades poden resultar contraditorias cunha concepción supuestamente aséptica que predica unha «universalidade da ciencia» desconectada dos seus efectos na mellora do coñecemento do seu contorno. Esta concepción ten efectos más ou menos neutrais no enfoque e nos ámbitos obxecto da investigación segundo ás áreas de coñecemento ás que se traslade. Neste sentido probabelmente nas ciencias experimentais é máis complicado apreciar unha disociación entre investigación global/local pero nas ciencias sociais e humanas pode ser máis evidente a clara diferenza entre a investigación aplicada-local e a investigación con repercusión global.

Esta circunstancia lévanos, máis unha vez, á cuestión lingüística xa que o tipo de investigación que se realiza –dentro das coordenadas enunciadas anteriormente– ten moito que ver coa elección lingüística dos investigadores. Unha opción por unha investigación más xeral tende a ir acompañada do uso de linguas «internacionais» (o inglés, ou, en segundo lugar, o español); a investigación ao servizo do contorno máis inmediato con más probabilidade fará unha escolla da lingua propia.

Nesta liña de reflexión debemos achegarnos aos criterios sobre os que se realiza a avaliación da actividade investigadora. Cada vez máis, estes criterios formúlanse sen conexión coa función social e de servizo público da Universidade. Pode constatarse como os criterios utilizados tradicionalmente como indicadores de bos resultados académicos nas áreas de coñecemento de ciencias experimentais progresivamente se consolidaron e estenderon a outras áreas de coñecemento (publicación en revistas que figuren nalgún dos «citation index» de matriz anglosaxona, obtención de patentes, impacto internacional dos traballos etc.). Non se discute aquí o valor complementario que poidan ter estes criterios para medir os resultados da investigación en distintas áreas de coñecemento mais si a súa aplicación excluínte doutros indicadores que poidan recoñecer con semellante fidelidade a calidade da investigación realizada e, sobre todo, valorar con máis exactitude a contribución á sociedade da investigación feita cunha metodoloxía e cuns resultados igualmente rigorosos mais cun alcance local-rexional no seu obxecto de investigación.

Nesta dinámica, mesmo o castelán xoga en desvantaxe fronte á preponderancia absoluta do inglés. Se se bota unha ollada ás revistas incluídas nos «Citation Index» tanto de ciencias experimentais como de ciencias sociais poderase comprobar que apenas é posíbel achar nesas listaxes revistas noutras linguas que non sexa o inglés. Estas listaxes –ás que os criterios de avaliación da investigación se remiten– levan a que revistas «locais» con investigación claramente local de base anglosaxona sexan os parámetros da actividade científica que permiten discriminar como investigación non válida aquela que se fai aquí sobre temas locais ou en linguas propias. En definitiva, a investigación local norteamericana circula como se fose universal mais o proceso inverso é penalizado en termos de avaliación da actividade investigadora.

4. DOUS EXEMPLOS PRÓXIMOS E DIVERXENTES: DEREITO E ECONOMÍA

A recente aprobación mediante Resolución do 25 de outubro de 2005 dos criterios científicos en cada un dos campos de avaliación (BOE do 7 de novembro) confirma esa tendencia á «homologación» dos criterios de forma transversal para praticamente todas as áreas de coñecemento³. Curiosamente unha das poucas áreas que se subtrae a esa tendencia xeral de asunción dos criterios que tradicionalmente utilizaban as ciencias experimentais é a de Dereito. O contraste entre os criterios de avaliación de Dereito e Económicas, dúas áreas con clara proximidade académica, poden ser ilustrativos da tese que se sostén da

³ Os anteriores criterios fixados nunha Resolución do 6 de novembro de 1996 da CENAI (BOE do 20 de novembro) no que respecta ao campo da Economía, xa contíñan unha parte dos elementos presentes nos recentemente aprobados, no sentido de conceder unha importancia primordial aos indicadores internacionais e valorar tamén, nun plano secundario, a contribución que os traballos puidesen supoñer para a economía estatal ou rexional.

incidencia que poden ter os criterios establecidos nos resultados da investigación, na preterición de determinados tipos de investigación que non necesariamente ten menos calidade e no aspecto instrumental da lingua en que se fai esa investigación.

Os criterios establecidos para o campo 8 «Ciencias Económicas e Empresariais» indican que:

«3. Se valorarán preferentemente los trabajos publicados en revistas de reconocida valía, aceptándose como tales las que ocupan posiciones relevantes en los listados por ámbitos científicos en el <<Subject Category Listing>> del <<Journal Citation Reports del Social Sciences Citation Index>> y el Science Citation Index (Institute for Scientific Information, Philadelphia, PA, USA). No obstante podrán considerarse también artículos publicados en revistas listadas en otras bases de datos internacionales, siempre que satisfagan los criterios que se especifican para las revistas en el Apéndice I. Las revistas electrónicas se considerarán cuando aparezcan en los listados del ISI o cumplan los criterios del Apéndice I.

En la evaluación de los libros y capítulos de libros se tendrán en cuenta el número de citas si procede, el prestigio de la editorial, los editores, la colección en la que se publica la obra, las reseñas en las revistas científicas especializadas y las traducciones de la propia obra a otras lenguas.

Asimismo se valorarán las patentes en explotación o programas de ordenador, registrados, o que al menos conste el interés de alguna empresa en su utilización. Ello debe ser demostrado mediante contrato de compra-venta o contrato de licencia. Se tendrá también en cuenta la extensión de la protección de la patente (nacional, europea o por el Tratado de Cooperación de Patentes (PCT).»

Estes criterios priman claramente a repercusión internacional dos traballos de economía, e singularmente os que se encadran nas correntes anglosaxonas do pensamento económico, o que inevitavelmente xoga en contra dos traballos de economía aplicada de coñecemento dos problemas económicos do propio contorno. Mais aínda, a asunción deses estándares internacionais de avaliación da investigación leva ao extremo de valorar, nun ámbito como a investigación económica, unha cuestión que resulta totalmente extravagante como é a consecución de patentes. Esta cuestión figura como un criterio de avaliación, seguramente, por unha traslación acrítica de criterios internacionais, máis concretamente norteamericanos, de países en que é posíbel a realización de patentes de software, unha cuestión que nos países comunitarios está vedada en virtude da Convención Europea de Patentes (1977).

Pola contra, se examinamos os criterios que para o campo 9 «Dereito» fixa a citada Resolución apreciamos que:

« 3. En la valoración de los trabajos se atenderá al medio de difusión empleado, aceptándose como indicio de calidad la publicación en revistas de reconocida valía. En todo caso,

las revistas deberán cumplir los criterios que se especifican en el Apéndice 1. Los libros y capítulos de libros se considerarán según su calidad avalada por las citas, si las hubiere, y su inclusión en bibliografías independientes del autor y su entorno. Deberán reflejar claramente que son fruto de la investigación o de la reflexión documentada. Se considerarán especialmente relevantes aquellos que no estén publicados por la misma institución en la que trabaja el investigador, que se publiquen en editoriales especializadas de reconocido prestigio y que acrediten un proceso riguroso de selección y evaluación de originales. Así mismo, también se considerarán las reseñas en las revistas científicas especializadas y las traducciones de la propia obra a otras lenguas.

(...) Se valorarán preferentemente:

- a) Aquellos que desarrollen nuevas perspectivas del ordenamiento jurídico.*
- b) Los que supongan investigaciones originales sobre la evolución histórica, social o cultural de las normas.*
- c) Los estudios y trabajos de política jurídica y aquellos que introduzcan propuestas relevantes de perfeccionamiento de las normas en relación con el sistema jurídico español o internacional. Aquellos que aporten conocimientos e instrumentos conceptuales y analíticos para mejorar la eficacia de las normas jurídicas y el cumplimiento de los objetivos que se persiguen con ellas. Los análisis que ofrezcan soluciones a problemas de interpretación, lagunas y contradicciones del ordenamiento jurídico español o internacional.*
- d) Los análisis de jurisprudencia que se basen en un conjunto de sentencias sobre un tema o temas conexos, que tengan por objeto esclarecer los criterios de actuación de los tribunales y su evolución, y los comentarios sobre sentencias especialmente relevantes para el entendimiento y posterior aplicación del derecho.*
- e) Las obras generales que se reconozcan como de referencia dentro de la disciplina o supongan un progreso en la organización de un campo temático poco estructurado, siempre que se trate de su primera edición o de un edición que suponga cambios relevantes respecto a las anteriores.*
- f) Las traducciones de la propia obra a otros idiomas.*
- g) Las publicaciones en revistas de difusión internacional.»*

Os criterios para o campo do Dereito establecen indicadores de calidade en función do valor dos traballos e dunha serie de parámetros sobre a valía do medio onde se publica ou da contribución ao coñecemento que supón o traballo mais sen que o alcance internacional dese sexa o elemento determinante da avaliación das contribucións. De feito pode apreciarse como a gradación de criterios sitúa nun dos últimos postos esta cuestión, non por desprezo ou endogamia senón por adaptación dos criterios a unha área de coñecemento onde a relevancia dos traballos debe ser medida, fundamentalmente, desde a súa repercusión no ámbito estatal ou rexional. O Dereito, áinda nun contexto de globalización e europeización, ten unha clara compoñente estatal que a investigación neste ámbito debe ter presente e que os criterios de avaliación da investigación reflecten. Isto

non impide que se introduzan criterios que permitan determinar a calidade das publicacións, a independencia con respecto ao investigador avaliado e outros elementos que, en todo caso, non están subordinados a indicadores elaborados para outros contornos científicos.

A evidente disparidade dos criterios de avaliação nos campos do Dereito e da Economía e Organización de Empresas, pode ser un factor explicativo dos resultados tan diferentes que mostran os docentes dos dous campos de coñecemento ao someteren a súa actividade a avaliação. De feito, algúns dos outros elementos que, como apuntabamos anteriormente, podían condicionar desfavorabelmente os resultados da avaliação da investigación, non presentan diferenzas significativas entre estes dous campos. Tanto o ámbito do Dereito como o da Economía e Organización de Empresas son proclives a que exista unha certa actividade profesional privada paralela á dedicación universitaria. Por iso non parece que poida explicar a diferenza de entre 15 e 20 puntos nas evaluacións favorábeis nun e noutro campo (dependendo do período observado e das áreas de coñecemento) o dato da actividade profesional que repercuté negativamente na actividade investigadora. Actividade profesional, por outra banda, que segundo estudos internacionais non necesariamente leva a unha relación negativa entre vínculos externos e publicacións.

Tampouco existe entre os dous campos unha distribución interna dos corpos do profesorado significativamente distinta que puidese incidir nesta cuestión. Se ben no campo da Economía existe un 8% máis de profesores titulares de Escola Universitaria –que non teñen que contar co título de doutor nin ter actividade investigadora– en conxunto os datos son bastante semellantes entre os dous campos.

	CU	TU	CEU	TEU
Dereito	680 (24.5%)	1635 (58.9%)	50 (1.7%)	415 (14.9%)
Ciencias económicas e empresariais	782 (14.5%)	3215 (59.4 %)	191 (3.5%)	1224 (22.6%)

Elaboración propia a partir dos datos publicados polo MEC sobre a distribución do profesorado funcional universitario en xaneiro de 2003.

Ademais, esa pequena diferenza no peso relativo do profesorado que non debe someter a súa actividade a avaliação da actividade investigadora non permitiría explicar a diferenza de 15 puntos entre o número de profesores que nunca presentaron a súa actividade a avaliação nos dous campos (22% no campo do Dereito e 37 % no da Economía segundo os datos publicados pola CNEAI sobre o ano 2003) que habería que sumar á diverxencia existente nos denegados.

Parece, por tanto, que xuntamente con outros factores, pero dun modo bastante determinante os criterios de avaliação son un factor explicativo chave da diverxencia entre dúas áreas que, noutros aspectos (profesorado, dedicación...) presentan grandes similitudes e incluso pertencen á mesma grande área de coñecemento. As queixas formula-

das no pasado por sectores do profesorado da área de Economía fronte a estes criterios e á súa aplicación como un elemento de control académico confirmarían esta hipótese. De feito, as autoridades ministeriais garantiron no pasado a presenza dalgún representante en todas as comisións de avaliación do sector da Economía más afastada de formulacións da corrente dominante e metodoloxicamente cunha investigación más descriptiva ou menos proclive aos modelos numéricos, admitindo, implicitamente, o nesgo dos criterios existentes e a súa utilización como unha ferramenta de poder académico⁴.

Do mesmo modo que uns criterios en que a investigación aplicada e enraizada no contorno parece ser obxecto dunha valoración desfavorábel parece lóxico extraer a consecuencia de que tampouco a utilización das linguas propias será apreciada como un elemento positivo, senón máis ben como un signo contrario ao impacto internacional das contribucións investigadoras, que semella ser o único criterio reitor de avaliación da investigación na maior parte das áreas de coñecemento.

5. A NECESIDADE DE INCIDIR NA FIXACIÓN DE CRITERIOS DE AVALIACIÓN ANTE A DIFICULTADE DO RECURSO FRONTE AS DECISIÓN S AVALIADORAS

Porén, existe unha dificultade de atacar as decisións técnicas das comisións de avaliación. Os recursos fronte a estas decisións vense abocados a recibir como contestación que estas comisións actúan amparadas polos criterios fixados e publicados con anterioridade e aplicados cunha marxe de discrecionalidade técnica. Unha discrecionalidade técnica na aplicación dos criterios que, ademais, os xuíces non están dispostos a entrar a revisar, salvo a evidencia de arbitrariedades, tal e como estableceu a doutrina do Tribunal Supremo na Sentenza do 5 de xullo de 1996 poñendo fin á disparidade xurisprudencial anterior. Mesmo se as comisións fixan como única motivación da súa decisión avaliadora unha cualificación numérica desprovista de calquera valoración do currículo.

Por iso sería tanto máis necesario atacar o núcleo decisorio, isto é incidir na definición dos criterios de avaliación e na forma de designación das comisións garantindo un proceso aberto e transparente mediante sorteо de todos os que cumpran os requisitos.

⁴ Unha reunión da Mesa sectorial de Universidades realizada o 2.7.2003 (http://fete.ugt.org/Estatal/docs/MESA_SECTORIAL_UNIVERSIDADE.pdf) abordou en concreto a cuestión dos sexenios e específicamente os problemas existentes no baixo índice de concesións no campo de Economía. Utilizouse como un argumento a cuestión da dedicación ao ejercicio profesional privado –que foi contestado polos sindicatos comparándoo xustamente coa diferencia dos resultados de Dereito–, tamén se manifestou pola Administración que había un proxecto para axustar os criterios con base nun estudo sobre as publicacións da área e que «en el campo 8, como en Economía Aplicada existen claramente dos «culturas», la de los modelos y la descriptiva; a partir de ahora siempre va a haber en los Comités un vocal de cada una de las dos culturas». Parece, por tanto, que os criterios fixados teñen unha clara incidencia nos resultados da avaliacións.

Por outra banda o Consello de Coordinación Universitaria ratifica os criterios propostos para cada campo de coñecemento. Se ben existe un problema de «deslegalización» da composición na reforma proposta da LOU que a deixa para un posterior desenvolvemento regulamentario, parece claro que tanto a representación autonómica neste órgano como a das universidades ten capacidade de influencia sobre estes dous extremos –determinación de criterios e designación de avaliadores– se existe vontade nese sentido.

6. A PRESENZA DA LINGUA NA AVALIACIÓN DO PROFESORADO: VÍAS DE RECOÑECEMENTO

A dificultade que se pode percibir para que a avaliación da investigación teña en conta, ou cando menos non discrimine, o esforzo das persoas que investigan nalgunha das linguas propias distintas do castelán debe levarnos a examinar se existen outras vías para que se recoñeza ese esforzo que, seguramente, estará mais ligado á actividade docente que á investigación. Para iso é preciso facer mención a dous ámbitos de avaliación que poderían comportar cambios no recoñecemento positivo das linguas propias.

Un destes ámbitos sería o da acreditación precisa para poder optar á maioría das figuras de profesorado contratado segundo o modelo establecido pola LOU. Tendo en conta que estamos a falar dunha avaliación que comprende a actividade docente e investigación e que, por tanto, permite desde un enfoque global da actividade do profesorado valorar todos os aspectos do seu labor seguramente resulta máis factíbel un recoñecemento do esforzo lingüístico neste terreo. Ademais esta avaliación conta coa vantaxe de ser realizada por axencias autonómicas onde se pode introducir unha maior sensibilidade cara á cuestión lingüística.

Sen entrar na discusión competencial sobre a exclusividade ou non da actividade destas axencias⁵, parece claro que, cando menos, as avaliacións que se solicitan ás axencias autonómicas deberían ter en conta este aspecto e introducilo nos seus criterios de avaliación. Por outra banda, o profesorado contratado pode alcanzar ata un 49% do conxunto do profesorado universitario⁶ e está composto maioritariamente por profesorado nos chanzos

⁵ No meu traballo NOGUEIRA LÓPEZ, «La evaluación de la actividad docente e investigadora del profesorado de las universidades públicas», *Revista aragonesa de Administración pública*, n.º 25/2004, cuestiona a competencia da Axencia Estatal (ANECA) para realizar avaliações de profesorado contratado laboral tendo en conta a atribución competencial que a propia LOU realiza en favor das comunidades autónomas en materia de profesorado contratado. Non obstante o intento da Lei catalá de universidades de lle atribuír en exclusiva á súa axencia autonómica estas facultades está pendente dun recurso perante o Tribunal Constitucional do Goberno do Estado.

⁶ O elevado grao de consolidación das universidades públicas despois dunha xa prolongada aplicación da LRU e de estar comezando a superar os efectos do forte aumento do alumnado universitario nos anos oitenta ten unha plasmación directa no profesorado. Case o sesenta por cento (58'50%) do profesorado das universidades públicas presenciais é funcionario fronte a un 41,5% de contratados. Isto é, o nivel de funcionarios supera o fixado

iniciais da súa carreira universitaria polo que a incidencia neste sector do profesorado ten unha relevancia tanto numérica como de consolidación dun profesorado con longo percorrido académico que non pode ser desprezada de cara ao asentamento das linguas propias na docencia e a investigación.

A anunciada reforma da LOU⁷ lévanos a un segundo ámbito en que, de xeito paralelo ao que propugnamos para o profesorado contratado, pode introducise a variábel do recoñecemento do uso da lingua propia na docencia e a investigación. A implantación dun sistema de acreditación curricular como requisito previo aos concursos de acceso nos corpos de funcionarios (substituíndo a habilitación) podería tomar en consideración o uso da lingua no marco da avaliación do traballo docente e investigador. Non obstante, esta opción presenta máis dificultades posto que o persoal funcionario experimentou desde a aprobación da LOU un reforzamento da súa consideración como persoal de competencia estatal –ao desaparecer á referencia á lexislación autonómica da LRU e centralizar os requisitos previos necesarios para o acceso– o que parece conducir, inevitabelmente, a unha maior resistencia a introducir esta cuestión no campo de avaliación.

De cara ao proceso de discusión da reforma da LOU sería conveniente, xa que o sistema tende cara a un reforzamento dos sexenios para efectos extra-retributivos, incidir na transparencia dos criterios de avaliación investigadora e de acreditación de cara ao acceso aos corpos docentes. Os criterios xerais e específicos debería ratificalos o Consello de Coordinación Universitaria. Ao igual que sucede coa acreditación do Profesorado contratado sería necesario que a nova acreditación funcional considere a

como mínimo pola LOU en case todas as universidades e en moitas delas faino amplamente (U. Córdoba: 67'31%; U. Granada: 64.40 %; U. Oviedo: 71'29 %; U. LLeida: 65'49 %; U. Valencia: 74'83 %; U. Santiago: 65'6%; U. Politécnica de Madrid: 71'21 %; U. País Vasco: 67'73%). Excepto naquelas universidades más novas (U. Pablo de Olavide: 20'70%; U. Miguel Hernández: 41'50%), ou naquelas outras que optaron por un modelo de estudios e profesorado distinto (U. Pompeu Fabra: 33'93%; U. Carlos III: 31'14%), o nivel de funcionarización do profesorado é, por tanto, moi alto. Datos porcentuais de J. HERNÁNDEZ ARMENTEROS (coord.), *La Universidad española en cifras (año 2004). Información académica, productiva y financiera de las Universidades públicas españolas. Año 2002*; CRUE (www.crue.org).

⁷ A proposta de reforma pode consultarse en <http://www.mec.es/univ/novedades.html> con data do 3 de novembro de 2005. Na páxina web da CRUE hai varios documentos valorando a proposta de reforma.

docencia⁸. Tamén sería preciso harmonizar os criterios das comisións implicadas na acreditación e facer transparente a forma de designación e esta cuestión debería estar regulada na propia lei. Tampouco se debe esquecer a conveniencia dun maior nivel de detalle na fixación de criterios seguindo tamén o exemplo da avaliación do profesorado contratado en que o desagregación dos méritos avaliábeis e a atribución dun correlato numérico permite facer relativamente previsíbeis de antemán os resultados da avaliación.

7. CONCLUSIÓN

Unha primeira aproximación aos datos referidos á avaliación da actividade investigadora permiten apreciar como, debido aos criterios de avaliación que se aplican, a protección dos dereitos lingüísticos do profesorado e a normalización da lingua no ámbito da investigación resulta non só preterida senón claramente desincentivada. Parece tamén acreditado que este non é o único nin o principal problema deses criterios de investigación que, naquelhas áreas de coñecemento onde a compoñente ideolóxica ten unha maior presenza nas liñas investigadoras, actúan como un filtro de control académico.

Un elemento que debe ser valorado negativamente é a escasa sincronía destes criterios de avaliación da actividade investigadora coas obrigas de servizo ao contorno máis próximo e á función social que debe cumplir a Universidade na sociedade do coñecemento por un enfoque excesivamente unilateral da investigación cara á proxección internacional dos resultados científicos. Este enfoque ten unha incidencia inevitábel na elección do obxecto e a lingua de investigación polos investigadores que podería ser corrixido xunto a outros aspectos relacionados coa transparencia do procedemento de avaliación que difficilmente poden ser defendidos na súa configuración actual.

⁸ Nesta mesma liña pronunciouse recentemente a Conferencia de Reitores que aprobou un «*Acuerdo de la Asamblea General de la Conferencia de Rectores de las Universidades Españolas (CRUE) celebrada el 25 de enero de 2006*

1. Profesorado funcionario

1.1. Sistema de acreditación

Se valora positivamente la propuesta de sustituir el sistema de habilitación por un sistema de acreditación. Ello no obstante, considera interesante hacer algunas propuestas sobre su diseño que pueden mejorarlo

a) De un lado, y en relación con los criterios que han de regir el proceso de acreditación (*art. 57.2*), parece razonable, en primer lugar, que los criterios generales deban ser objeto de ratificación por el Consejo de Coordinación. De otro lado, en el contexto del impulso de las tareas docentes dentro del conjunto de la actividad del PDI, no resultaría irrelevante que se hiciera expresa referencia a los méritos docentes, investigadores y de gestión en relación con los indicados criterios. Por último, es claro que los criterios generales y, sobre todo, los singulares para cada campo de conocimiento tienen que ser transparentes y suficientemente detallados. (...)

c) De otro lado, en relación ahora con las distintas comisiones (*art. 57.2 y 3.*) que participan en el proceso de acreditación, tanto las que aprueban los criterios como las que deciden la acreditación, se observan distintas disfunciones en relación con los requisitos exigidos para formar parte de las mismas. De una parte, se hace únicamente hincapié en el reconocimiento de sexenios de investigación cuando, si se pretende impulsar la actividad docente, podría tener cierta relevancia exigir también el reconocimiento de quinquenios docentes».

Tecnoloxías da lingua galega e normalización lingüística

XAVIER GÓMEZ GUINOVART

Seminario de Lingüística Informática

Universidade de Vigo. <http://sli.uvigo.es>

1. AS TECNOLOXÍAS DA LINGUA

As tecnoloxías da lingua (TL), xunto coa enxeñaría lingüística, o procesamento da linguaxe natural e boa parte das industrias da lingua, forman parte da orientación más aplicada da lingüística computacional. O seu obxectivo central é o desenvolvemento de aplicacións informáticas de uso xeral para facilitar o uso da lingua, a súa tradución, o seu estudo e a súa aprendizaxe. Con todo, o desenvolvemento de aplicacións de TL supón unha sólida base previa de recursos e ferramentas. Por ferramentas de TL entendemos os sistemas informáticos orientados ao desenvolvemento de aplicacións de TL, mentres que os recursos de TL constitúen os datos lingüísticos sobre os que se constrúen as aplicacións. Os recursos e a investigación lingüística constitúen os alicerces das ferramentas e das aplicacións e, asemade, as ferramentas e as aplicacións son de grande utilidade cando se trata de ampliar ou de mellorar os recursos lingüísticos adquiridos. As ferramentas, os recursos e as aplicacións son os componentes que integran os sistemas de TL. Podemos observar a súa interrelación na seguinte figura, empregando como elemento de comparación o nivel de análise lingüística con que se vincula cada elemento (cf. Sarasola, 2000)

Aplicacións	A8. sistemas de diálogo			
	A7. sistemas de aprendizaxe de idiomas			
	A6. tradución automática e asistida			
	A5. recuperación da información, extracción da información, sistemas de pregunta-resposta, resumo e catalogación			
	A3. corrector gramatical e do estilo			
	A1. corrector ortográfico			
	Léxico	Morfología	Sintaxe	Semántica
				Fala

Ferramentas			F6. desambiguación semántica no nível léxico	
				F5. procesamento da fala no nível de frase
			F4. analizador sintáctico	
		F3. etiquetador morfolóxico e lematizador		
		F1. análise e xeración morfolóxica		
	Léxico	Morfoloxía	Sintaxe	Semántica
Fala				

Recursos	R9. córpora anotados semanticamente e cos sentidos das palabras desambiguados						
	R8. base de coñecementos léxico-semánticos						
	R7. córpora de textos anotados sintacticamente						
	R6. listaxe de lemas con información morfo-sintáctica e con expresións plurilexemáticas						
	R5. córpora de textos anotados categorialmente e lematizados						
	R4. listaxe de lemas con información morfosintáctica						
	R2. córpora de textos crus ou sen anotar			R3. córpora orais			
	R1. listaxe de palabras flexionadas						
Fala							
Léxico Morfoloxía Sintaxe Semántica Fala							

1.1. APPLICACIÓNS DAS TECNOLOXÍAS DA LINGUA

O abano de aplicacións xeradas no eido das TL é realmente amplo, áinda que o podemos presentar dunha maneira didáctica agrupando os seus produtos en catro categorías: os sistemas de comprensión e xeración de textos, as aplicacións das tecnoloxías da fala, as aplicacións para o procesamento documental e as aplicacións para o procesamento plurilingüe.

1.1.1. Comprensión e xeración de textos

Os sistemas informáticos de comprensión da linguaxe permiten que o computador, a partir dun enunciado oral ou escrito, sexa quen de construír unha representación do seu significado, permitindo por tanto que o computador obedeza ordes humanas expresadas en lingua natural. Por outra banda, os programas informáticos de xeración de textos logran que os computadores poidan elaborar un texto a partir dun significado, facilitando que os computadores expresen os datos que coñecen en forma de enunciados dunha lingua natural humana. A combinación axeitada das técnicas informáticas de comprensión e de xeración de enunciados permite establecer diálogos en lingua natural entre un computador e unha persoa (A8). Na maioría dos casos, a través dese diálogo, o ser humano procurará resolver un problema axudándose da potencia de cálculo do computador ou tentará coñecer unha información almacenada na súa memoria; noutras circunstancias, nos ámbitos da robótica e da domótica, a persoa indicará mediante enunciados lingüísticos as accións físicas que debe realizar a máquina ou o robot controlado polo computador.

1.1.2. Tecnoloxías da fala

As tecnoloxías da fala ocúpanse do procesamento dos sons da linguaxe co obxectivo de permitir a comunicación oral entre as persoas e os computadores. Cando a dirección da comunicación é da persoa ao computador empréganse aplicacións de recoñecemento da fala, que consiste no procesamento da percepción acústica ou conversión de voz a texto (A2). As técnicas de recoñecemento da fala son cada vez más populares grazas aos programas de ditado. Os sistemas de ditado máis recentes para computadores persoais permiten ditar texto ao computador utilizando fala continua cunha precisión bastante elevada. Os mellores produtos de ditado, en condicións estándar, poden obter máis do 90 por cento de fiabilidade despois dun mínimo adestramento. Outras aplicacións importantes do recoñecemento da fala son o control vocal do computador, de grande relevancia para persoas con certas discapacidades motoras, e o acceso vocal a servizos automatizados por vía telefónica. Por outro lado, cando a dirección da comunicación é do computador á persoa, utilizanse as técnicas de síntese da fala, que consisten no procesamento da producción fonética ou conversión de texto a voz (A4). As aplicacións más coñecidas da síntese da fala son os programas de lectura, que permiten escoitar con voz sintetizada calquera texto que apareza na pantalla do computador. Estas aplicacións son imprescindíbeis para profesionais que teñen que saber o que pon nunha pantalla, pero non poden desviar a súa mirada do traballo que están a realizar (como cando se está a pilotar un avión ou a realizar

unha cirurxía médica) e, por suposto, para as persoas cegas ou con outro tipo de discapacidades visuais que manexan un computador.

1.1.3. Procesamento documental

As aplicacións de procesamento documental están concibidas para o seu uso durante a elaboración, a xestión e a revisión de documentos textuais. Estas constitúen algunas das actividades más comúns na informática persoal e, por tanto, un dos ámbitos de maior relevancia para as TL. Dentro desta gama de aplicacións, pódense citar os diccionarios electrónicos e os sistemas de verificación automática da ortografía (A1), a sintaxe e o estilo (A3) integrados nos procesadores de texto, os programas de xeración automática de resumos, os sistemas de extracción de información, os sistemas de recuperación da información textual, os sistemas de pregunta-resposta e os programas de catalogación documental automatizada (A5). A xeración automática de resumos permite presentar a información dos documentos de maneira sinóptica, o que posibilita realizar unha avaliación visual rápida da súa pertinencia en relación a unha necesidade específica de información. No canto diso, as aplicacións de extracción da información serven para localizar un conxunto de datos concretos nun texto, por exemplo, para incorporar eses datos a unha base de datos. A diferenza das aplicacións de comprensión da lingua natural e de xeración de resumos, a extracción da información non pretende representar toda a información dun texto, senón únicamente a información seleccionada, coa finalidade de ofrecer unha vía eficiente de consulta aos grandes volumes de datos escritos en lingua natural nas notícias dos xornais, nos informes médicos hospitalarios ou nas sentenzas xudiciais. Pola súa banda, a recuperación da información textual traballa con conxuntos amplos de documentos e, tipicamente, co conxunto de documentos accesíbeis na web. O seu obxectivo é seleccionar, a partir dese conxunto, os documentos máis relevantes en relación cunhas necesidades concretas de información expresadas nunha consulta en forma de termos chave. O resultado da consulta é a lista seleccionada dos documentos que o sistema de recuperación da información (tipicamente, o buscador de Internet) considera relevantes para satisfacer a consulta. Outro tipo distinto de aplicacións para a procura de información textual en grandes volumes de documentos son os sistemas de pregunta-resposta. Estes sistemas están deseñados para responder a preguntas formuladas en lingua natural, baseándose na información contida en grandes coleccións de textos e, tipicamente, de novo, no conxunto de documentos accesíbeis na web. Dada unha consulta en forma de pregunta en lingua natural, un sistema de pregunta-resposta, en primeiro lugar, vai tratar de comprender a pregunta e, despois, non se vai limitar a confeccionar unha listaxe cos enderezos dos documentos máis relevantes, como había facer un sistema de recuperación da información, senón que vai mirar de atopar entre os documentos consultados a resposta concreta a esa pregunta. Por último, as aplicacións de catalogación documental determinan automaticamente o contido xeral dos textos analizados e clasificanos dentro dunha tipoloxía semántica preestablecida. Por exemplo, as axencias de novas usan filtros de catalogación documental automática para recoller mensaxes de todo o mundo, analizalas,

e clasificalas por categorías, de xeito que as mensaxes relevantes poidan ser reenviadas inmediatamente aos clientes apropiados.

1.1.4. Procesamento plurilingüe

As principais aplicacións para o procesamento plurilingüe están orientadas cara ao ensino de linguas ou cara á tradución. No primeiro grupo, situariamos as aplicacións didácticas da informática, como os métodos de aprendizaxe de idiomas (A7) asistida por computador e os programas de creación de exercicios para clase. No segundo, as aplicacións para a tradución (A6), como os programas de tradución automática e os sistemas integrados de tradución asistida. Estes sistemas integrados combinan nun único produto informático un procesador de textos especialmente deseñado para traducir, un conxunto de diccionarios bilingües, ferramentas para a xestión terminolóxica (para a creación e o mantemento de glosarios, a consulta automática de glosarios durante a tradución, e a extracción automática de terminoloxía), e unha utilidade de tradución asistida denominada *memoria de tradución*. A memoria de tradución consiste nunha base de datos onde se almacena a versión orixinal e traducida de cada unha das frases que se traducen no marco da aplicación. Cando se está traducindo unha frase, o programa detecta automaticamente se esa mesma frase ou outra similar xa fora traducida con anterioridade, de xeito que se poida reutilizar a tradución vella coas modificacións que se consideren oportunas, e non cumpra reescribila completamente de novo. Un último tipo particular de aplicacións para o procesamento plurilingüe é o constituído polos programas de identificación automática da lingua, os cales tentan determinar de maneira automática, no menor tempo posíbel e con distintas finalidades, o idioma que está sendo utilizado pola persoa que interacciona co computador.

1.2. RECURSOS LINGÜÍSTICOS E FERRAMENTAS DE DESENVOLVEMENTO

Porén, como xa indicamos na introdución deste apartado, o desenvolvemento de aplicacións de TL para unha lingua depende dunha maneira crucial dos recursos e ferramentas de TL ao seu dispor e, de certo, os recursos más necesarios na construcción de aplicacións de TL son os diccionarios e os córpora lingüísticos. Os diccionarios poden consistir en simples listas de palabras flexionadas (R1), nunha listaxe de lemas con información morfosintáctica (R4), na listaxe anterior ampliada con expresións plurilexemáticas (R6), en bases de coñecementos léxico-semánticos (R8), ou en calquera dos anteriores formatos complementados con información léxica plurilingüe. Os córpora tamén poden amosar unha grande variedade e complexidade, desde os córpora de textos crus ou sen anotar (R2), aos córpora de textos anotados categorialmente e lematizados (R5), os córpora de textos anotados sintacticamente (R7) e os córpora anotados semanticamente e cos sentidos das palabras desambiguados (R9), alén da posíbel versión plurilingüe de cada un destes formatos, con textos comparábeis ou paralelos, e dos córpora orais (R3).

As diversas características dos córpora están en función do seu contido textual e das aplicacións para as que foron deseñados. Por exemplo, moitas aplicacións das tecnoloxías da fala (como as axendas por voz, os sistemas de ditado ou as utilidades de

control oral do teléfono móvil) basean os seus algoritmos de identificación de palabras en corpora orais de aprendizaxe constituídos por enunciados gravados en condicións acústicas controladas. Moi distintos destes corpora orais son os corpora compostos por textos escritos orientados, por exemplo, á elaboración de algoritmos para a clasificación de documentos en aplicacións como o filtrado do correo electrónico lixo ou o direccionamento selectivo de textos. Dentro desta categoría de corpora escritos é onde hai que situar os corpora escritos plurilingües, constituídos por textos escritos en dous ou máis idiomas, e creados para satisfacer diversas necesidades relacionadas co procesamento informático do multingüismo. Os corpora paralelos representan unha especialización dos corpora plurilingües, na que os textos recompilados son traducións os uns dos outros. En calquera caso, os corpora crus, isto é, os corpora que conteñen exclusivamente as palabras e os signos de puntuación dos textos orixinais, teñen unha utilidade bastante limitada para as TL. Para que os corpora comecen a ser verdadeiramente útiles no desenvolvemento de aplicacións, débese enriquecer o texto dos documentos orixinais con diversos tipos de información lingüística, se é posíbel, de xeito automático ou semiautomático, mediante unha ferramenta específica de desenvolvemento de TL. Estes corpora enriquecidos con información lingüística reciben a denominación de corpora etiquetados, xa que a información engadida ao texto orixinal incorpórarse contida dentro de etiquetas, en xeral, empregando algunha especificación da linguaxe XML para a anotación de textos.

As ferramentas de desenvolvemento de TL, pola súa banda, son programas informáticos que realizan tarefas lingüísticas moi concretas e especializadas sobre as que se constrúen as aplicacións más xerais de TL de uso común. De acordo coa tarefa específica á que estean destinadas, podemos agrupar as ferramentas básicas de TL en programas de análise e xeración morfolóxica (F1), programas para o procesamento da fala no nivel de palabra (F2), programas de desambiguación morfolóxica e lematización (etiquetadores) (F3), programas de análise sintáctica (F4), ferramentas para o procesamento da fala no nivel de frase (F5), e programas de desambiguación semántica no nivel léxico (F6). Na actualidade, a anotación morfosintáctica dos corpora etiquetados (isto é, a incorporación dunha indicación da súa categoría gramatical a cada palabra do corpus) pode efectuarse cun alto grao de automatización, polo que resulta o tipo de anotación que se atopa con máis frecuencia nos corpora etiquetados. Os programas etiquetadores analizan categorialmente as palabras do corpus e devólvenas acompañadas da súa etiqueta coa categoría morfosintáctica máis probábel no seu contexto, cunha taxa de acerto moi elevada. Algúns destes etiquetadores logran tamén establecer o lema (ou entrada de diccionario) de cada palabra etiquetada con moito acerto. Os resultados dos programas etiquetadores constitúen o punto de partida para os programas de análise sintáctica, que se encargan de construír representacións sintácticas das frases analizadas segundo, en xeral, as especificacións dalgunha gramática computacional elaborada para tal efecto. Os programas de desambiguación semántica no nivel léxico, finalmente, analizan cada palabra polisémica do texto para indicar cal dos seus posíbeis significados é o máis probábel no seu contexto de aparición.

2. AS TECNOLOXÍAS DA LINGUA GALEGA

No caso da lingua galega, os principais axentes implicados na produción de TL son os centros de investigación pública, fundamentalmente universitarios, e un contado conxunto de empresas de capital privado. Entre os primeiros, os grupos máis activos e con máis experiencia nesta disciplina son o Grupo de Tratamento do Sinal da Universidade de Vigo (<http://www.gts.tsc.uvigo.es>), o Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.usc.es/~ilgas/>), e o Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo (<http://sli.uvigo.es>); e, xa fóra do ámbito universitario, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, dependente da Xunta de Galicia (<http://www.cirp.es>). No sector privado, as empresas que desenvolven actividades más relacionadas coas TL son Imaxin Software (<http://www.imaxin.com>) e Dimensiona (<http://www.dimensiona.com>), as dúas situadas en Santiago de Compostela.

2.1. PANORAMA DAS TECNOLOXÍAS LINGÜÍSTICAS DO GALEGO

Recollemos a continuación algunas das aplicacións e dos recursos de TL más relevantes para a lingua galega dispoñíbeis a través de Internet neste momento (inicios de 2006), seguindo a clasificación exposta no apartado anterior, co obxectivo de ofrecer, aínda que sexa dun xeito moi sucinto, unha visión panorámica do estado da cuestión neste ámbito de traballo da lingüística aplicada do galego.

A1. *Corrector 2.Mil3*. Última versión do corrector ortográfico de galego de Imaxin Software para Microsoft Office, baseado no VOLG (Santamarina, 2003). Inclúe as normas aprobadas pola Real Academia Galega en 2003. A descarga do corrector é gratuíta desde a páxina web de Imaxin Software, no enderezo <http://www.imaxin.com>.

A2. *Transcraigal*. Sistema de conversión voz-texto para a transcripción automática de programas de noticias desenvolvido polo Grupo de Tecnoloxías do Sinal da Universidade de Vigo (García Mateo, 2003). Hai unha versión de demostración na web no enderezo <http://www.gts.tsc.uvigo.es/Transcraigal>.

A4. *Cotovía*. Sistema de conversión texto-voz desenvolvido polo Grupo de Tecnoloxías do Sinal da Universidade de Vigo (García Mateo, 2003). Pódese probar unha versión de demostración na web no enderezo <http://www.gts.tsc.uvigo.es/cotovia/>.

A7. *Tradutor español <-> galego*. Tradutor automático OpenTrad/Apertium español-galego e galego-español de código aberto desenvolvido polo Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo (Corbí Bellot e outros, 2005). O seu uso é libre e gratuíto a través da nosa web no enderezo <http://sli.uvigo.es/tradutor>.

A8. *é-galego*. Curso multimedia de galego de nivel intermedio dirixido a falantes de castelán, elaborado polo Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela (Rodríguez Malmierca e Gromaz Campos, 2002). De seguimento libre e gratuíto na web no enderezo <http://e.galego.cesga.es>.

F3-F4. *Analizador lingüístico de galego*. Demostración das ferramentas FreeLing (Atserias e outros, 2006) de análise morfolóxica, desambiguación, lematización e análise sintáctica da lingua galega desenvolvidas polo Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo. O seu uso é libre e gratuíto a través da nosa web no enderezo <http://sli.uvigo.es/lingua>.

R2. *Tesouro Medieval Informatizado da Lingua Galega (TMILG)*. Corpus diacrónico do galego, de máis de nove millóns de palabras, desenvolvido no Instituto da Lingua Galega (Varela Barreiro, 2004). Contén a totalidade das obras non notariais publicadas da Galicia medieval (literarias, históricas, relixiosas, xurídicas e técnicas) e o 80% das obras notariais publicadas. De libre consulta, tras a alta no sistema, no enderezo <http://corpus.cirp.es/tmilg>.

R2. *Corpus de Referencia do Galego Actual (CORGa)*. Corpus de textos do galego contemporáneo (desde 1975 á actualidade) de 17500000 palabras, desenvolvido polo Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades (López Martínez, 2005) e accesible vía internet, tras a alta no sistema, no enderezo <http://corpus.cirp.es/corga>.

R3. *A Nosa Fala*. Corpus oral representativo de todas as variedades diatópicas do galego desenvolvido no Instituto da Lingua Galega (Fernández Rei e Hermida Gulías, 2003), e dispoñible libremente na web no enderezo <http://www.consellodacultura.org/archivos/asg/anosafala.php>.

R5. *Corpus Lingüístico da Universidade de Vigo (CLUVI)*. Corpus paralelo, de traducións ao galego ou do galego, de 14 millóns de palabras, desenvolvido polo Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo (Gómez Guinovart e Sacau Fontenla, 2004) e de libre consulta no enderezo <http://sli.uvigo.es/CLUVI>.

R5. *Corpus Técnico do Galego (CTG)*. Corpus etiquetado e lematizado de rexistros especializados do galego contemporáneo nos ámbitos do dereito, da economía, da informática e as telecomunicacións, e da ecoloxía e medio ambiente, que están a realizar o Seminario de Lingüística Informática e o Observatorio de Neoloxía da Universidade de Vigo. De libre consulta no enderezo <http://sli.uvigo.es/CTG>.

R5. *Tesouro Informatizado da Lingua Galega (TILG)*. Corpus etiquetado e lematizado do galego moderno de 20 millóns de palabras desenvolvido no Instituto da

Lingua Galega. Contén case a totalidade das obras en galego entre 1612 e 1980. De libre consulta na web no enderezo <http://www.ti.usc.es/TILG>.

R6. *Dicionario CLUVI inglés-galego (CLIG)*. Dicionario bilingüe inglés-galego elaborado a partir do corpus paralelo CLUVI, que conta cunhas 10 000 acepcións ilustradas con exemplos documentados nos textos en inglés traducidos ao galego recompilados no CLUVI (Gómez Guinovart e Sacau Fontenla, 2005). De acceso libre e gratuíto na web no enderezo <http://sli.uvigo.es/CLIG>.

R6. *Dicionario da Real Academia Galega (DRAG)*. Versión electrónica do dicionario de referencia da RAG (García Pérez e González González, 1997), que conta cunhas 20 000 entradas. De libre consulta no enderezo <http://www.edu.xunta.es/diccionarios>.

R6. *Dicionário e-Estraviz*. Versión electrónica actualizada do dicionario de Estraviz (Estraviz, 1995), que conta cunhas 90 000 entradas redactadas en normativa reintegacionista. De libre consulta no enderezo <http://www.agal-gz.org/estraviz/>.

2.2. LIÑAS DE TRABALLO

Este panorama que acabamos de presentar permítenos observar algunas das insuficiencias das tecnoloxías da lingua galega que cumpriría emendar a curto prazo. Con certeza, unha das eivas más importante dáse no ámbito da semántica computacional, no que se constata a inexistencia de componentes funcionais en todos os niveis de desenvolvemento. No nivel básico dos recursos lingüísticos, non dispomos nin dunha base de coñecemento léxico-semánticos do galego, nin de córpora anotados desambiguados semanticamente e, paralelamente, no nivel das ferramentas, tampouco dispomos áinda de programas informáticos para a desambiguación semántica das palabras dun texto. No nivel das aplicacións, tanto a inexistencia de sistemas complexos de diálogo baseados na comprensión automática dos enunciados, coma a inexistencia de aplicacións de extracción de información en galego que aproveiten o potencial do procesamento semántico (como os sistemas de pregunta-resposta), están motivadas en grande medida por esta ausencia de recursos e ferramentas sobre os que fundamentar a análise semántica imprescindible para o funcionamento destas importantes tecnoloxías.

No campo dos recursos lingüísticos, cómpre seguir traballando na elaboración e na disponibilidade en Internet de repertorios lexicográficos plurilingües para distintas combinacións lingüísticas co galego para as que non dispomos de ningún recurso electrónico hoxe en día. De certo, unha das combinacións con maior demanda social sería a combinación galego-español-galego, ainda que tamén serían dunha grande utilidade para as didácticas das linguas e para a tradución profesional as combinacións galego-francés-galego, galego-alemán-galego e outras. Outra das eivas salientábeis no campo dos recursos lexicográficos cuxa solución consideramos prioritaria son os dicionarios electrónicos de sinónimos e de ideas afins, tan necesarios nas aplicacións de escritura asistida por

ordenador facilitadas polos procesadores de texto, coma nos sistemas avanzados de recuperación de información que os utilizan para expandir os termos chave da consulta.

Finalmente, no ámbito das aplicacións, hai que traballar arreo en tres vertentes de grande relevancia. Por un lado, para desenvolver sistemas de corrección gramatical e do estilo que, integrados nos procesadores de textos más populares, actúen como asistentes na redacción de documentos en lingua galega. Por outro, na elaboración de aplicacións operativas para a recuperación, a extracción, a consulta, o resumo e a catalogación da información escrita na nosa lingua. Por último, no desenvolvemento dun tradutor automático inglés-galego e galego-inglés que, con todas as limitacións da tradución automática, pero tamén con todas as súas vantaxes de inmediatez e gratuidade, nos permita acceder en galego aos contidos orixinalmente redactados en inglés e, ao mesmo tempo, nos permita presentar en lingua inglesa os textos redactados orixinalmente no noso idioma.

3. TECNOLOXÍAS DA LINGUA E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

A dirección actual da investigación e desenvolvemento en tecnoloxías da lingua sinala dous obxectivos prioritarios: por unha banda, a superación das barreiras lingüísticas que, especialmente no ámbito de Internet, impiden un acceso igualitario aos contidos e, de maneira moito más relevante para a industria, dificultan a implantación efectiva dun comercio electrónico realmente global; por outra banda, a superación das «barreiras arquitectónicas» de acceso ás novas tecnoloxías mediante a implementación de interfaces de interacción persoa-computador en linguaxe natural oral (Gómez Guinovart, 2000). As tecnoloxías chave que nos haberán de permitir o uso da propia lingua para acceder a todas as posibilidades de información, comunicación e consumo postas ao dispor dos habitantes do primeiro mundo polas novas tecnoloxías son a identificación automática da lingua, a tradución automática, o recoñecemento e síntese da fala, a recuperación interlingüística da información, os sistemas de diálogo e a web semántica. Porén, para poder acceder en igualdade de condicións a esta infraestrutura social e económica na que se configura a nosa sociedade da información, unha comunidade lingüística deberá contar con estas tecnoloxías e deberá estar representada dentro desa infraestrutura. Pola súa grande incidencia social, a presenza dunha lingua neste ámbito ha ser determinante para acadar ou para conservar o estado de lingua normalizada.

Estimamos que a presenza do galego nas tecnoloxías da lingua, e a través delas en Internet, resulta tamén determinante para a súa normalización lingüística porque, por unha banda, Internet é o medio de comunicación actual de maior importancia estratégica, e a presenza do galego nos medios de comunicación é imprescindíbel para a súa normalización; por outra banda, porque o incremento da percepción social do prestixio e utilidade do galego é fundamental para a recuperación da súa transmisión lingüística familiar, e a presenza do galego en Internet garante o incremento necesario desa percepción de prestixio e utilidade; e, finalmente, porque o galego precisa dunha identidade e unha presenza in-

ternacional recoñecida e respectada, e a presenza do galego en Internet asegura a difusión axeitada para o seu coñecemento e recoñecemento no nivel global (Ramos i Armengol, 1997; Gómez Guinovart, 2003).

En último termo, pensamos que a presenza do galego nas tecnoloxías da lingua, e a través delas na informática, é importante para a súa normalización porque pode contribuír a aumentar o seu uso, o seu prestixio e a súa utilidade, ademais de constituir un factor simbólico importante na percepción propia e allea da nosa lingua.

4. CONCLUSIÓN

Aínda que o estado actual das tecnoloxías da lingua galega pon de manifesto o inmenso traballo que se ten feito, o certo é que existen algunas eivas importantes que cumpliría emendar a curto prazo. Consideramos que as tarefas de normalización da lingua galega deben incluir entre os seus obxectivos o de dotar a sociedade do conxunto necesario de tecnoloxías da lingua galega. Estas tecnoloxías constitúen o requisito imprescindible para que a comunidade lingüística galega poida acceder en pé de igualdade e na lingua de seu a todos os bens e servizos da sociedade da información. A responsabilidade principal na promoción e xestión do desenvolvemento destas tecnoloxías corresponde ás institucións públicas galegas e, moi concretamente, á Secretaría Xeral de Política Lingüística e á Consellaría de Innovación e Industria, que deben realizar un importante esforzo para situar en as tecnoloxías da lingua galega ao nivel das linguas normalizadas do noso contorno, contando co compromiso necesario das entidades públicas e privadas con implicación social e procurando a optimización dos investimentos públicos. Neste sentido, cumpliría garantir que a obtención dos produtos vaia sempre vinculada á formación de persoal investigador propio e á creación de tecido económico galego, e cumpliría, asemade, asegurar a divulgación social dos resultados, fomentando que os produtos realizados grazas aos investimentos públicos en investigación, desenvolvemento e innovación sexan realmente públicos e reutilizábeis, libres, de código aberto, e compartidos sen restricións innecesarias.

REFERENCIAS

- Atserias, J., B. Casas, E. Comelles, M. Gonzàlez, L. Padró e M. Padró (2006). «FreeLing 1.3: Syntactic and semantic services in an open-source NLP library», en *Proceedings of the 5th International Conference on Language Resources and Evaluation (LREC 2006)*. Xénova (Italia).
- Corbí Bellot, A.M., M.L. Forcada, S. Ortiz Rojas, J. A. Pérez Ortiz, G. Sánchez Ramírez, F. Sánchez Martínez, I. Alegria, A. Mayor e K. Sarasola (2005). «An open-source shallow-transfer machine translation engine for the Romance languages of Spain». En *Proceedings of the European Association for Machine Translation, 10th Annual Conference*. Budapest (Hungria).
- Estraviz, I.A. (1995). *Dicionário da língua galega*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Fernández Rei, F. e C. Hermida Gulías (2003). *A nosa fala: bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.
- García Mateo, C. (2003). «Tecnologías del habla y lenguas minoritarias», en *Procesamiento del lenguaje natural*, 31: 381-384.
- García Pérez, C. e M. González González (dir.) (1997). *Diccionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Gómez Guinovart, X. (2000). «Perspectivas de la lingüística computacional» en *Novática: Revista de la Asociación de Técnicos de Informática*, 145: 85-87.
- Gómez Guinovart, X. (2003). «A lingua galega en Internet», en A. Bringas e B. Martín (eds.), *Nacionalismo e globalización: lingua, cultura e identidade*: 71-88. Vigo: Servizo de Publicacións da Universidade de Vigo.
- Gómez Guinovart, X. e E. Sacau Fontenla (2004). «Parallel corpora for the Galician language: building and processing of the CLUVI (Linguistic Corpus of the University of Vigo)», en *Proceedings of the 4th International Conference on Language Resources and Evaluation (LREC 2004)*. Lisboa (Portugal).
- Gómez Guinovart, X. e E. Sacau Fontenla (2005). «Técnicas para o desenvolvemento de dicionarios de tradución a partir de córpora aplicadas na xeración do Dicionario CLUVI Inglés-Galego», en *Viceversa: Revista Galega de Traducción*, 11: 159-171.
- López Martínez, M.S. (2005). «El Corpus de Referencia del Gallego Actual (Corga). Problemas de configuración y anotación», en C.D. Pusch, J. Kabatek e W. Raible (eds.), *Romanistische Korpuslingistik II: Korpora und diachrone Sprachwissenschaft*: 281-292. Tübingen: Gunter Narr Verlag.
- Ramos i Armengol, R. (1997). «Internet com a eina de dinamització lingüística»: en *Llengua i ús*, 9: 13-20.
- Rodríguez Malmierca, M.J. e M. Gromaz Campos (2002). «É-galego: aprendiendo gallego en la red»: en *Ágora Digital*, 3.
- Santamarina, A. (2003). «O Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG): criterios de elaboración», en M. Álvarez de la Granja e E. González Seoane (eds.), *A estandarización do léxico*: 53-92. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

- Sarasola K. (2000). «Strategic priorities for the development of language technology in minority languages», en *Proceedings of Workshop «Developing language resources for minority languages: re-useability and strategic priorities»*. *Second International Conference on Language Resources and Evaluation (LREC 2000)*. Atenas (Grecia).
- Varela Barreiro, X. (2004). «Un proxecto do ILG no abalo da gramática histórica da lingua galega», en R. Álvarez, F. Fernández Rei e A. Santamarina (eds.), *A lingua galega: historia e actualidade*, vol. 2: 649-684. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Consello da Cultura Galega.

É o inglés imprescindible para a investigación? A necesidade de recoñecermos o plurilingüismo

TERESA MOURE

Universidade de Santiago de Compostela

I

Desde que a especie á que pertencemos se instalou no planeta comezou a súa procura polo coñecemento. No entanto, ata época moi recente os buscadores de novedades tiveron que absterse de provocar a cólera dos deuses, seres implacables e iracundos. Os buscadores de novedades, eses que logo foron chamados científic@s, autolimitábanse nas súas pescudas para non contravir os presupostos predicados polos chamáns, os sacerdotes, os magos da tribo. Aínda en pleno século XIX, a época da revolución industrial, dos escritos de Marx, da redacción dos dereitos humanos, de inventos que commoveron o mundo, coma o avión, o cinematógrafo, as ondas de radio, o motor diésel ou a aspirina, os científicos tiñan que cadrar os seus resultados coa Biblia. Así se explica, por exemplo, que a teoría da evolución tivese que afrontar unha enorme resistencia: a comunidade científica non atopaba o xeito de argumentar contra o esencialismo bíblico de que o ser humano fora creado a imaxe e semellanza de Deus e, xa que logo, estar emparentados cos simios parecía, máis ca un escuro asunto de familia deses que se agochan en público, unha auténtica herexía.

Por iso eu aquí, buscadora tamén de novedades, estou a pasar medo. Paso medo porque sei que os magos da tribo impuxeron hai moito o suposto de que a investigación debe practicarse en inglés, que o inglés é doado de aprender (a ver, quen non sabe inglés na Universidade, nos centros de investigación?) que o inglés non se mete con ninguén e permite que deamos a coñecer as nosas descubertas, que o inglés, en fin, nos fai felices e libres. Unha soa causa xustifica esta disertación inicial en torno á ciencia: que, con este relatorio propoño derrubar un prexuízo tan comunmente espallado que toda argumentación será pouca para o desterrar. Propónome sostener, ides ter que me perdoar, que a idea de que a investigación científica actual precisa facerse en inglés é un mito falso, correspondente a unha idea estereotipada do que é a investigación e, más aínda, que cómpre revisar con urxencia. Segundo os xornalistas de revistas especializadas, segundo os departamentos de planificación científica dos gobernos, segundo o sentir popular, segundo os licencia-

dos en filoloxía inglesa, segundo os que agochan algúñ interese no particular, a ciencia debe practicarse en inglés. Tentarei, a seguir, desenmascarar tal mito.

II

O primeiro problema que teño que enfrentar na miña argumentación é que a comunidade científica parece satisfeita expresándose en inglés. Mais non nos enganemos. Os buscadores de novedades ás veces déixanse seducir por espelliños de cores: noutras palabras, que os consellos de redacción das publicacións científicas desboten calquera envío que se lles faga noutra lingua, non significa que a investigación deba facerse en inglés.

Aínda que o progreso das ideas científicas se teña visto lastrado por pesos ideolóxicos, como a relixión, segundo aludía antes para as teorías de Darwin, un dos mitos mellor establecidos fai da ciencia unha actividade ideal, movida por individuos ansiosos por soterraren os prexuízos da comunidade onde se criaron con tal de favorecer a vitoria da Verdade. Non hai tal. Logo dos escepticismos todos da Modernidade aprendemos a ver que os científicos son, tamén, persoas modeladas polas súas propias tribos e que, por riba, non poden ser moi neutrais porque están competindo polas súas descubertas. E ademais vou atreverme a acusar: a comunidade científica ten prexuízos lingüísticos.

De feito, as investigacións das últimas décadas en materia educativa proban que, mesmo estudiantes ben formados, que ostentan todos os signos do éxito académico (constante asistencia a aulas, altos niveis e cualificacións nos exames corroborados polos seus mestres), non manifestan unha comprensión ben acaída das materias en que son especialistas porque as súas mentes áinda albergan prexuízos. Investigacións do Instituto de Tecnoloxía de Masachusetts demostraron que os estudiantes que reciben cualificacións de honra nos cursos superiores de física son decote incapaces de resolveren problemas básicos cando xorden dun xeito diferente a como se adoita preguntalos nunha proba académica⁶². Nun exemplo pediuse aos estudiantes de graos superiores que indicasen as forzas que actúan nunha moeda lanzada ao aire unha vez que acada o punto medio da súa traxectoria ascendente. A resposta correcta é que, cando a moeda está no aire, só está presente a forza gravitatoria que a atrae cara á terra. No entanto, o 70% dos estudiantes de física mecánica deron a mesma resposta inxenua que os estudiantes sen formación específica: mencionaron dúas forzas, unha cara a abaxo, a gravidade, e outra ascendente, a forza da man que propulsara á moeda. Esta resposta reflicte a opinión intuitiva ou de sentido común (mais, dende logo, errónea) de que un obxecto non pode moverse a menos que unha forza activa lle sexa transmitida dende unha fonte orixinal de movemento (neste caso, a man de quen lanza a moeda) e que unha forza así debe ir consumíndose gradual-

¹ Véxase. Howard Gardner, *La mente no escolarizada. Cómo piensan los niños y cómo deberían enseñar las escuelas*, Madrid, Paidós, 1996.

mente. En estudos deste tipo, adultos formados científicamente están manexando os mesmos conceptos erróneos que atopamos en nenos de educación primaria. De xeito semellante, en bioloxía os supostos básicos da teoría evolutiva escapan a comprensión de estudiantes, polo demais capaces, que insisten en que o proceso de evolución está guiado por un esforzo cara á perfección. Asemade, os estudiantes de economía aducen explicacións das forzas do mercado idénticas ás ofrecidas por persoas que nunca recibiron formación específica. Prexuízos e estereotipos igualmente graves impregnán os estudos de historia posto que estudiantes que poden discutir con detalle as complexas causas da I Guerra Mundial cambian en redondo de actitude cando se trata dos acontecementos actuais, e pasan a reproducir un escenario de «bos» e «malos». Este hábito de pensamento, por certo, tampouco non é alleo aos dirixentes políticos, bastante afeccionados a representaren situacións internacionais complexas como se se tratase dun guión de Hollywood ou dun conto de fadas. Que pasa?

Coido que aquel@s de nós comprometidos coa educación apreciamos a resistencia que ofrecen os estereotipos, os prexuízos, as preconcepcións e os guións iniciais con que se chega aos coñecementos especializados e que tampouco non valoramos convenientemente a dificultade de os rectificar ou de os erradicar. Dende os sistemas formais non somos quen de aceptar que en case todos nós hai unha mente infantil que loita por saír a se expresar. No entanto, cómpre refinar a nosa comprensión do mundo para gozarmos dos logros cognitivos máis importantes da especie, para chegar ao máximo das nosas capacidades e para construirmos un mundo novo. Evidentemente non é nada malo ter dentro unha crianza. As nenas e os nenos de cinco anos saben facer moitas cousas: falar, cantar, montar en bicicleta, bailar, estar ao tanto de ducias de tarecos na casa ou no contorno; saben propulsar e coller pelotas, enganar a alguén nun xogo ou recoñecer que alguén está facendo unha brincadeira, ademais de teren nocións do que é verdadeiro e falso, bo e malo, bonito e feo. Porén unha crianza non sabe aquilo que os expertos se afanaron en descubrir ao longo dos séculos. Se cadra as nosas vidas cotiás non serían tan diferentes se aínda acreditásemos en que o mundo é plano mais seríanos imposible calibrar de xeito maduro a natureza do tempo, da viaxe, do clima, os comportamentos dos obxectos e as opcións culturais e persoais que se nos abren. E foi porque algúns (nomeadamente Cristóbal Colón aínda que seguro que varios máis) se atreveron a sostener unha opinión oposta, que o mundo era redondo, polo que nos embarcamos nunha viaxe de consecuencias decisivas. Atrevereime, daquela, a sostener unha opinión oposta á do común, mesmo o común da comunidade investigadora.

III

De entrada, preguntármonos se a investigación é viable noutras linguas distintas ao inglés non é herexía ningunha: é propio da actitude científica procurar cales son os límites da investigación. Que unha práctica establecida non a fai idónea, nin na investigación

nin noutros moitos eidos caben os rituais. E é posible que redactar os resultados das investigacións en inglés non sexa máis que un pesado ritual. Pénsese que moitos dos comportamentos que se teñen por inherentes á ciencia en absoluto son definitorios dela. Mesmo trazos aparentemente tan relevantes como a elaboración de hipóteses ou o manexo de datos contrastados danse noutras actividades: quen apostá nunha carreira de cabalos tamén postula unha hipótese sobre cal vai resultar gañador e cando o labrego decide sementar está a manexar datos provistos de certa capacidade de contrastación, como a maior ou menor probabilidade de precipitacións. E, abofé que nin os xogos de apostas nin a agricultura tradicional son ciencias. Asemade boa parte do quefacer científico rodéase de procesos que nada teñen a ver coa investigación. O químico pesa, mide e conta coma o comerciante. O botánico e o arqueólogo recollen mostras cun rigor que non é descoñecido para o colecciónista de selos. E o menos definitorio das ciencias son os seus instrumentos: dende que a sociedade de consumo nos agasallou con obxectos baratos, os microscopios ou os telescopios están na mesa de xogos das crianzas da casa. Con todo é moi común revestir un traballo insulso con ferramentas tecnolóxicas para o ritual lle servir de carta de presentación. De aí a frecuente aplicación das novas tecnoloxías a calquera cousa impensable. E vaia por diante que usar ferramentas computerizadas non mellora o valor dunha investigación. Nin sequera asegura que esteamos diante dunha investigación e non dunha trapallada.

O único que define a ciencia é a actitude crítica. A crítica permite mellorar a nosa percepción do mundo reemprazando vellas teorías por novas hipóteses; a crítica salvagarda os intereses de coñecemento e evita a confección de epistemoloxías vulgares, que dean revestimento de ciencia ao puro coñecemento ordinario, ou mesmo á superstición; a crítica permítenos filtrar os prexuízos que adoito se coan nun proceso de investigación. E, canto a este punto, a crítica obríganos a preguntarnos: e se estivésemos usando o inglés na ciencia simplemente por costume? E aquí convén lembrar que os investigadores gozan co proceso colectivo de peneirar ideas para, a base de matizar, puír, rectificar, ir construíndo modelos. (Atención: só a admisión de ideas novas pode salvarnos da trivialidade!).

Supoño que ningúen se atrevería a dicir hoxe que o inglés é o idioma da ciencia porque teña cualidades de seu (por exemplo, porque sexa unha lingua más clara, ou simple, ou regular, ou racional que outras). A lingüística vén dende hai tempo demostrándonos que calquera cualificación sobre as linguas está fóra de lugar: non hai linguas musicais e melodiosas, nin linguas lóxicas e rigorosas; todas as linguas teñen rexistros poéticos (ou poden contar con poetas que desenvolvan esa cualidade poética) e atributos para produciren discursos lóxicos e ben fundamentados. Se a ciencia está a se expresar en inglés é pola vixencia dunha máxima: a de que a información debe expandirse a toda velocidade. Desenvolvendo tal suposto, os científicos e as científicas serían buscadores da verdade e, dada a monumental importancia das súas descubertas, os resultados das investigacións científicas deben difundirse rapidamente polo mundo todo. No entanto, na práctica real da investigación sabemos que as cousas rara vez son tan simples. Os científicos son individuos de carne e óso, as teorías elabóranse pasenxo e con dificultades, os resultados nunca son para mañá.

Na imaxinación popular o científico é un individuo ocupado, absorto en tarefas abstrusas, inaccesibles ao común, e destinadas a procurar cun remexer na probeta, o antídoto da SIDA ou a conversión do cancro nun catarro. Se así fose, claro é, xustificaríanse as presas e, talvez, mesmo o paso de todo o coñecemento por unha única lingua. Mais quen está involucrado na investigación sabe que a práctica non é así: as persoas que investigan non sempre procuran finalidades tan puntuais, e algo tan complexo como unha vacina contra un virus non vai proceder dun único experimento senón, con toda probabilidade, da concatenación de saberes distintos, de erradicar supostos erróneos, e de eidos de estudio afastados, dos que non se esperaría unha contribución: sexamos humildes, a ciencia é unha mesa de billar e, ás veces, apuntando unha bóna, metemos no burato outra por azar.

En todo caso, se as cousas fosen simples, calquera estaría disposto/-a a admitir que unha lingua regular, doada de aprender, que servise para manter unha comunicación fluída en todo o mundo sería un proxecto deseñable, que podería sustentar a universalidade inherente á investigación científica. Mais tal proxecto carece no mundo de todo apoio social. A opinión pública vén desprezando os constructos elaborados para ese cometido, do estilo do esperanto, porque supostamente o inglés, cada vez con maior pulo, realiza xa ese papel.

O inglés non é a lingua máis falada no mundo (ese posto correspondería a variedade de chinés chamada mandarín, con máis de mil millóns de falantes; isto é unha de cada seis persoas no mundo falan mandarín). Mais, aínda sendo só a segunda lingua polo número de falantes, o inglés posúe tantas vantaxes como unha lingua pode reunir. Se se tratase de apoiar o mandarín sobre a base do seu dilatado número de falantes, este factor positivo veríase contrapesado co feito de estar menos estandarizado (ata o punto de que difícilmente pode considerarse unha soa lingua) e por os seus falantes se concentraren nun só estado. Por outra banda, parecería que o inglés está de abondo espallado. En cifras aproximadas, uns 300 millóns de persoas no mundo falan inglés coma lingua materna e 500 millóns más usan o inglés con solvencia todos os días nas súas relacións laborais ou nos intercambios profesionais (*Ethnologue* 2005). O inglés é lingua oficial de 74 estados ou territorios independentes dos 240 en que se reparte actualmente o mundo. Con todo, non creo que esta expansión territorial sexa, como decote se apunta, o criterio que asegura o seu entronizamento. Sexamos honestos; que o inglés sexa a lingua oficial de Xamaica, Surinam, Botswana, Camerún, Etiopía, Malasia ou Paquistán, non será o motivo da súa alta consideración na ciencia (ou na política e no comercio internacionais). Que se fale nos restos dos imperios coloniais ou en remotas illas do Pacífico non provoca a adoptalo como lingua da ciencia ou como lingua internacional de feito. Nunca se estableceu un sufraxio sobre o particular e, de se facer, raro sería que se practicase sobre o principio dun estado, un voto, non si? Gústenos ou non recoñecelo, se o inglés ocupa a posición de privilexio que ocupa, non é porque sexa, de feito, a lingua máis espallada do mundo, nin tampouco, como veremos, por algún atributo de seu, senón pola intervención dunha serie de forzas históricas que lle foron favorables, particularmente a expansión colonial e mercantil do Imperio

Británico e o pulo militar, económico e tecnolóxico estadounidense Sobre esas forzas *reais* construíronse unha serie de mitos que contribúen a perpetuar o liderado do inglés: a aceptación popular de que se trata dunha lingua sinxela, de dodata aprendizaxe (un xuízo de valor, por certo, de dubidosa fiabilidade), ou o tópico de que a desenvoltura falando esta lingua é un requirimento imprescindible nun currículo profesional; algo que de tanto repetirse a esgalla acabará por ser certo mais que agora non o é: cantas persoas conseguén traballo por falar inglés? Como resultado, acatamos acriticamente unha situación de abuso de posición dominante, moi ao *Bill Gates*, e usamos o inglés para a comunicación interétnica invariablemente, como se non houbese máis linguas no mundo. De feito, non só o inglés se usa para todo, para a ciencia e a tecnoloxía, para a investigación e o desenvolvemento, para a política, o turismo e a cultura; ademais a expansión dos espazos de comercio está asegurada pola facilidade para introduciren novos produtos en culturas diferentes coa complicidade da lingua: as campañas publicitarias, cada vez con maior frecuencia fanse en inglés, sen traducir: desde o «Just do it» de Nike ata o «Aren't you lovin' it?» de McDonalds tamén consumimos en inglés. Sen retranca, sen sabor enxebre, sen tradición, sen os trazos que nos definen como grupo e nos inclinan a que algo nos faga rir ou nos amole.

O inglés converteuse na lingua internacional da aviación, a lingua que se usa no 70% do correo internacional e na que se publica o 50% da producción literaria, científica e técnica, ademais de ser a más estudiada como segunda lingua no mundo. Xa que logo o inglés está ben preto do status de lingua internacional. O problema radica en que todos estes datos son, más ben, resultado da súa favorable consideración por parte das élites culturais. Se ten tantos aprendices, se é reivindicada como lingua oficial por moitas comunidades ou se é a lingua da ciencia é porque de feito está sendo a lingua internacional do mundo, en absoluto porque deba serlo. E aquí é onde a lóxica dos programas de investigación se impón coa pregunta: que gañaría a ciencia de non practicarse exclusivamente en inglés?, o que é tanto como dicir que non só é posible investigar sen inglés, senón que ademais é deseable facelo, que tamén aquí se impón romper cos vellos tópicos e promover un cambio.

IV

Neste sentido conviría facer unha puntualización. Nun mundo tan marcado polos ditados do coñecemento especializado, é abraiente que a ciencia dedicada á linguaxe humana, a lingüística, non se pronuncie sobre o particular. Resulta ben rechamante que a comunidade de lingüistas se inhiba da cuestión da lingua internacional e, ao igual que outras instancias internacionais de prestixio, como a ONU ou o Dereito Internacional, non se pronuncie a este respecto posto que a escolla dunha ou outra lingua non é unha cuestión inocente ou pouco preocupante. Entrementres ese silencio se mantén, en todo o mundo se impón acriticamente o inglés, a lingua representativa por excelencia do estado neoliberal, do

capitalismo máis agresivo, a lingua do poder. E todos somos cómplices dese estado de cousas mentres non o cambiemos. Poderíamos preguntarnos por que cala a ciencia da linguaxe sobre cal debe ser a linguaxe da ciencia. De entrada, habería que dicir que non é precisamente a lingüística académica un saber moi ocupado do estado actual do mundo, de aí que se perpetúe como saber universitario, supono. Digo isto porque o feito de as ciencias se desinteresaren do estado do mundo soa moi neutral, moi aséptico e hai tempo que a asepsia se confundiu co espírito científico esquecendo que a ciencia ten como principal presuposto a imaxinación, non a hixiene. Mais vou descender ao concreto.

Na maioría dos estados do mundo as políticas lingüísticas organízanse en torno a dous principios que raramente se cuestionan: o monolingüismo e a necesidade de difundir a lingua nacional. Parece evidente hoxe que estes supostos nin son tan racionais como se adoita pensar, nin resultan aceptables dende o punto de vista ético. Para falar claramente, a necesidade de difundir a lingua nacional é un puro interese oportunista e colonizador e o monolingüismo destínase a fortalecer a unidade do estado e as súas lindes. Algúns filólogos, por aquilo de que a ciencia non é tan desinteresada como ás veces queremos crer, propagan que a atención a varias linguas pode menoscabar as nosas capacidades intelectuais ou sobrecargar o estudiantado, como se o noso cerebro fose unha central telefónica (un lugar onde, se está ocupada a liña non pode entrar información nova), en vez do contorno plástico e multiplicador que resulta ser. O multilingüismo é a realidade idiomática máis habitual no mundo e non resulta empobecedor, senón, máis ben, ao contrario. Tampouco esta realidade foi descoñecida en Europa antes da construción dos grandes estados actuais: o occidente medieval era un territorio políglota onde as xentes habitaban varios universos culturais e lingüísticos, flutuando dun a outro. Se lembramos a popular novela de Umberto Eco *O nome da rosa*, moitos dos personaxes que por alí circulaban, nomeadamente aquel Salvatore, monxe lego, do grupo dos fraticelli, tateaba entre todas as linguas romances ademais de en latín e nunha sorte de xermánico común, o seu canto *penitenciagite*. De certo naquela época o ideal dunha uniformidade monolingüe só se daba entre as élites co latín como lingua superposta para a comunicación internacional. Tamén na actualidade o plurilingüismo é habitual no mundo. Por exemplo, os falantes de marwari, unha lingua raiastana que une máis de 200 mil persoas en Pakistán, son bilíngües en sindhi e, a maioría, trilingües en urdú, alén de teren todos o hindí como lingua literaria posto que se trata dunha poboación xeralmente urbana e educada. Podería seguir dando datos de linguas exóticas mais non quero que o argumento semelle unha rareza de especialista. No precioso libro *Y así nos entendemos: lenguas y comunicación en la emigración*, Beatriz Díaz Martínez dá boa conta da realidade plurilingüe dos barrios proletarios de Bilbao, onde os locutorios telefónicos ou os cíber aloxan a complexa rede comunicativa de persoas que falan éuscaro co propietario do local, español no posto de venta ambulante, ioruba cos tres compañeiros da casa, wolof cando usan o teléfono e se comunican cos seus á distancia, francés con outros emigrantes de cor nas aulas nocturnas, entre outras moitas combinacións. O multilingüismo dunha comunidade, isto é a convivencia más ou menos regulada de varias linguas, respecta a liberdade individual e preser-

va a diversidade, áinda que este suposto nos resulte difícil de aceptar en países con linguas minorizadas, onde hai que traballar arreo para conseguirmos que a lingua deostada polo poder pase á seguinte xeración. Sería interesante que a nosa situación non nos limitase ata o punto de acabar restándolle importancia aos matices. Mais se Galiza se inclúe no Primeiro Mundo, como está comezando a suceder, vai aloxar máis traballadores inmigrados, vai ter que fomentar políticas que aseguren o dereito das novas comunidades de traballador@s a manteren os seus propios lazos de vencellamento (aprender a escutar swahili, tai, ioruba), sen menoscabo de que estes traballadores, para viviren aquí e gozaren do benestar que lles podemos (e debemos) brindar teñan que falar en galego: toda a terra é dos humanos mais as comunidades, cando se mesturan, producen as mestizaxes que tanto enriquecen, que liberan, que multiplican.

Porén, áinda sendo o multilingüismo a opción máis fundamentada, por implantación no mundo, por racionalidade e por ética, a ciencia segue abrazada ao inglés e os investigadores continúan a pensar que boa parte do éxito que poidan obter nas súas complicadas tarefas se relaciona coa súa capacidade de se comunicaren en revistas especializadas, en congresos e simposios internacionais, nas grandes universidades e centros de investigación do mundo, e que iso só se fai en inglés. Todo ten a súa explicación.

As visións críticas da ciencia demostraron que ningún dominio de coñecemento é alleo ao control exterior. Aínda que unha visión inxenua da realidade tenda a propagar o mito do científico tolo, embebido nunha actividade absorbente, sen conexión coa realidade, o grosso da investigación científica non se consegue dese xeito. Na maioría dos casos a ciencia é unha actividade realizada por un grupo de individuos entre os que discorre un fluxo importante de información; raramente a tarefa dun individuo illado. Asemade, os e as científicas precisan, para levaren a cabo as súas tarefas, infraestruturas más poderosas que un laboratorio caseiro polo que dependen, para obteren éxito nas súas empresas, de investimentos externos. Este financiamento pode chegar das administracións públicas ou de investidores privados, e malia existiren considerables diferenzas no modelo de autonomía investigadora nun e outro caso, o certo é que en ningún deles é xa auto-suficiente. Precisa dunha colaboración allea e, xa que logo, terá que expoñer a pertinencia dos seus resultados e someterse ao xuízo da sociedade: a actividade científica xa non será inocente. Dende Hiroshima a imaxinación popular rompeu o idílico retrato do científico despistado e da ciencia coma coñecemento supremo e redentor para, por vez primeira, suxerir que tamén esta actividade estaba implicada nos desastres da humanidade. Por iso non debe sorprendernos que o poder nos inocule a idea de que o monopolio que o inglés exerce sobre o coñecemento científico é inevitable, un proceso imparable, ademais dun feito neutral, resultado da pura comodidade práctica e sen repercusións na xestión dos resultados. A pouco que pensemos, decatarémonos de que o coñecemento pasa a ser un valor de mercado, un capital do que convén dispor e que os individuos dalgunhas comunidades van poder acceder con total comodidade a todos os coñecementos que masivamente a humanidade está producindo para eles, ao expresalos na súa lingua, mentres que outros individuos non van ter ese acceso; van estar discriminados por causa da lingua materna.

Ou acaso os especialistas en calquera materia non nos sentimos intimidados cando temos que falar en inglés cos colegas que poden saber menos ca nós do asunto en cuestión mais que, por ter nacido noutras partes do mundo, falan inglés con plena solvencia?

Imos a un caso particularmente grave: o da investigación en materia lingüística. Neste eido convén lembrar que a consolidación das linguas vernáculas europeas como artefactos culturais foi o resultado dun dispositivo ideolóxico complexo que acompañou e xustificou o proceso de colonización. A súa primeira consecuencia foi que durante moito tempo o único obxectivo dos especialistas no estudo da linguaxe se cifrase na gramática e, seguindo unha tendencia que aínda se deixá sentir na actualidade, só na gramática de certas linguas, non de todas as linguas. Mesmo unha vez culminados os intereses de conquista, a historia das ideas lingüísticas non volverá referirse á diversidade das linguas ata época moi recente e, aínda así, de xeito ocasional. A lingüística de feito construirase como disciplina artellando un ideal de científicidade que é por definición impermeable a lingua do Outro. O estruturalismo conseguirá evocar un contorno sospitosamente neutral: desde ese momento o lingüista ocúpase dunha lingua determinada, nunca das linguas do ser humano e entenderá esa lingua coma un sistema autónomo, isto é, coma un conxunto de unidades perfectamente dispostas para que un feixe de relacóns as estruture de xeito simétrico. A tarefa do lingüista, contra o que poida pensarse, non se dirixe cara á idea de linguaxe porque case todos os problemas que afectan a esta idea son tildados de *extra-lingüísticos*; ao contrario, reclámase que este especialista se centre nos datos dunha soa lingua. O lingüista conságrase a describir unha variedade de lingua nun estado sincrónico, sintópico, sinestrático e sinfásico, o que é tanto como dicir nun estado ideal. A práctica profesional acaba limitada a comprobar se tal segmento funciona ou non coma complemento directo, se tal e cal fonemas se neutralizan ou non en determinada posición; unha práctica tan repetitiva e pouco excitante como inofensiva, inocua para o poder. Por iso, aínda que se repita que todos os dialectos son iguais a ollos do especialista, de certo as escolas lingüísticas de renome practicaron unha lingüística supostamente xeral, feita de aseveracións sen datos ou, no mellor dos casos apoiada en exemplos dunha lingua clásica (latín), románica (francés, español ou portugués) ou xermánica (inglés, alemán); é dicir, en linguas con notable presenza no mercado mundial da cultura. Os lingüistas acaban actuando como se só puidesen adquirir o status de científicos a condición de non interviren na realidade. Por iso ata época moi recente rexeitaron ocuparse de cuestións vencelladas a contextos prácticos, ás dimensións sociais do feito lingüístico do estilo das reformas ortográficas. Se aclaro todo isto é para afirmar que a disciplina non é inocente. A lingüística (e isto quere dicir a organización da comunidade de investigadores e a administración externa dos coñecementos que produce) ten unha notable responsabilidade na difusión de numerosos mitos relativos á linguaxe. E os lingüistas deberíamos asumir as nosas culpas. Na actualidade non se pode afirmar que o sol xira arredor da Terra nin dubidar de se o planeta que habitamos é ou non plano. Algunhas persoas traballaron dende hai séculos, non só para comprender o mundo mellor do que o facían os seus coetáneos, tamén para os convencer e para nos convencer, para construíren argumentos cos que dar xustificación

lóxica, evidencia e proba das súas ideas. Por iso o avance nas ciencias naturais foi tan espectacular. Frente a esta situación moitos individuos supostamente informados insinúan sen precaucións que o inglés é idóneo para a expresión científica internacional (ou que é imposible determinar a orixe da linguaxe, ou que as crianças adquieren a súa lingua materna pola instrución específica a que lles someten as súas familias ou que o bilingüismo pode atrofiar as nosas capacidades cognitivas ou calquera outra llindeza semellante). Este estado de cousas é moi grave: a lingüística profesional estase gabando de ser unha ocupación non comprometida e así está renunciando a cambiar o mundo para mellor.

V

Chegados a este punto, propónome defender que, non só é posible investigar sen inglés, senón que cómpre facelo así.

Dende a perspectiva ética, o multilingüismo na investigación resultaría altamente desexable por canto contribuiría a preservar o patrimonio cultural da humanidade, a nosa diversidade lingüística e cultural, que é un ben común e, xa que logo, algo do que non podemos dispor ao noso antollo, senón que debemos legar ás xeracións vindeiras. Se a nosa especie colonizou o planeta foi pola capacidade que inicialmente mostramos para nos adaptar a hábitats hostís, para comprender o mundo e manipulalo segundo os nosos intereses. Quizais nos últimos séculos (ou, se cadra, dende sempre) levamos ao extremo isto último. Porén, se fomos capaces dessa expansión e dese ensenñoreamento non foi polas nosas cualidades físicas: temos corpos fráxiles, que non saben voar, que corren lento, gabean e nadan mal e pasenño, e imos cubertos dunha pel tan fina que parece un soño. Se fomos capaces dese dominio atroz que exercemos sobre as demais criaturas do planeta, foi pola nosa capacidade lingüística, que nos permitiu entender mal que ben o mundo, supoñer que o sol volvería saír cada mañá, acariñar a terra ata que producise froitos para nós e desafiar esa mesmísima lei da gravidade que non sempre acertamos a explicar nin sendo físicos. Non poderíamos facer todo isto se non tivésemos unha linguaxe. Nos contornos académicos defínese acotío a linguaxe coma o sistema de comunicación da especie e, no entanto, podemos imaxinar situacións en que a linguaxe non conta para nos expresarmos, en que cómpre transvasar a mensaxe a través da arte ou da expresión corporal para que sexa efectiva. Probablemente o valor da linguaxe non descansa nesa función comunicativa, senón na súa cualidade de ser o noso principal sistema de representación do mundo, co cal podemos modelar a realidade, reducila a símbolos que colocamos en lugar dos obxectos do mundo, tan difíceis de manipular, para xogar coas nosas hipóteses. Sen a linguaxe, creo, non seríamos quen de saber que somos quen de pensar. Eliminar agora a diversidade de manifestacións da linguaxe é manter a mesma actitude (cos antecedentes que temos ben esperable en nós) que lle dedicamos ao resto do planeta: dominar sen comprender. Porén a devastación non nos enriquece, mais ben ao contrario. Para os pragmáticos, a calidade dunha investigación

mídense exclusivamente nos resultados; os investidores queren rendibilizar as súas apostas a curto prazo e se a investigación farmacéutica, por poñer un exemplo, se practicase en moitas (idealmente en todas as) linguas, resultaría máis incómodo acceder aos seus resultados, e sobre todo máis caro. Para os menos pragmáticos, para os concernidos polos asuntos humanos, para os que prefiren que se cumpran os principios éticos, as cousas non son así: ademais do fin importan os medios e xa só por iso, outra investigación (outro mundo) más plural debería ser posible. No entanto, propónome defender que, mesmo os pragmáticos, deberán renderse ante a evidencia. Se a investigación farmacolóxica, por exemplo, que enche tantos petos e ten tantos intereses, que patenta os fármacos para que só resulten dispoñibles a uns poucos, quere ser realmente efectiva non debería desaproveitar as súas bazas. Nas selvas amazónicas, ou no que quede delas, pode estar áinda o antídoto para os nosos males e resulta profundamente eurocéntrico supoñer que os saberes botánicos dos pobos indíxenas poden desbotarse en investigacións con tantas repercusións. Os outros pobos coas súas outras linguas, en América, Asia ou África, veñen sendo tratados dende os século XVII coma salvaxes, coma seres menores, e os seus saberes veñen sendo menosprezados. Con todos os matices que conveña facer, quizais sexa hora de repararmos unha inxustiza histórica considerando as outras culturas, as distintas á occidental, á hora de representármos o mundo. De todos é sabido que a principios do século XVI o grao de sofisticación do coñecemento era menor en Europa que en China ou na India, que a ciencia moderna debe moito a estas culturas asiáticas e á cultura árabe nos eidos da medicina, as matemáticas, a botánica ou a química. A cirurxía plástica ou a vacina contra a varíola, por exemplo, seica se aplicaron nestes lugares moito antes de as re-inventaren os médicos modernos europeos. Se cadra volve pasar, e unha investigación multilingüe, instalada na mestizaxe e na diversidade, ao sumar forzas consegue librarnos dalgunhas das máis crúas ameazas que temos por riba: a fame, a desertización, a falta de auga potable, o empobrecemento do solo, a contaminación da atmosfera, o requentamento do planeta son, segundo o pensamento ecolóxico, cuestións que non podemos afrontar só co noso delicado nivel de coñecementos occidentais: precisamos o saber dos pobos que levan vivindo moito tempo a rentes do chan.

En segundo lugar, os matices son a base do coñecemento. Supoñamos que debo redactar este relatorio noutra lingua, por exemplo, en francés e, de súpeto noto que non sei expresar unha palabra. Procuro no meu dicionario bilingüe galego-francés favorito (no suposto de que a investigación gramatical producise xa estes dicionarios) e non acho un equivalente. Por que supoñer que esa ausencia é un asunto de código, que non afecta nada ao que quero dicir? Por que non se traballa nada coas lindes das palabras, co que está recoñecido nesta comunidade e non nestoutra? Aínda estamos tan seguros de que hai un só mundo, de que as cousas son iguais aquí e acolá?

Dende logo que é posible investigar sen inglés. Mais o culto ao pensamento único crea círculos viciosos. De feito, unha estrutura simbólica tan poderosa coma a investigación que se practica dentro dun estado vese promocionada, na actualidade, se se fai en

inglés. Non estamos a falar, pois, dun problema puntual, senón dun asunto de graves repercusións económicas, políticas e intelectuais. Non é raro, xa que logo, que a producción científica en inglés sexa abraiante e que, nun círculo perfecto, este sexa o idioma máis útil para os científicos e, polo tanto, aquel no que mellor se expresa a ciencia. Só hai unha forma de romper o círculo: practicar a insubmisión facendo ciencia que non se exprese en inglés.

O perigo de tomar alguma determinación neste sentido sería caer de novo noutras formas de colonialismo. Aínda que pareza estranxo, dado que o capital está en mans coñecidas, é posible que en 10 ou 20 anos algunha lingua do sueste asiático, asentada sobre un novo emporio económico reemprace o inglés ou, áinda máis doado, que China extreme iso que eufemisticamente se chama «apertura a Occidente» e de súpito nos entre a todos un sospeitoso interese de vender patacas da Limia en mandarín. Coido que non se trata de reemprazar o inglés por outra lingua, senón de dar peso á diversidade. Se investigásemos en todas as linguas do mundo atenderíamos a matices agora descoñecidos. Na disciplina que mellor coñezo, a lingüística, o desprezo cara á diversidade do mundo chegou a límites insospeitados. Para resumir rapidamente a situación, se seguimos a centrar os estudos lingüísticos en tres ou catro linguas emparentadas, todas europeas e representantes dos xeitos de vida occidental, como podemos ter a certeza de estar accedendo á idea de linguaxe? Como saber se os adjectivos, os fonemas oclusivos, as oracións interrogativas, os verbos ou o xénero feminino son conceptos universais ou únicamente existentes nas poucas linguas que a disciplina vén tomado en consideración?

A perda da diversidade é un dos aspectos más lamentables do mundo actual. Diariamente a superficie de selvas do planeta perde enormes extensións e así elimina as plantas e herbas medicinais usadas tradicionalmente polas poboacións correspondentes, antes de poderen ser usadas pola medicina moderna. Mais o desastre da extinción non afecta só á diversidade biolóxica, tamén á diversidade cultural. De feito algo moi semellante ao que acontece cos seres vivos sucede coas linguas. Das aproximadamente seis ou oito mil linguas faladas hoxe no mundo, calcúlase que entre o 75% e o 90% terán deixado de falarse en 2100 como consecuencia do terrible impacto que o imperialismo occidental está a ocasionar. As débiles linguas minorizadas non teñen apenas posibilidades de sobreviviren porque a globalización do mundo moderno, o sensible incremento das comunicacións a distancia e a universalización do coñecemento científico que estamos a analizar aquí conceden hoxe especial prestixio a unha soa lingua, o inglés, salvagardada precisamente pola súa suposta utilidade para a comunicación internacional. As autoestradas da información, as novas tecnoloxías ou a construción de entidades políticas supra-estatais preséntansenos coma luxos de última moda ante os que parece que debemos rendermos, mesmo se obrigan á perda da nosa bagaxe cultural. Con apenas un século de marxe non parece doado achar un remedio para ese desenlace fatal. De entrada, talvez podería xulgarse que a perda do mosaico de linguas que se falan no centro de África, no Cáucaso ou nas illas do Pacífico é unha beizón porque con menos linguas, aparentemente, nos entenderíamos mellor. No entanto, o que parece aveciñarse é o dominio das linguas abeiradas no poder político ou

económico (hoxe o inglés, mañá a que o poder dite). Mesmo sen considerarmos o inalienable dereito dos pobos a conservaren a súa cultura e os sinais de identidade de seu, o asunto é máis preocupante do que comunmente se pensa. Poderíamos supoñer que a perda de pequenas linguas é insignificante dada a riqueza conceptual e formal de inglés, xaponés, swahili ou árabe. Supoñamos, no entanto, que un só meteoro tivese caído hai uns poucos centos de anos no sul de África. Xunto a males de maior importancia, teríanse extinguido as linguas da zona. Pois ben, só as linguas desta área do mundo posúen clics, sons producidos sen aire pulmonar, con estalos da lingua, o padal ou os beizos. Se, como consecuencia deste meteoro, as linguas xhoisa estivesen mortas hoxe teríamos conclusións totalmente equivocadas sobre os aspectos fonémáticos da linguaxe e os órganos que interveñen na súa producción. A rica información que cada lingua atesoura percíbese nun exemplo coma este porque unha soa lingua, minorizada en todos os demais aspectos, o !xu, proporciona 55 clics con valor contrastivo. Coa perda de linguas vaise, por tanto, o material empírico indispensable para boa parte das ciencias humanas: a psicoloxía, a antropoloxía, a socioloxía, a psicoloxía e, especialmente, a lingüística perden a posibilidade de depuraren as súas teorías coa contrastación. As cousas non son moi distintas en filosofía, ética ou historia. Indirectamente veríanse afectadas as posibilidades de construímos modelos eficaces, ben planificados e acordes coas realidades sociais en dereito, en política, en economía, en industria e comercio. A cambio, non vexo por que ningunha das ciencias puras se poida ver prexudicada se as súas investigación se practican tamén nas linguas minorizadas. De feito, aquelas que esixen un alto grao de precisión xa desenvolveron hai ben tempo linguaxes internacionais propias. Finalmente, varios séculos elaborando teorías sobre a linguaxe ensináronnos que cada lingua supón unha peculiar óptica ante o mundo: a perda de linguas é, en consecuencia, a perda doutras tantas visións particulares, sistemas de crenzas, para alén das producións estéticas, morais, sociais, ou de coñecemento específico que a humanidade vén elaborando dende os comezos da súa historia. Seica os peul, os mandingas, os toucouleur, os soninké, os bagadai, os tounaco, os barbican, os hotentotes, os tutsi, os cheienes, os piesnegros, os inuktitut non teñen nada que dicir que nos poida interesar? Acaso os bascos, os saami, os turcos, os maoríes, os maias, os hopí, os caribes, ou os papúes son tan insignificantes, tan invisibles, tan excluíbles que podemos almacenar coñecemento sen incorporarmos o que eles teñan que saber sobre o mundo? Certamente para pensar isto hai que seguir sustentando o mito do científico de bata branca capaz de dar soñío no laboratorio coa pedra filosofal. E isto, xa o sabemos, é un prexuízo, tan falso coma o creacionismo.

Vou facer unha comparación en termos puramente técnicos. O latín considerouse tradicionalmente a lingua por excelencia, un idioma capaz de o expresar todo, cun alto índice de universalidade, apto para dar conta da complexidade da alma humana e, dende logo, idóneo para a investigación que, ata o século XVII, se fai exclusivamente nesa lingua e, dende esa época, cando as linguas vernáculas impoñen o seu prestixio na investigación permanece para a formación de neoloxismos. Propónome a continuación demostrar que a gramática do latín non é especial nos seus distingos nin ofrece nada que non

estea en calquera das humildes linguas do mundo, por exemplo no navaho, unha escura lingua dos indios norteamericanos que, como se sabe, perderon todas as batallas posibles ante John Wayne e ante o séitimo de cabalaría. Se eu tivese que resumir a gramática do latín, creo que podería facelo nestes puntos:

1. Os substantivos, adxectivos e pronomes teñen tres xéneros (masculino, feminino e neutro), dous números (singular e plural) e seis casos (nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo, dativo e ablativo).
2. Os substantivos e adxectivos remiten a cinco declinacións distintas, isto é, cinco modelos morfolóxicos de xeración desas variacións que chamamos casos.
3. Existen unhas poucas preposicións.
4. O verbo, artellado en catro conxugacións, responde a un paradigma complexo. Xunto a tres variacións de persoa para o singular e tres para o plural, coñece moitos tempos (presente, imperfecto, futuro, pluscuamperfecto etc) e tres modos: indicativo, subxuntivo e imperativo. Ademais ten dúas voces: activa e pasiva e algunas *rarezas*, coma infinitivos, xerundios e participios. Mais non existen todas as combinacións possibles (p. ex. participios imperfectos ou participios futuros perfectos). Algunhas formas verbais son compostas, como a pasiva.

Malia a dificultade que tradicionalmente o medio escolar atribuíu ao latín, o navaho revélase dabondo máis elaborado segundo o seguinte resumo rápido das súas peculiaridades:

- 1) En navaho os substantivos non teñen xénero, número nin caso (gaña logo o latín).
- 2) En navaho só os substantivos que se refiren a seres animados teñen plural e non hai regras sistemáticas para formalo, isto é, hai que memorizar cada forma de plural (gaña o navaho).
- 3) Non hai preposicións mais si posposicións, ou sexa partículas que, en vez de ir antes do nome sucédeno. E ademais son 78 e funcionan deste xeito:

shí: ‘eu’

shil: ‘comigo’

shee: ‘acerca de min’

shiih: ‘cara adentro de min’

shii: ‘dentro de min, sen movemento’

shiká: ‘detrás de min, con movemento’

shinaashii: ‘en fronte de min’

Gaña, tamén aquí, o navaho.

- 4) A posesión exprésase con prefixos deste estilo:

shighan: ‘a miña casa’

nighan: ‘a túa casa’

nihighan: ‘a nosa casa, de nós os dous’

E de novo o navaho é máis complexo có latín.

- 5) Existen dous pronomes de 3^a persoa, cos significados de ‘el’ e ‘o outro’.
- 6) Non hai adxectivos senón verbos (por suposto, conxugados), do tipo de *zhiin* (‘ser negro’).
- 7) A complexidade do verbo é enorme; e dende logo moi superior á do latín:
 - Distinguen as tres persoas que coñecemos e algunha máis.
 - A persoa verbal marca a concordancia co suxeito (como en latín) e cos complementos directo e indirecto.
 - En plural hai que diferenciar se as persoas actúan á vez ou cada unha pola súa conta: *corren* dirase de dúas formas distintas se un grupo de xente corre ao tempo ou se se trata de moitas accións individuais.
 - Hai un pronomo que se usa cando o verbo alude a un lugar. Por exemplo *bonito* terá unha forma especial se o bonito é un lugar.
 - Non hai tempos. Ao falante de navaho non lle interesa especificar cando sucede unha acción senón como se produce.
 - Hai sete modos segundo a acción estea ou non rematada, estea producíndose, vaia producirse (semellante ao noso futuro), sexa posible, habitual, repetida (nótese que non é o mesmo ser habitual que producirse repetidamente). Os modos exprésanse acrecentando prefixos ou modificando a raíz, ou as dúas cousas á vez.
 - Nós distinguimos se unha acción se ve como limitada, rematada (*fomos*) ou no seu transcurso (*íamos*). En navaho hai unha ducia de aspectos do verbo. Entre eles o diversativo, que expresa movemento *aquí e aló*, en forma dispersa, o transicional, que indica que suxeito e obxecto sufrieron un cambio de estado pola acción do verbo; o reversativo, que sinala cambio de dirección no movemento, e o cursivo para cando o suxeito se move en liña recta ou cara ao futuro no tempo.
 - Hai voz activa (para algo como *Tirei o xerro*), pasiva (para *O xerro foi tirado*); media (para *O xerro caeu*) e neutra (para *O xerro está en riba da mesa*).
 - Clasificadores: marcas en forma de prefixo que acompañan os verbos de movemento e indican se o que se move é redondo e grande, brando ou duro, pequeno e sólido etc.
 - Finalmente, para conxugar un verbo non abonda con coñecermos todas as variantes das raíces dos verbos, os centos de prefixos ou persoas. Hai tal cantidade de cambios e fusións dos prefixos que, na práctica, hai que aprender a conxugación de cada verbo como se se tratase de formas distintas. O número de palabras que o/a falante debe conservar na memoria compón unha cifra astronómica. A cambio, un só verbo pode dicir algo coma isto: «Nós os dous desexamos, cada un pola súa conta, que varios obxectos sóli-

dos e duros de pequeno tamaño volvan caer repetidamente mais non de forma habitual en sitios distintos».

Ante estes datos podemos falar do navaho coma unha lingua primitiva? Podemos sequera seguir mantendo que o latín, a lingua sagrada da cultura en Occidente, ten unha maior complexidade ou sutileza? Podemos en xustiza pensar que unha lingua calquera, por exemplo o inglés, merece acaparar as nosas teorías sobre o coñecemento e o mundo ou que, se iso acontece, non terá un efecto negativo sobre a humanidade? Soster que o inglés é un requisito imprescindible para a investigación soa, logo de reflexionar sobre estas realidades, tan infantil como dicir que o papel cuadriculado é imprescindible para a matemática ou que a música instrumental non se tería desenvolvido sen o Mp3.

Quero acabar dicindo algo deliberadamente forte. A nosa capacidade de investigación é limitada, mesmo economicamente. O que se invista en tradución ou na supervivencia das linguas en vías de desaparición non se inviste na loita contra a SIDA, o cancro ou no desenvolvemento de técnicas agrícolas menos agresivas co planeta. Non estaría xustificado que désemos á linguaxe tanta importancia a menos que tivésemos unha total seguranza en que a diversidade das linguas e das formas de expresión constitúe unha riqueza básica e undereitoinalienable dos seres humanos. Estamos así de segur@s.

Panorama de terminoloxía en Galicia: orientacións, infraestrutura e recursos. Historia da (re)elaboración do corpus da lingua

IOLANDA GALANES SANTOS¹

Universidade de Vigo

1. Introdución
2. Historia da terminografía en Galicia
3. A producción terminográfica: prexuízos e realidades
4. Caracterización da producción terminolóxica galega recente
5. Conclusíons parciais
6. Terminoloxía e planificación lingüística
7. A terminoloxía no Plan Xeral de Normalización do Idioma Galego (2004)
8. Infraestrutura de xestión terminolóxica
9. Conclusíons

RESUMO

Neste relatorio preséntase unha panorámica da elaboración terminolóxica da lingua galega a partir da súa cooficialización. Analizarase a producción terminolóxica existente, tentando non só ofrecer información sobre a materia, mais tamén desmontar os prexuízos e lugares comúns que circulan sobre ela, para logo establecer a súa relación cos procesos de normalización lingüística. Incidirase tamén na necesidade dunha infraestrutura terminolóxica de xestión que teña por obxectivo a implantación real, é dicir, no uso, das terminoloxías xeradas.

¹ Profesora do Departamento de Tradución e Lingüística (iolag@uvigo.es).

1. INTRODUCIÓN

A palabra terminoloxía remite cando menos a tres conceptos diferentes²:

- os principios e as bases conceptuais que rexen o estudo dos termos (disciplina)
- o conxunto de directrices das que se serve o traballo terminográfico (método)
- o conxunto de termos dunha determinada área de especialidade (terminografía)

Neste traballo tomaremos o termo na terceira das súas acepcións, pois é a faceta más produtiva no caso do galego. Son escasas as achegas teóricas e metodolóxicas, o que deberá tamén, porque non, acender algunha alarma. Isto non significa que se traballe sen método, senón que este non é cando menos explícito, salvo honrosas excepcións. Tampouco se quere dicir que os nosos repertorios non respondan ás bases teóricas da disciplina. Mais é unha realidade que estes dous aspectos (disciplina e método) están no noso contexto subdesenvolvidos. A socialización da terminoloxía deberá conducir, entre outras cuestións, ao establecemento de metodoloxías de proveito para sucesivos traballos semellantes e ao potenciamiento de liñas de investigación sobre esta materia dende as institucións implicadas no estudio e na xestión lingüística.

Volvendo sobre a terceira das acepcións a terminoloxía entendida como «conxunto de termos dunha determinada área de especialidade», calquera pode pensar que estamos a falar de dicionarios, léxicos ou glosarios e non está errado. Mais quixeramos engadir a estes repertorios moitas outras modalidades de elaboración terminolóxica que van desde o artigo científico provisto dun vocabulario ao díptico informativo no que se achega información e definicións sobre os termos que se utilizan. Independentemente da súa extensión e do tipo de datos que ofrecen, nós considerámolois produtos terminográficos, porque entendemos que foron elaborados co obxectivo de definir, delimitar ou completar a información que sobre un termo ofrece o texto do que está extractado.

Por último, quixeramos tamén sinalar que o traballo terminográfico, como a terminografía mesma, en tanto que materia pluridisciplinar, non é tarefa exclusiva de terminólogos (como acontece con outras áreas de traballo lingüístico como a lexicografía), senón que tamén é tarefa do especialista, imprescindible para un traballo terminográfico de calidade e que está no cerne desta disciplina neste e outros países. Por iso nos parece importante a socialización da terminoloxía e a implicación de profesionais doutras áreas científicas que tamén abordamos neste traballo.

² Tirado de Cabré (1992:71). A tradución ao galego do orixinal catalán é nosa.

2. HISTORIA DA TERMINOGRAFÍA EN GALICIA

Xa sinalamos nun traballo anterior (Galanes, 2003) que o período máis frutífero do desenvolvemento terminolóxico dunha lingua adoita coincidir co período de elaboración consciente, isto é, de planificación do corpus da lingua. Así acontece no caso galego, sendo os anos posteriores á promulgación da Lei de normalización lingüística (1983), os anos de maior desenvolvemento de repertorios terminográficos.

No entanto, esta maior produtividade non nace exclusivamente da vontade normalizadora, de súpeto, nin *ex novo*, senón que existe previamente un colectivo de especialistas desexosos de se expresar en galego que precisa dunha terminoloxía susceptíbel de ser utilizada no seu labor profesional ao que se xunta a necesidade de codificar unha terminoloxía de uso corrente en textos de especialidade galegos (producidos sobre todo a partir do século XX). Existe, xa que logo, unha inquedanza previa no sector investigador e profesional que cómpre rendibilizar, ordenar e coordinar.

A historia da terminografía en Galicia é a historia de moitos investigadores e divulgadores, coma o Padre Sarmiento, que traballando sobre a nosa realidade, decátanse da inexistencia de glosarios que ilustren a súa obra e por iso xeran vocabularios complementares. O cerne é, pois, o especialista.

Os primeiros testemuños terminográficos galegos rexistrados remóntanse ao século XVIII e aparecen non coma produtos puramente terminográficos, senón coma apéndices a textos escritos as más das veces en castelán. A temática destes textos está centrada na descripción do mundo circundante das áreas de botánica, zooloxía ou antropoloxía, alén dos estudos propiamente filolóxicos. Neses repertorios compílanse termos galegos, describindose en castelán e coa introdución do latín, por razóns de explicación etimolóxica.

A segunda etapa comeza coa cooficialidade do galego. Comezan a elaborarse máis repertorios de modo paralelo a unha maior produción de textos ensaísticos e de investigación nesta lingua. Ao formato de apéndice compilador anterior, xúntaselle outros máis acordes coas prácticas terminográficas. De xeito que a maior parte dos produtos (60% aproximadamente) se xeran con intención de elaborar un repertorio terminográfico. Diversificanase as temáticas, inicialmente abrindo o abano cara á recuperación do acervo terminolóxico medieval galego, sobre todo na área xurídica. A partir de 1984 prodúcese a diversificación definitiva e ven a luz traballos sobre ciencia (matemática, química etc.), tecnoloxía (arquitectura, urbanismo, informática, etc.) e ciencias sociais. Ás linguas iniciais incorpóraranse outras linguas do espazo europeo, alén das outras linguas do Estado, como veremos.

O cambio de orientación no traballo terminolóxico responde a unha nova corrente na que a terminoloxía se considera unha peza fundamental para o desenvolvemento da lingua, ligada a un proceso de planificación lingüística. Segundo a Cabré (1992:41 e ss.), a corrente terminolóxica orientada á planificación lingüística caracterízase tematicamente por entrar en todas as áreas do saber e da actividade humana, producindo diversidade de

produtos (léxicos, dicionarios, vocabularios, glosarios, etc.), sen se cinguir exclusivamente ás áreas tecnolóxicas como acontece nas correntes terminolóxicas orientadas á lingüística ou á tradución. No que respecta á metodoloxía de traballo, a autora salienta a importancia da neoloxía como medio para cubrir as lagoas terminolóxicas, fronte á compilación e á regularización que se realiza nas linguas de uso normal en textos especializados. De entre os axentes, cómpre dicir que nesta corrente ten máis importancia o lingüista ca o especialista, por se tratar de áreas de actividade más xerais. No tocante aos produtos xerados, existe unha maior diversidade de produtos e adaptación ao posíbel usuario ca na corrente lingüística na que o destinatario é exclusivamente o técnico.

O desenvolvemento da terminoloxía galega na etapa máis recente axústase en grandes trazos a esta caracterización xeral. Nunha análise máis detallada da producción, que realizamos a seguir, veremos en qué medida se deixou ver a planificación neste proceso e até qué punto non estamos nos últimos tempos perante un cambio de orientación.

3. A PRODUCIÓN TERMINOGRÁFICA: PREXUÍZOS E REALIDADES

Calquera que teña intención de traballar profesional ou academicamente en galego bate arreo cunha chea de prexuízos sobre a terminoloxía do galego. Non é infrecuente escoitar:

- *Non existe terminoloxía en galego*
- *O galego non serve para vehicular coñecementos especializados*
- *A terminoloxía galega é un invento*
- *Cada dicionario propón unha solución diferente para un mesmo concepto*
- *A terminoloxía que existe é pouco accesible*

A compilación de produtos terminográficos realizada na Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega³ con máis de 200 repertorios racha co primeiro dos prexuízos. O problema radica, ao noso entender, na cativa difusión dos materiais non na producción, dado que moitos destes son descoñecidos mesmo para os potenciais utentes, como veremos.

Fronte ao segundo dos prexuízos, convén lembrar que non existe ningunha lingua incapacitada para expresar ningún contido (Cabré, 2002). A cuestión radica na vontade de utilizar a lingua neses ámbitos. No caso galego, coma en tantos outros de normalización lingüística (Quebec, Catalunya etc.) revelouse como un método produtivo.

Sobre as supostas «invencións» terminolóxicas do galego, cabe contrapoñer que boa parte dos repertorios terminográficos están elaborados por especialistas, o que é garantía de coherencia terminolóxica. No que respecta á parte lingüística, diremos que praticamente en todas as linguas modernas se está a realizar un esforzo neoloxizador

³ Publicada en Monteagudo e Bouzada Fernández (2003:464-492).

(lémbrese casos coma as solucións vernáculas do castelán ou catalán a *software* ou *hardware*) fronte á presión do inglés, que non precisa desta elaboración. Admitimos que no caso das linguas minorizadas é grande o traballo neolóxico, mais defendemos que esta intensidade está condicionada pola situación sociolingüística e pola proximidade da lingua que lle serve de teito.

Entendemos que a mellor maneira de contrapoñer este prexuízo é a implicación por regra xeral dos especialistas en tanto que asesores, non só en materia conceptual, mais tamén sobre as posibilidades de implantación de tal ou cal denominación.

Sobre o feito de que se propoñan denominacións diverxentes en cada fonte terminográfica, é ben certo que en moitas ocasións existen vacilacións denominativas produto do grandísimo esforzo realizado nos últimos anos polo galego e dunha indefinición de autoridade en materia terminolóxica até a creación de Termigal (que, ao parecer, conta cunha Comisión de Avaliación Terminolóxica dende 2002). Con todo, tampouco podemos obviar que nos últimos tempos se están a xerar ferramentas que poñen un pouco de luz sobre este problema con iniciativas particulares como: *Un idioma preciso* da ÁREA de Linguaxes Especializados (<http://www.canalciencia.com/faladoiro/index.htm>) ou a sección *Termos a debate* (<http://www.terminologia.org/termosadebate.htm>) da Sociedade Galega de Terminoloxía. Alén de varios foros de discusión, que sen o concurso da autoridade académica (delegada en Termigal) ofrece opinións variadas de especialistas e lingüistas. Neste apartado podemos citar a lista Terminoloxía, creada pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega (<http://www.consellodacultura.org/interaccion/foros/terminologia.php>) que na actualidade conta con 334 subscricións, alén doutras orientadas á tradución, como Tradgal (<http://www.elistas.net/lista/tradgal>) ou as listas institucionais como a sostida pola ÁREA de Linguaxes de Especialidade da Universidade de Santiago de Compostela (<http://www.listas.usc.es/listas/usc-lexitem.html>) constituída principalmente por especialistas en diversas materias.

No que respecta á falta de accesibilidade dos recursos terminográficos, se ben é certo que non contamos con ningunha institución líder encargada da distribución de recursos, xurdiron a partir de mediados dos anos 90, coa extensión das novas tecnoloxías, varias iniciativas de difusión de glosarios na rede. Neste senso, temos que citar as entidades produtoras de terminoloxía más activas, como é o caso do Servizo de Normalización Lingüística da USC (<http://www.usc.es/~snlus/vocab.htm>), ou o Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo (<http://webs.uvigo.es/sli>). Podemos tamén rexistrar algunha iniciativa compiladora, non necesariamente centrada na lingua galega, mais de grande utilidade coma *O Traductor Virtual* (<http://webs.uvigo.es/sli/virtual/titulo.htm>). A ese mesmo interese para a terminoloxía galega responde a sección de *Ligazóns* da páxina da Sociedade Galega de Terminoloxía (<http://www.terminologia.org/ligazons.htm>)

A produción terminolóxica galega está afectada polos mesmos prexuízos que a propia lingua. No entanto, existiron e existen iniciativas particulares e institucionais que tentan difundir unha produción descoñecida mesmo para os potenciais usuarios desta terminoloxía. O liderado dunha institución específica nesta área, como podería ser Termigal

con outras pautas de funcionamento e organización, contribuirían a desbotar os prexuízos citados, organizando a difusión de novedades terminolóxicas, formando e coordinando profesionais de servizos lingüísticos, exercendo o criterio de autoridade que a lei lle atribúe á RAG (e xa que logo, a Termigal en tanto que entidade delegada para terminoloxía), incorporando especialistas a todas as fases de elaboración e difusión etc. Bótase en falta un liderado nesta área que faga sentir seguros e mesmo orgullosos aos axentes da terminoloxía.

4. CARACTERIZACIÓN DA PRODUCIÓN TERMINOLÓXICA GALEGA RECENTE

Pasamos pois, a caracterizar a producción terminográfica galega máis recente. As iniciativas terminolóxicas en Galicia son, á vista da compilación publicada pola Sección de Lingua do Consello da Cultura Galega, abondosas⁴. Con todo, téñase en conta que non se computa máis que a producción terminolóxica publicada. Fica fóra o traballo terminolóxico cotián de moitos dos servizos lingüísticos (servizos de normalización, unidades de tradución etc.) sen capacidade nin recursos humanos para compilar o traballo terminolóxico, pénsese nainxente producción do Servizo do *Diario Oficial de Galicia* ou dos lingüistas dos medios de comunicación públicos e privados, por exemplo.

Neste apartado debuxamos unha breve panorámica da producción terminográfica editada na etapa de maior desenvolvemento en Galicia, tomamos como referencia a data de 1984. Atenderemos aos seguintes aspectos: o ritmo de producción, o perfil do autor, as áreas temáticas cultivadas, as linguas de traballo e a forma e soporte do traballo. A selección destes puntos (e non outros⁵) e a visión xeral ofrecida aquí obedecen á perspectiva panorámica deste relatorio, con isto pretendemos indicar algunas claves a prol da mellora do proceso de elaboración do corpus terminolóxico galego, sen entrarmos na calidade dos devanditos repertorios, sobre o que reflexionaremos en traballos posteriores.

Aínda sendo un período produtivo se o comparamos con épocas anteriores, a frecuencia de edición de obras segue un ritmo bastante irregular. A media de producción neste período é de 5,17 repertorios por ano, con anos sen producción (1985) ou moi escasa (1 repertorio en 1984, 1987 ou 1990) e anos especialmente prósperos (1988 ou 1997 con 11 e 12 obras publicadas respectivamente), pero sen ningún tipo de constante nin planificación e cunha traxectoria desigual.

É especialmente inestábel o período inicial entre 1984 e 1992, a partir de 1993 percíbese un ritmo irregular, mais cun límiar de producción mínimo consolidado de 5 repertorios por ano, tendencia asentada nos últimos anos. Os anos de maior producción non son agrupábeis, pois esta maior producción pódese deber a un editor prolífico, como

⁴ Publicada en Monteagudo e Bouzada Fernández (2003:464-492).


⁵ Xa tratados noutra análise da terminografía galega en Rodríguez Río (1996:35-74).

aconteceu en 1988 coa Dirección Xeral de Política Lingüística (en adiante, DXPL) que se incorpora nese ano á actividade terminolóxica (con 7 obras das 11 publicadas) ou coa Facultade de Tradución en 1999 (con 5 das 10 obras producidas⁶ dese ano); ou ben á simple confluencia de produtores, como acontece en 1997 (con 12 obras publicadas por 10 editores distintos). Así pois, a producción terminolóxica galega destes últimos anos non responde cuantitativamente a ningunha constante.

En canto ao perfil do autor de traballos terminográficos, temos que dicir que nunha ollada á lista de recursos terminográficos percibimos a inexistencia de equipos de traballo terminolóxico estableis, tendo autorías diferentes un 84,88% dos traballos.

Como é esperábel na corrente planificadora na que se inscribe este desenvolvemento terminolóxico, o perfil maioritario do autor é o dun equipo de lingüistas, especialistas en lingua galega que desenvolve o seu traballo profesional no ámbito dunha institución á fronte dun servizo lingüístico ou no ámbito académico. Ademais, existen outros perfís de terminólogos, áinda que de recente incorporación, que son os/as licenciados/as en Tradución que realizan memorias de fin de carreira ou publican algúns artigos especializados nalgún campo concreto da terminoxía. O terceiro dos perfís de autor é o dunha persoa especialista nunha determinada área de coñecemento que, apoiado ou non por un lingüista, acomete a realización dun repertorio terminográfico nesa área. A escolla dun tipo ou outro de autor coincide, ás veces, co perfil requerido pola entidade editora ou promotora no momento, estando o perfil do lingüista máis vinculado á DXPL ou, en menor medida, ao CIRP e a determinadas publicacións periódicas (*Verba*, *Cadernos de Lingua*), o do especialista aos SNL das universidades galegas, a determinadas publicacións especializadas e ao ámbito profesional; e, por último, o do tradutor á titulación de Tradución e Interpretación da Universidade de Vigo e á publicación periódica especializada nesa área (*Viceversa*).

No tocante ás áreas temáticas a tendencia xeral é un maior cultivo das ciencias e a tecnoloxía ca o das ciencias humanas ou sociais como evidencia o seguinteadro:



⁶ A producción da Facultade de Tradución e Filoloxía da Universidade de Vigo está constituída por proxectos fin de carreira que permanecen inéditos na súa case totalidade. Pódese acceder a eles para os efectos de consulta en sala na Biblioteca da citada Facultade.

Non existen diferenzas significativas no que se refire á relación tipo de editor e tipo de área cultivada, e o máis significativo é quizais que as áreas científicas ou técnicas son as más solicitadas. Pola súa banda, as ciencias sociais e humanas foron maioritariamente materia de cultivo das institucións e do ámbito académico e foi inferior a iniciativa privada ou a profesional nestas áreas; no que respecta aos servizos lingüísticos, estes presentan unha constante no interese polos tres tipos de áreas de coñecemento.

Á vista das copiosa compilación de produtos terminográficos, cabería pensar que xa están resoltas todas as necesidades terminolóxicas do país. Afondádomos máis na temática, cómpre sinalar que se percibe un grande avance na diversificación de materias nas dúas últimas décadas, mais non se pode nesta altura afirmar que estean cubertas todas as áreas de coñecemento do galego, nin moito menos todas as necesidades terminolóxicas de cada área. Rexístranse carencias nalgúnsas áreas de coñecemento e tamén nalgúnsas disciplinas de grande interese ou de especial tratamento en Galicia, o que resulta revelador dunha falta de conexión entre as necesidades reais e o traballo desenvolvido até o momento.


Podemos resumir as carencias nos seguintes puntos:

- Determinadas áreas de coñecemento non son obxecto de atención terminográfica, malia a gozaren de implantación no país no ámbito académico ou no industrial, é o caso das ciencias do medio, de calquera da enxeñaría, da gandaría etc. No ámbito das ciencias sociais detéctanse lagoas en áreas como a politoloxía, a socioloxía ou servizos sociais e nas ciencias humanas en filosofía, ética ou relixión, en determinadas artes como escultura, pintura e teatro, en filoloxía, lecer ou en hostalaría. Noutros casos o tratamento terminográfico desas áreas é moi cativo e atomizado, o que non se corresponde coas necesidades e coa implantación da materia como acontece no caso da mecánica ou da pesca.
- En moitos casos non existe unha obra específica para cada área de coñecemento, senón unha obra xeral para varias das grandes áreas de coñecemento. Por exemplo, como aconteceu até hai ben pouco tempo coa física, a química e as matemáticas que só tiveron un repertorio xenérico común ás tres disciplinas (Santamarina e González 1988).
- Ou pola contra, non existe unha obra xenérica para unha área de coñecemento pero si para as súas subespecialidades específicas. Por exemplo, no caso da etnografía, existindo obras parciais, non existe unha obra xenérica, malia a revestir unha grande importancia e tratamento na nosa cultura.
- Noutras ocasións, o tratamento das áreas adoita ser demasiado xeral e hai unha tendencia a non atender a determinadas subespecialidades como acontece por exemplo coas inexploradas sanidade, bioloxía, veterinaria ou case todas as especialidades médicas (oftalmoloxía, tocoloxía, psiquiatría, ortopedia, obstetricia, xinecoloxía, pediatría, xeriatría etc.). De entre as ciencias sociais podemos pór como exemplo a contabilidade e de entre as humanas a numismática, a decoración, a artesanía, a fotografía, as audiovisuais ou o turismo.

En definitiva, nesta breve panorámica percibimos claramente unha descompensación da producción terminográfica por áreas de coñecemento, así como por subespecialidades. Non existe un desenvolvemento básico uniforme de todas as áreas temáticas nin unha planificación previa que dea prioridade con algún criterio (a maior demanda no país, xerarquía temática, interese dos posíbeis usuarios, materias implantadas no ensino universitario, existencia dun corpus de especialidade expresado en lingua galega etc.) a producción das subespecialidades nestas dúas décadas de traballo, coa honrosa excepción dos glosarios xerados ao abeiro dos servizos lingüísticos universitarios que editan glosarios das titulacións implantadas, sen cubrir áinda o abano completo de especialización.

As linguas de traballo terminográfico⁷ son poucas no que se refire a número, sendo o produto más frecuente os repertorios bilingües, principalmente orientados á tradución do castelán para o galego. Tamén existe unha frecuencia elevada de repertorios exclusivamente en galego.

Ademais destas dúas linguas detectamos a presenza doutras:



- O latín só está presente en traballos de corte etimoloxista (ciencias naturais, botánica etc.) e en case toda a producción previa ao ano 1984, por ser traballo de especialista erudito na materia (por ex., as obras de botánica ou de zoología).
- A introdución das outras linguas peninsulares minorizadas é un feito minoritario (7 casos) que comeza en 1986 e case sempre en repertorios publicados fóra de Galicia, é dicir, a instancias de editores doutras comunidades lingüísticas (ICONA, El Boecillo, Luna, Gredos, Sociedad Española de Bioquímica Clínica y Patología Molecular, colaboración entre Termigal e CINDOC).

⁷ Entendemos por tales as linguas que se plasman no producto terminográfico final, con independencia de que se teñan en conta outras linguas no traballo terminográfico previo.

- A introdución de linguas doutros países europeos comeza dentro da producción xerada en Galicia de modo tímido en 1988 coa incorporación dunha terceira lingua (francés: 1988, portugués: 1989, inglés: 1990, o alemán: 1997 ou o ruso 1997 etc.), sendo o inglés a terceira lingua utilizada en máis ocasións. A situación cambia a partir de 1997 cun cambio de orientación ao aparecer como produtor un novo colectivo: o dos/as licenciados/as en Tradución e Interpretación. Estes adoitan incluír como mínimo unha terceira lingua (inglés ou francés) cando non elaboran repertorios tetra, pentalingües ou de máis linguas, do mesmo xeito que acontece coas obras producidas por *Termigal* na súa cativa andaina ou na colaboración con outras entidades que supuxo a incorporación doutras linguas europeas como o romanés, o friulano, o corso, o sardo, o occitano más recentemente en proxectos da Rede Panlatina de Terminoloxía (Realiter) coa colaboración en Galicia de grupos institucionais ou iniciativas particulares.

Poderíamos distinguir etapas na producción de repertorios en Galicia segundo a data de aparición das combinacións lingüísticas. Así pois, unha primeira etapa de producción de léxicos monolingües ou bilingües vai até 1988. A segunda etapa con máis linguas comeza a fins dos anos 80. O primeiro repertorio trilingüe (gal., cast., fr.) aparece en 1988, aínda que é un feito minoritario fronte á tendencia maioritaria á elaboración de repertorios bilingües castelán-galego. A aparición dunha terceira lingua é más frecuente na década dos 90. O primeiro repertorio tetralingüe data de 1993 (gal., cast., ing., pt.) e o primeiro pentalingüe data de 1997 (gal., pt., al., ing., cast.).

En liñas xerais, no que respecta ás linguas de publicación hai que sinalar que existe un paralelismo evidente entre as combinacións lingüísticas e o mercado da tradución⁸ cun predominio da combinación castelán/galego e unha menor presenza doutras linguas, e tamén un serodio desenvolvemento de combinacións plurilingües.

Esta ausencia de linguas diferentes do galego e o castelán é unha constante tamén no panorama lexicográfico galego, como se reflicte na escaseza de dicionarios galegos bilingües con linguas distintas do castelán. Este perfil de obras responde, dunha banda, a unha dependencia formal do galego fronte ao castelán e, doutra, á corrente normalizadora na que se insire a nosa elaboración terminolóxica. Nese sentido, resulta significativo o feito de que o primeiro repertorio terminográfico plurilingüe que non presenta o castelán como lingua de publicación é de 1996, sendo unha liña que máis tarde se asentou nas memorias de fin de carreira de Tradución como resultado dunha formación académica con itinerarios de formación separados ao escoller o alumnado entre galego ou castelán como lingua A.

Asistimos pois, a un cambio de orientación. Esta nova orientación presenta algúns trazos da corrente de elaboración terminolóxica denominada traducional e significou: 1.

⁸ Mercado copado nun 50% pola tradución do castelán ao galego segundo se pode comprobar nos sucesivos informes editados polo Ministerio de Cultura co título *Panorámica da edición do libro en España*.

unha menor dependencia do castelán como lingua de expresión de contidos especializados, 2. a introdución doutras linguas como o francés, o inglés, o alemán, o ruso etc. e 3. que se evidenciase a necesidade de apoiar publicamente as solucións galegas con outras linguas nos produtos terminográficos, alén do castelán. En definitiva, esta diversificación lingüística camiña cara a unha maior profesionalización da elaboración terminolóxica en Galicia. A única pexa que cabe apoñer a esta nova producción é o problema da escasa difusión dos proxectos fin de carreira da Facultade⁹.

No que se refire aos aspectos formais dos repertorios os produtos xerados responden a unha grande diversidade de formatos, como dixemos cando caracterizamos a corrente normalizadora. Así pois, na compilación inicial están rexistrados: diápticos, folletos, artigos en revistas de especialista, en revistas lingüísticas, artigos en volumes colectivos, anexos en monografías especializadas noutras materias, guías, monografías, traballos de investigación, ademais de obras con formato lexicográfico como glosarios, léxicos, vocabularios, diccionarios etc. Esta diversidade de formatos é algo inferior na producción posterior que se limita aos formatos comuns dos produtos terminográficos.

A estrutura dos traballos é maioritariamente a lista de palabras sen definición con equivalencias noutra lingua, que adoita ser o castelán. Esta concepción é a predominante en toda a producción e está, ao noso ver, claramente condicionada polas súas funcións e polos seus destinatarios, pois moitos destes traballos (polo menos os da DXPL) xorden co obxectivo xenérico de normalizar o uso da lingua fronte ao castelán nunha área de coñecemento determinada, e os seus destinatarios son o público xeral, a sociedade. Outro condicionante que favorece este tipo de producción é o feito de se tratar de repertorios elaborados principalmente por especialistas en lingua, cun escaso concurso moitas das veces da figura do especialista máis proclive á inclusión doutras informacións de orde conceptual como as definicións, de feito, non atopamos diccionarios terminográficos con definicións até 1993.

O soporte é principalmente o papel aínda que por veces tamén se inclúe o formato informático como dobre opción. Nos últimos anos aumentou a edición electrónica destes materiais como se pode ver por exemplo na compilación de Ligazóns da páxina da SGaT antes citada, por ser esta más económica e accesible, non así na edición privada.

Con todo, botamos en falta a recolleita, en formato electrónico, e tamén a avaliación da terminoloxía xerada nos anos 80 e 90. Unha boa maneira de presentar esta información podería ser preparar un banco de datos terminolóxicos nos que se recollesen todas as variantes denominativas de cada concepto, documentando as fontes e propondo índices de fiabilidade. Cónstanos que se está a traballar nun proxecto semellante dende o Servizo de Normalización Lingüística da USC e que xa viu a luz para esa comunidade universitaria (proxecto LEXITERM).

⁹ Até o momento só se publicaron entregas parciais nos primeiros números da revista *Viceversa* e só existe un publicado por Termigal. Só se pode acceder á totalidade deles no servizo de consulta na Biblioteca da FFT da U. de Vigo e a algúns deles na rede en páxinas creadas por iniciativa privada.

5. CONCLUSÓNS PARCIAIS

Á vista da producción terminográfica galega cabe concluir que o salto cuantitativo e cualitativo a partir da cooficialidade con respecto ao anterior é espectacular. No que se refire ao volume de obras desenvolveuse unha producción terminográfica de frecuencia anual (inexistente até o momento) e que, ademais, supera as 3 obras/ano no período 1975 en diante. O ritmo ascendente constátase no incremento do termo medio (5 obras/ano) se computamos a producción dende 1983 até os nosos días. Outro índice ascendente é a consolidación na última década dun limiar mínimo de producción anual de máis de 5 obras/ano, cunha media algo máis elevada. No aspecto cualitativo a diferenza con períodos anteriores provén da profesionalización desta tarefa na medida en que se elaboran por primeira vez algúns produtos con fins exclusivamente terminográficos e asistímos, asemade, á diversificación do perfil do autor, abrindo campo de actuación a diversos axentes; así mesmo, tamén se amplían as áreas de coñecemento que se tratan, o número de linguas de edición de modo considerábel e a estrutura e o soporte, áinda que estes últimos en menor medida.

Con todo, convén matizar todos estes logros e procurar vías alternativas para un desenvolvemento futuro áinda maior. Así, cuantitativamente é moi apreciábel o enorme esforzo acometido, mais sería conveniente non só consolidar un termo medio de producción ou un número mínimo de produtos por ano, senón tamén un ritmo regular baseado na constitución de equipos investigadores estábeis cunha producción anual planificada tamén estábel.

Ademais, a profesionalización da materia atinxe igualmente á creación dunha infraestrutura investigadora con lingüistas ou tradutores formados en terminoloxía *ad hoc* en colaboración necesariamente con equipos de especialistas, reservando os técnicos de normalización para a colaboración puntual e, sobre todo, para a difusión desa terminoloxía, asesorando en aspectos como a estrutura ou o soporte segundo o público ao que se dirixa. Pola súa banda, o especialista cubriría unha función de asesoramento técnico na documentación, na definición conceptual e é o informante óptimo sobre as condicións e as probabilidade de implantación do termo en medio especializado.

Esta infraestrutura podería tamén asumir o labor de planificación metodolóxica e temática de maneira que se corrixe as descompensacións actuais actuando non só segundo os criterios de oferta de produtos, senón tamén segundo as necesidades, os sectores estratégicos máis vinculados ao país etc. Igualmente, sería conveniente a introdución das linguas occidentais da contorna de modo sistemático en repertorios e áreas temáticas nas que fose necesario por razón de mercado e que non contasen con estas equivalencias por razón da época (ou mellor, a moda da época) na que foron producidos. Con esta diversificación incardinaríase a nosa producción terminográfica tamén na corrente tradicional (alén da planificadora) abrindo unha fiestra ao contorno plurilingüe europeo, na que o galego non se presente de modo subsidiario e teña a mesma consideración ca outras linguas.

En definitiva, apréciase unha producción desvinculada do proceso de codificación da lingua (máis planificado, con criterios explícitos, autoridades na materia e modos de

difusión...) e coincidente no tempo coa actuación sobre status da lingua, pero non de forma totalmente coordinada. A seguir, incluímos unha visión sociocultural da terminoloxía que vincula a elaboración do corpus e a elaboración do status e que consideramos pertinente no desenvolvemento terminolóxico dunha lingua minorizada como é o galego.

6. TERMINOLOXÍA E PLANIFICACIÓN LINGÜÍSTICA

Xa vimos que existen multiplicidade de glosarios en múltiples soportes e formatos. Mais a grande pregunta é se estes satisfán as necesidades dos utentes da lingua en ámbito especializado.

Se o obxectivo final é implantar terminoloxías galegas no ámbito científico, hai que tomar como obxectivo satisfacer a comunidade científica e profesional que potencialmente usará estas terminoloxías. Neste sentido, impone unha avaliación de recursos existentes, unha planificación de necesidades máis urxentes, unha definición de formatos para cada tipo de usuario, a codificación metodolóxica destes produtos de acordo con parámetros internacionais, a colaboración do posíbel usuario do produto e, sobre todo, unha acción coordinada.

Igualmente entendemos que non abonda coa elaboración de produtos, senón que cómpre asumir outras funcións relacionadas coa terminoloxía nos seus aspectos técnico e social.

Apuntamos a seguir cales son estas funcións. Con todo, cremos que é importante igualmente a creación dunha rede social que implique terminólogos e especialistas e, para iso, propomos reforzar esa comunidade dende iniciativas como a Sociedade Galega de Terminoloxía.

Os procesos de normalización lingüística teñen como obxectivo principal facer que, nunha situación de conflito entre dúas linguas e nun determinado espazo, a lingua minorizada se estenda a novos ámbitos de xeito que o seu uso se converta nun feito «normal». Para conseguir tal obxectivo non abonda coa simple vontade planificadora de estender o uso desta lingua, senón que deberá estar dotada estruturalmente dos elementos necesarios para poder ser utilizada neses ámbitos con total satisfacción e respondendo a todas as necesidades comunicativas. Ou dito en palabras de Marí (1996:12), a planificación lingüística ben entendida consiste en introducir un conxunto sistemático de cambios nun conxunto de procesos previamente existentes, que comprenden non só a pura elaboración da lingua senón tamén unha estratexia comunicativa conducente á súa difusión e implantación.

Dentro da planificación lingüística os usos especializados ocupan un papel importante pois, parafraseando a Cabré (1999:34), unha lingua sen terminoloxía propia non pode ser no mundo actual unha lingua de cultura e, ademais, relegala aos usos informais é un primeiro paso cara á súa desaparición. Así pois, nos procesos de planificación lingüística (segundo o esquema de Haugen) a modernización terminolóxica dunha lingua minorizada fai parte do proceso de elaboración do corpus da lingua e, polo tanto, debe estar suxeita

igualmente a planificación. Isto quere dicir, que partindo dunha situación explícita, deben proporse uns obxectivos concretos para acadar nun tempo limitado, cunhas canles de difusión e uns recursos de implantación axeitados e cunha normativa específica que favoreza a elaboración e a difusión desa terminoloxía imprescindíbel para a extensión da lingua.

Parece evidente que a xestión dunha situación na que existe un conflito lingüístico está condicionada polas características concretas do espazo no que se produce e polos seus obxectivos de política lingüística. Partindo de comunidades nas que se pretende a normalización plena dunha lingua minorizada é imprescindíbel, en opinión dos especialistas, acometer un plan de normalización da terminoloxía. Sen existir un modelo único de plan, pois ha de se adaptar ás características concretas da comunitade e aos recursos dispoñíbeis, existen seis actividades fundamentais nun plan de normalización da terminoloxía segundo Auger (1988) recollidas tamén por Cabré (1999:311)¹⁰:

- a) a investigación, entendida como descripción da situación de feito e compilación dos datos necesarios para abordala
- b) a normalización co obxectivo de fixar formas de referencia
- c) a difusión da terminoloxía normalizada por diferentes vías e soportes
- d) a implantación da terminoloxía no medio de traballo
- e) a avaliación do proceso anterior
- f) a actualización permanente da terminoloxía

A estas actividades cabería sumar unha reflexión sobre outras dúas cuestiós de interese na organización da terminoloxía (Cabré 1992:46) que son: g) a propia planificación e a h) a formación.

Esta autora, sen establecer un modelo fixo de organización, considera fundamental un reparto de tarefas entre os distintos axentes que resumimos no seguinte cadro:

ACTIVIDADE	AXENTE
a) investigación	organismos profesionais de medio especializado e reforzados con lingüistas profesionais
b) normalización	organismos institucionais ou institucionalizados que representen o colectivo académico e o profesional
c) difusión	organizada en rede, pero centralizada
d) implantación	organismos administrativos que xestionan aspectos lingüísticos da sociedade
e) avaliación	organismos administrativos que xestionan aspectos lingüísticos da sociedade
f) actualización	organismos profesionais de medio especializado e reforzados con lingüistas profesionais

Elaboración propia a partir de Cabré (1999:311 e ss.)

¹⁰ Tamén recollido en Lamuela e Monteagudo (1996:293).

Así pois a terminoloxía é unha tarefa compartida entre varios axentes, imprescindíbeis nunha boa xestión, pero non todos eles teñen a mesma responsabilidade no proceso. O papel director desta xestión debe recaer nunha entidade especializada en terminoloxía que asuma os labores de coordinación e de planificación do proceso. En canto á outra das funcións complementarias citadas (a formación) esta debe recaer no colectivo académico e no centro especializado da xestión terminolóxica, segundo o nivel de formación e o seu destinatario.

7. A TERMINOLOXÍA NO *PLAN XERAL DE NORMALIZACIÓN DA LINGUA GALEGA (2004)*

Logo da celebración dos vinte anos de vixencia da Lei de normalización lingüística galega, o goberno anunciou a elaboración do PXNLG que estaba xa previsto na citada lei. Así pois, estamos perante unha planificación baseada nos principios básicos da LNL, mais que chega moito tempo despois da súa promulgación. Igualmente serodia é a organización da xestión terminolóxica en Galicia, como xa afirmamos en traballos anteriores (Galanes, 2003), veremos máis adiante os condicionamentos desta circunstancia.

O PXNLG é unha ferramenta que se elaborou e aprobou no Parlamento o pasado 22 de setembro de 2004 por unanimidade. Este plan está estruturado en tres sectores transversais: dereitos lingüísticos, novas tecnoloxías e implementación do corpus; e sete sectores verticais ou ámbitos de actuación (1. Administración, 2. Educación, familia e mocidade, 3. Medios de comunicación e industrias culturais; 4. Economía; 5. Sanidade; 6. Sociedade; 7. Proxección exterior da lingua). Estes sectores subdivídense en subsectores ou áreas de actuación¹¹. En liñas xerais, os principios e a estrutura deste plan en sectores de actividade recolle a dos títulos da citada lei e ainda engade algúns outros, o que resulta positivo, sobre todo pola concreción de medidas de actuación en áreas até o de agora menos atendidas.

Para cada un dos sectores verticais establecécese un diagnóstico, uns obxectivos de sector e uns obxectivos para cada un dos subsectores aplicados de xeito sistemático. Neste documento fanse explícitos no diagnóstico os puntos fortes e febles de cada sector, establecéncense un obxectivos que marcan os criterios de actuación e propónense unha serie de medidas planificadoras.

O valor do plan derívase non só de tratar a materia lingüística dende un punto de vista global, senón da aplicación dun método sistemático para a actuación planificadora que, ademais, considera a interacción entre o desenvolvemento do corpus e do status e, implicitamente, emite un xuízo sobre a política executada até o momento. Aspectos todos eles praticamente inéditos até o Plan.

¹¹ Citados na páxina 44 do PXNLG.

Por todo iso parémos fundamental o estudo da terminoloxía no plan, porque nos vai dar información non só sobre a importancia que se lle dá a esta materia na planificación, senón que vai funcionar a xeito de avaliación do camiño andado. Doutra banda, tamén nos servirá para comprobar se se cumpre o pretendido equilibrio entre árees que emana dos presupostos teóricos do plan.

Para o primeiro dos obxectivos enunciados é interesante estudar o diagnóstico sobre a saúde da lingua que figura no comezo do plan e, sobre todo, o sector transversal chamado «implementación do corpus»; para o segundo dos obxectivos imos analizar a presenza da terminoloxía no diagnóstico de cada sector; e por último, para acometer o último obxectivo, centrarémonos na análise das medidas de acción terminolóxica nos sectores e nos subsectores seguindo o modelo de Auguer e Cabré citado no apartado anterior.

7.1. A TERMINOLOXÍA NO DIAGNÓSTICO INICIAL E NOS OBXECTIVOS XERAIS DO PXNLG

O PXNLG inclúe, ademais de dous limiares e unha presentación inicial, un primeiro capítulo denominado «Notas para un diagnóstico da saúde da lingua galega». Este capítulo recolle a opinión que, sobre a lingua galega e a súa situación, emitiron 959 persoas representativas consultadas para o efecto. Neste apartado figuran de modo sistemático os puntos fortes e febles sobre a materia e dos que se parte para marcar obxectivos do plan. Estableceronse, ademais, subapartados como: realidades constantes, actitudes constantes, innovacións consolidadas e efectos firmes.

Neste diagnóstico inicial non se fai ningunha alusión á terminoloxía ou ao desenvolvemento do corpus da lingua nos anos precedentes, contrariamente ao que acontece con outros sectores «transversais».

Pola súa banda, figura de entre os 5 obxectivos xerais do plan (PXNLG:39) implicitamente recollido no quinto obxectivo como «Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna». Este obxectivo concrétese de modo máis explícito nos obxectivos xerais do sector transversal «Implementación do corpus»(PXNLG:43) enunciado como

«Por ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes para que lles aseguren unha completa capacitación lingüística e un emprego doado do galego nas súas actividades persoais e profesionais»¹²

Esta materia non está presente en ningún dos obxectivos de sector vertical, onde o desenvolvemento terminolóxico aparece recollido noutras apartados, mais non no de obxectivos, o que evidencia a condición de «ferramenta» e non de fin en si mesmo desta tarefa.

¹² O subliñado é noso.

En definitiva, nin a terminoloxía, nin as linguas de especialidade están previstas no plan na diagnose de inicio, están implícitas nos obxectivos xerais e só presentes no sector transversal e nalgúns dos sectores verticais áinda que de xeito desigual como veremos. Isto é, non se considera unha materia importante no estado da situación da lingua, o que si acontece cos outros sectores transversais.

7.2. A IMPLEMENTACIÓN DO CORPUS DA LINGUA E AS MEDIDAS DOS SECTORES VERTICAIS

No que se refire ao sector transversal «implementación do corpus», convén precisar de inicio que neste sector se identifica o corpus da lingua coa terminoloxía. Cremos que a denominada «implementación do corpus» ten que ter en conta as linguas de especialidade non só como un fenómeno puramente terminolóxico. Dende a perspectiva da Lingüística aplicada, defendemos, seguindo moitos outros autores (Hoffman, Kocourek, Cabré etc.), que as linguas de especialidade presentan especificidades non só no plano terminolóxico, e de xeito moi marcado, mais tamén no plano morfolóxico, sintáctico e sobre todo no textual, que non se atenden neste enunciado.

Centrándonos no sector, non se analizan os evidentes avances en materia terminolóxica e tampouco se sinalan puntos fortes ou febles. Quizais os únicos sinais son insinuacions do tipo:

- «Non podemos negar que neste aspecto a situación mellorou considerablemente. Hoxe contamos con vocabularios e con materiais» (PXNLG:51)
- «é necesaria unha elaboración sistemática dos recursos terminolóxicos de cada sector e de cara área, que cubran dunha maneira folgada as necesidades coas que os usuarios se van topar» (PXNLG: 51), o que logo non se materializa na análise por sectores.
- «Debe existir un material de referencia fiable» (PXNLG: 51).

De modo más claro e, a propósito dos repertorios editados, afírmase que estes materiais:

- «carecen do rigor esixible e isto crea desorientación e confusión» (PXNLG:52).

En definitiva, neste sector non se realiza diagnóstico ningún, senón que se dan unhas pinceladas da situación de partida.

Unha das principais obxeccións que facer a este apartado é que non se occupa, polo menos explicitamente, de propoñer unha infraestrutura de xestión terminolóxica necesaria para acometer os obxectivos propostos. En efecto, salientándose especificamente o papel do Servizo Galego de Terminoloxía, como ben sinalou Monteagudo (2004:14). Entendemos que se desaproveita a ocasión neste ou outro apartado de propoñer non só «potenciar o TERMIGAL» (PXNLG:52), ou «dotar de máis medios o servizo de consultas do TERMIGAL» (PXNLG: 52), senón precisar liñas de colaboración con outros colectivos elaboradores de terminoloxía, por exemplo centros

de investigación e departamentos universitarios, asociacións profesionais, entidades educativas, editoras, servizos de tradución institucional, ou entidades privadas que prestan servizos lingüísticos. Estas entidades non só están previstas no modelo xestión de Auger (1988), senón que de feito foron e son os principais elaboradores de repertorios terminográficos.

Doutra banda, tampouco aproveita a ocasión para establecer áreas de xestión na organización do propio Termigal, alén do servizo de consultas. Non se teñen en conta outros servizos fundamentais como o servizo de formación, de investigación terminolóxica sistemática, servizo de xestión de datos terminolóxicos, servizo de normalización ou harmonización terminolóxica ou o servizo de documentación. Non se organiza en departamentos nin se establecen xerarquías na institución, e non se prevé máis acción que a elaboración terminolóxica, sobre todo o traballo puntual baixo consulta.

O desenvolvemento desta infraestrutura é fundamental para cubrir as funcións imprescindíbeis para unha boa xestión terminolóxica, segundo o modelo mencionado anteriormente.

Indo por partes:

a) **investigación:**

A investigación terminolóxica que se recolle no plan só atende á investigación co presuposto. «elaboración sistemática dos recursos terminolóxicos de cada sector e de cada área» (PXLNG: 51). Cremos que este é máis un obxectivo ca unha medida e para acometer ese obxectivo cómpre, entre outras cousas, formar o persoal que elabora os recursos, coordinar a actuación entre Termigal e outros produtores de terminoloxía creando unha rede de unidades lingüísticas en todos os ámbitos de actuación e promover a constitución de equipos de investigación aplicada estábeis, tal como acontece noutras administracións.

Doutra banda, nada se cita da investigación teórica, moi escasa na actualidade e que entendemos que se deberá potenciar, por ser a base para a investigación aplicada e mesmo para difundir a investigación realizada noutros lugares. Cremos que habería que potenciala nos programas de formación superior, nos programas de investigación, na promoción de grupos de investigación especializados e de publicacións científicas específicas.

No que se refire aos sectores verticais, temos que dicir que agás no caso do sector consagrado á Economía, en todos os sectores se recoñecen carencias de materiais terminolóxicos ou se propoñen a elaboración de recursos (excepción feita tamén do sector de Proxección exterior da lingua, área para a que conviría máis centrar os esforzos en crear recursos lexicográficos bilingües ou multilingües, co galego como lingua de traballo). A demanda de recursos terminográficos nos sectores verticais de modo tan xeral, pode implicar que os profesionais non perciben que os repertorios existentes satisfagan as súas necesidades, ou ben que descoñecen a existencia de repertorios (o que quedou

amplamente demostrado en Rodríguez Río 2003)¹³. Resulta igualmente rechamante que os especialistas da área de Sanidade descoñezan a publicación do *Diccionario Galego de Termos Médicos* editado en 2002, que eles sitúan como material de próxima publicación (!) (PXNLG: 168) no texto do PXNL elaborado ao longo de 2004¹⁴.

En resumo, é importante atender a demanda de produtos terminográficos dos potenciais usuarios da lingua e tamén establecer canles estábeis de difusión da información sobre estas publicacións, para poder difundir en medio especializado as propostas.

b) normalización:

O plan é tallante cando fai alusión á necesidade dun material de referencia fiábel e cando afirma que é necesario que a terminoloxía e as linguas de especialidade «sexa supervisada por unha institución fiable que unifique as solucións e que xere confianza entre os usuarios», para, a seguir, afirmar que esa atribución lle corresponde á RAG que fai descansar esa potestade en Termigal.

Concordamos plenamente co exposto e, nese sentido, propomos reforzar a Comisión de Validación Terminológica xa existente en Termigal, aínda que non moi coñecida, nin citada no PXNL. Tamén propomos a creación dun banco de datos que difunda as entradas con todas as súas variantes, con marcas de uso e de recomendación e tamén a edición de boletíns de oficialización que difundan as novedades terminolóxicas, ou a súa difusión a través do DOG, como se fai coa toponimia, ou nos boletíns oficiais de Catalunya e Quebec, por exemplo.

c) difusión:

Pártese de que a terminoloxía carece de sentido se non chega con fluidez aos seus destinatarios, polo que no PXNLG se propón crear canles de distribución e implantación da terminoloxía que sexan eficaces como elaborar vocabularios sistemáticos plurilingües, elaborar folletos específicos con vocabularios más reducidos, incorporar o léxico ás ferramentas e aos programas informáticos más habituais e elaborar modelos de documentación de circulación frecuente en lingua galega (PXNLG: 52).

Destas medidas concretas xulgamos que son as dúas últimas as que máis inciden na difusión da terminoloxía. No que respecta á diversificación de formatos cremos que é imprescindible, mais ciframos as posibilidade de difusión no modo

¹³ Nese traballo que toma como base unha enquisa dirixida a potenciais usuarios desa terminoloxía realizada no ano 1998, o 73,5% das persoas entrevistadas afirma *coñecer menos de 10 repertorios* do centenar deles existentes nese momento.

¹⁴ O que evidencia, unha vez máis, a deficiente difusión dos materiais.

de distribuír eses repertorios en medio especializado e non na simple elaboración. Así pois, parécenos que ten moita máis incidencia a prol da difusión a publicación oficial da terminoloxía validada, a creación dunha rede institucional de unidades lingüísticas para difusión de innovacións e a coordinación de servizos lingüísticos, pois actualmente moitos deles descoñecen que formas son oficiais e cales non. A difusión de información debe descansar nun mecanismo de distribución e non só no saturado servizo de consultas de Termigal. No que se refire aos ámbitos de actuación a difusión da terminoloxía é a grande preocupación en todos eles. Nalgúns dos casos reproducése a indefinición que viamos no sector transversal, como acontece no sector 2 (Educación, familia e mocidade) con enunciados do tipo: «Difundir polas canles axeitadas a terminoloxía...» (PXNLG: 97). Noutros casos, como na Sanidade, cunha apostila moito más definida que propón non só convenios con servizos, colexios profesionais e organismos especializados para a elaboración e a difusión de materiais terminográficos, mais tamén a difusión da terminoloxía en contexto na formación de terceiro ciclo, na formación continua de traballadores/as etc. A difusión é un dos grandes problemas no que coinciden practicamente os especialistas de todas as áreas, por iso nos parece fundamental avanzar na organización estrutural non só do Centro de terminoloxía, senón na imbricación co sector profesional e docente, alén da relación con outras unidades elaboradoras de terminoloxía para que cristalice unha infraestrutura de difusión da información que tan laboriosamente produce, o que non se cita por ningures no PXNL.

d) implantación

A penas se trata a implantación no sector transversal, aínda que si se enuncia como obxectivo (PXNLG:52). Para esta cuestión propomos que se implique os usuarios reais na elaboración dos produtos e na súa difusión con presentación, distribución gratuita, enlaces e publicidade nas páxinas de entidades especializadas etc. Pola contra, esta difusión en medio especializado, base da implantación, está presente en boa parte dos sectores, isto é, existe unha demanda por parte dos especialistas. Observamos isto de modo paradigmático no sector de Sanidade con propostas sistemáticas que favorecen a implantación e tamén, aínda que non dun modo tan estruturado noutros sectores nos que se demanda a difusión das linguas de especialidade a través de servizos de asesoramento ou servizos lingüísticos, coma no sector Economía (PXNLG: 148), no caso de Educación (PXNLG:97), na promoción da edición de recursos especializados como formularios, correctores, programas informáticos etc. que vehiculan esa terminoloxía en Administración (PXNLG:71, 73, 74) en Educación (PXNLG:107), no sector Sociedade (PXNLG:244) ou na Proxección exterior da lingua (PXNLG:270). Outra das medidas proposta para a implantación é introducir esa terminoloxía na docencia universitaria ou de preparación profe-

sional como se reflicte no sector Administración (PXNLG:74) nas Universidades no sector Educación (PXNLG:107), en Medios de comunicación e industrias da lingua (PXNLG:138), en Economía (PXNLG:148), para a inmigración ou para o deporte no sector de Sociedade (PXNLG:233 e 244).

Outra da medidas que pode contribuír á implantación é procurar a colaboración de todas as institucións públicas de carácter sectorial para que adquiran o compromiso de difundir as solucións oficiais nas súas comunicacións e na súa actuación.

En resumo, parécenos imprescindíbel contar co apoio das entidades especializadas para a implantación terminolóxica, en todas as funcións terminolóxicas, principalmente para a investigación, a difusión, a planificación e a formación. Tamén convén contar co seu asesoramento na funcións de normalización, avaliación e actualización. Observamos no PXNLG que os colectivos de especialistas están dispostos a implicarse, sobre todo no caso da Sanidade, mentres que a proposta institucional, concretada no sector transversal, non fai referencia á colaboración cos colectivos e límitase ao papel de fornecedor de terminoloxía sistemática ou puntual e a procurar canles de difusión, mais, insistimos, sen mencionar a colaboración con outros organismos.

e) **avaliación**

Son case inexistentes as alusións á avaliación no plan, que só se intúe cando se di que cómpre revisar a terminoloxía e «unificar solucións» terminolóxicas. Nós non cremos que sempre sexa necesario «unificar» en terminoloxía, pois partimos de que é lexítima a variación e mesmo necesaria. Entendemos que a variación debe estar identificada, definida e asignada a ámbitos de uso, escolas de pensamento, niveis de abstracción, variación dialectal etc. Para afondar na avaliación da terminoloxía, cómpre que se establezan uns criterios de calidade dos repertorios e tamén criterios metodolóxicos de elaboración terminolóxica. Ademais, entendemos que na avaliación deben necesariamente participar especialistas, que aseguren a precisión conceptual das informacións contidas nos diferentes repertorios.

No que se refire aos sectores, a avaliación só se recolle no caso dos medios de comunicación e as industrias culturais, aínda que está implícito noutros sectores como a Economía cando se fala de actualización terminolóxica (PXNLG: 161) ou no sector da Sanidade (PXNLG: 177).

f) **actualización:**

A vontade de actualización circunschríbese no sector transversal a «unificar solucións» onde exista variación e na resolución de dúbidas, por parte de Termigal, respecto das innovacións. No tocante aos sectores a «actualización terminolóxica» e a súa correspondente difusión só se completan de modo ex-

plícito nos sectores Economía (PXNLG: 161) e mais no de Sanidade (PXNLG:177).

Entendemos que un labor de actualización das terminoloxías debe comprender tres tarefas. A primeira delas consiste en actualizar os recursos de cada área de coñecemento, dotando aqueles especialistas ou elaborando con especialistas desas áreas, repertorios terminográficos para microsubáreas de coñecemento que descoñecen a terminoloxía galega ou que contan con algúns repertorios que non cobre as necesidades dos potenciais usuarios. A segunda das tarefas consiste en actualizar, tamén por área de coñecemento, as terminoloxías existentes naquelas nas que os repertorios satisfán as necesidades. E, por último, a terceira tarefa é a xeración de novos termos aplicados a novos conceptos, para acometer esa función entendemos que non se pode funcionar exclusivamente a demanda de especialista que formula unha solución, pois este pode non facelo e adaptar ou adoptar directamente un termo da lingua fonte, como de feito acontece, por exemplo, nas terminoloxías informáticas.

Por iso propomos que se cree un estrutura estable de xeración de neoloxismos que estea en contacto non só coa investigación mais tamén coas principais fontes de divulgación do coñecemento especializado (revistas científicas e profesionais, webs etc.) e que se anticepe, detecte, estude e revise con criterio as novas denominacións. En todo caso, haberá que ter en conta as necesidades detectadas polos especialistas (e nalgúns casos enunciadas nos diagnósticos sectoriais), alén de revisar os repertorios existentes e dotarse dunha infraestrutura de traballo neolóxico para atender esas novas necesidades.

g) planificación:

Esta tarefa fundamental non se considera no sector transversal, mais figura nalgúns dos sectores transversais como Administración, Economía e Sanidade (PXNLG: 67 e 70, 149, 184). Nas medidas propostas nestes sectores establecécese que esta función de planificación debe realizarse coordinando a actuación de Termigal con entidades especializadas como a EGAP, outros organismos públicos e colexios profesionais, co que concordamos plenamente e incluso propomos incluír outras entidades académicas e os servizos lingüísticos. Esta planificación plurianual deberá plasmarse, na nosa opinión, nun Plan de normalización terminolóxica para Galicia.

Sería igualmente importante que o organismo chamado a liderar esa planificación presentase igualmente un plan de traballo que inclúa: detección de necesidades, planificación de traballos, coordinación e seguimento da aplicación de métodos de traballo, avaliación de resultados ou medida da implantación. Para cubrir estas funcións xulgamos que se deberá dotar dunha infraestrutura de xestión acaída.

h) formación:

Esta tarefa é fundamental, polo seu carácter multiplicador, mais tamén pola falta de formación nesta materia. A formación está presente de modo xenérico no sector transversal e tamén no seu obxectivo xeral. Tamén dá fe da súa importancia a presenza en praticamente todos os sectores no senso de capacitar os profesionais vehiculando os coñecementos técnicos en lingua galega. De modo específico, os sectores Administración (PXNLG: 69 e 75), Sanidade (páx. 138) e Sociedade (formación de inmigrantes, páx. 233), inclúen como medida a capacitación terminolóxica dos especialistas. Noutros sectores, propónese a capacitación lingüística do persoal, na que entendemos que inclúen a terminoloxía.

En cambio, botamos en falta a alusión á formación de terminólogos, que se podería vehicular a través dos programas de terceiro ciclo ou de posgrado, sobre todo, vista a crecente presenza da terminoloxía nalgúns programas de terceiro ciclo¹⁵. Tampouco se cita a formación de técnicos de servizos lingüísticos, moitos deles consagrados a labores terminolóxicos, nomeadamente de tipo puntual, ou a formación de tradutores e intérpretes profesionais independentes ou ao servizo de entidades editoras. Esta formación debe estar planificada e incidir non só na adquisición de terminoloxía, mais tamén na determinación de criterios de elaboración, adaptación etc.

O PXNLG supón un avance, mais cremos necesaria a elaboración dun plan de xestión terminolóxica que atenda as propostas dos especialistas enunciadas nos correspondentes sectores verticais e que, sobre todo, desenvolva todas as funcións enunciadas por especialistas mundiais en terminoloxía como Auger ou Cabré, reputados xestores de planificación terminolóxicas exitosas como a quebequesa ou a catalá. Entendemos que para acadar a implantación é preciso non só ter en conta a investigación, senón tamén a difusión, especificando as canles, asumindo a planificación e atendendo a avaliación e a actualización, que son as más descoidadas na proposta de implementación do corpus, sen esquecirmos, evidentemente, a formación.

No que se refire aos ámbitos de actuación (Ensino, Sanidade, Administración etc.) tense en conta a terminoloxía en todos eles, áinda que con tratamentos moi desiguais. Resultan especialmente interesantes as propostas de xestión terminolóxica de áreas como a Sanidade ou Administración. Entendemos que unha infraestrutura estable e planificadora abundaría positivamente no equilibrio nesta materia.

En definitiva, a proposta de actuación do plan incide sobre os aspectos máis materiais da terminoloxía, a produción, esquecendo a estratexia comunicativa para a difusión e a implantación da terminoloxía que son fundamentais e omitindo a necesaria función planificadora.

¹⁵ Citamos por exemplo os programas de doutoramento do bienio 2005-2007 da Universidade de Vigo da área de Tradución e Lingüística e o da área de Filoloxía Galega e Latina.

8. INFRAESTRUTURA DE XESTIÓN TERMINOLÓXICA

O éxito dun plan de normalización terminolóxica estriba, non só na producción de traballos terminográficos de excelencia, aínda que necesarios, senón na implantación e no uso real da terminoloxía desa lingua por parte dos seus usuarios naturais, aos que se han dirixir e adaptar eses produtos. De aí que sexa tan importante que, alén dunha producción material, exista unha infraestrutura que lles sirva de soporte ás funcións enumeradas.

Na análise sectorial do PXNL incídese en case todas as áreas na necesidade de elaboración de terminoloxías acaídas para a difusión da lingua, así como o reforzamento de Termigal e do seu servizo de consultas. Apenas se citan no PXNL outras entidades elaboradoras de terminoloxía que veñen desenvolvendo a súa actividade dende comezo dos anos 80.

Atender as funcións enunciadas de modo rigoroso esixe unha infraestrutura de xestión que pasa por reforzar Termigal, por dotalo de recursos materiais e humanos para favorecer a constitución de equipos de traballo estábeis, por establecer unha compartimentación por seccións especializadas, organizadas xerarquicamente, por habilitalo para prestar servizos de formación, documentación e edición de materiais, alén de exercer a representación galega nas redes de traballo terminolóxicas internacionais dándolle visibilidade á nosa producción. Do mesmo xeito ca nos outros centros de terminoloxía que deberan servirle referencia.

Mais tamén pasa por ter en conta outras entidades académicas ou administrativas que teñen un papel na elaboración terminolóxica, como o Instituto da Lingua Galega, os departamentos universitarios, as asociacións científicas ou os servizos lingüísticos que pola súa traxectoria ben poden continuar a colaborar na definición dun corpus terminolóxico do galego. É igualmente imprescindible establecer mecanismos de normalización e unha rede de difusión de novedades, constituída polos usuarios meta da terminoloxía (colexios profesionais, por exemplo) e tamén polos intermediarios (servizos lingüísticos, tradutores etc.).

9. CONCLUSIÓNS

Despois desta panorámica, non podemos máis que facer nosas as palabras da Prof. Teresa Cabré¹⁶ en que afirmou que a intervención terminolóxica para que sexa eficaz debe ser:

- organizada: isto é, planificada, non aleatoria, pois iso só conduce á dispersión de recursos.

¹⁶ Na conferencia de presentación da Sociedade Galega de Terminoloxía o 8 de xuño de 2005 no salón de actos do Consello da Cultura Galega co título «Xestión terminolóxica das linguas minorizadas: debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades no caso galego».

- sistemática: que responda a unha metodoloxía e a uns criterios explícitos (máis puristas ou máis posibilistas) que sirvan de orientación para elaboradores, especialistas e terminológos.
- coherente: ou non contraditoria internamente e acorde coa política lingüística.

Isto implica que esa nova entidade debe asumir en parte a elaboración terminolóxica e a súa normalización en tanto que autoridade, e tamén debe asumir necesariamente unha función planificadora, tendo en conta o amplio marco de actuación que establece o PXNL.

Esta institución está chamada a liderar o conxunto de entidades implicadas na terminoloxía e debe aproveitar os recursos humanos e materiais, xa existentes. Todos os axentes deben de se sentir representados para evitar a desmotivación e as iniciativas dispersas. Esa rede de producción terminolóxica e tamén a rede de servizos lingüísticos son instrumentos esenciais para a difusión de novedades terminolóxicas, que é outra das funcións imprescindíbel.

Un centro de terminoloxía pode asumir así mesmo a actualización na elaboración de terminoloxías, dando servizo non só as necesidades do plan, senón tamén outros traballos terminolóxicos como a resolución de consultas, a coordinación de proxectos externos, a elaboración de metodoloxía e outras ferramentas de apoio á investigación, así como futuras necesidades de elaboración derivadas de novas realidades. Outra das tarefas nas que pode participar en colaboración con outras entidades académicas é na formación. Esta formación é necesaria en todos os niveis: formación de formadores, formación de técnicos, de profesionais e de público en xeral.

En definitiva, a apostía que se propón para o sector de implementación do corpus é unha proposta ambiciosa, vertebradora, para agora e para o futuro, o PXNLG supón un avance na definición de obxectivos, mais no que toca á terminoloxía, precisa dunha *addenda* (quizais a través dun necesarísimo *Plan de normalización terminolóxica*) que inclúa diagnóstico, obxectivos, medidas, prazos, orzamentos e infraestruturas que permitan implementar e implantar a terminoloxía galega no noso país, porque, como diría Saussure, sería índice dun avanzado grao de civilización da comunidade detentora desa lingua.

É tarefa de todos e de todas nós.

REFERENCIAS

- Cabré, M. T.^a (1992): *La terminología. La teoría, els mètodes, les aplicacions*. Barcelona: Empúries.
- Cabré, M.T.^a (1999): *La Terminología. Representación y comunicación*. Barcelona: Iula.
- Cabré, M. T.^a (2002): «Terminología y lenguas minoritarias: necesidad, universalidad y especificidad» en Bugarín López, M. X. et alii (eds), *VIII conferencia de lenguas minorizadas*. Santiago de Compostela: Dirección Xeral de Política Lingüística, 89-102.
- Corbeil (1999): «La terminologie: une discipline au service d'objectifs multiples» en *Actas del Congreso Internacional de Terminología*. Donostia: IVAP, UZEI, 35-45.
- Galanes Santos, I. (2003): «A terminoloxía en Galicia» en Monteagudo e Bouzada Fernández (dirs.): *O proceso de normalización do idioma galego. Elaboración e difusión da lingua*, vol. III. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, 229-288.
- Marí Mayáns, I. (1996): «Socioterminología i planificació lingüística» en *Jornada Panllatina de Terminología*. Barcelona: Iula, 9-18.
- Monteagudo e Bouzada Fernández (dirs.) (2003): *O proceso de normalización do idioma galego. Elaboración e difusión da lingua*, vol. III, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Monteagudo, H. (2004). «Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega: Do bilingüismo harmónico á oferta positiva». *Grial, Revista Galega de Cultura*, 164: 12-17.
- Rodríguez Río, X. (1996): «Os traballos terminolóxicos en lingua galega: unha aproximación á súa situación e ás súas necesidades», *Cadernos de Lingua*, 13: 35-74.
- Rodríguez Río (2003): «Os traballos terminográficos galegos vistos polo seus potenciais usuarios», en *Terminología e indústrias da língua. Actas do VII Simpósio Iberoamericano de Terminología*. Lisboa: ILTEC, 881-900.
- Xunta de Galicia (ed.) (2005). *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria.

O necessário aproveitamento da terminologia portuguesa no processo de estandardização da língua galega: uma questão de metodologia

RUTE COSTA

Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa

1. INTRODUÇÃO

Foi-me lançado o desafio para reflectir sobre qual o uso a fazer da terminologia portuguesa para o desenvolvimento da padronização da língua galega. Neste sentido, proponho incidir a minha intervenção sobre as metodologias a desenvolver para a implementação de processos que permitem agir de forma concertada sobre a selecção das unidades terminológicas adequadas para as duas línguas e sobre, eventualmente, a criação de unidades terminológicas novas, mantendo as idiossincrasias inerentes a cada um os sistemas linguísticos.

2. O CASO DA ADMINISTRAÇÃO PÚBLICA

As instituições que perfazem a Administração Pública têm uma responsabilidade inequívoca no que concerne a credibilização das entidades e demais agentes no quadro do sistema administrativo, sendo responsáveis pela disponibilização e difusão dos conceitos por si produzidos, assim como dos sistemas conceptuais em que estes se inserem. Estes conceitos só são passíveis de serem transmitidos com recurso à verbalização, sendo os termos as entidades linguísticas que os designam. Estas instituições devem assumir-se como entidades responsáveis pelo estabelecimento da correcta relação entre o conceito e o seu respectivo termo em língua portuguesa que, do ponto de vista da comunicação, deverá ser tida como referência para todos aqueles que necessitam fazer uso da língua em situação profissional especializada.

Desta feita, estas instituições desempenham a função de entidade reguladora para a utilização adequada dos sistemas conceptuais e terminológicos, facultando necessariamente os recursos terminológicos – versão papel e versão electrónica – apropriados à consecução de uma terminologia tendencialmente não ambígua e harmonizada, criando um espaço de fluxos de informação e de interacção entre os diversos actores socioprofissionais.

Para tal, é imprescindível que os recursos terminológicos disponibilizados sejam de qualidade, decorrentes de metodologias claramente identificadas que garantam uma harmonização resultante, preferencialmente, de consensos, permitindo aos vários grupos de utilizadores aceder à informação de forma confiante e fiável. Uma organização hierarquizada e sistematizada dos sistemas – conceptuais, terminológicos e informáticos – contribui para solucionar impasses e conflitos institucionais resultantes da não gestão de recursos terminológicos que têm reflexos negativos na comunicação. Todos nós sabemos, que um discurso involuntariamente ambíguo e desorganizado pode desacreditar uma instituição!

Um só termo para um só conceito é o ideal monorreferencial a que todo o trabalho de harmonização ascende, constituindo esta metodologia o pré-estágio de todo o trabalho normativo. Não existe nenhum *e-governo*, *e-formação*, *e-ensino*, *e-negócio* ou *e-comércio* que possa ser implementado com sucesso sem recorrer à organização estruturada e hierarquizada do conhecimento, para que o utilizador aceda à informação de maneira rápida e eficaz¹. A organização das terminologias de acordo com os respectivos sistemas indica uma evidente delimitação cognitiva dos conceitos em uso, que permitem a construção de uma argumentação sólida tanto em contexto nacional como internacional.

A garantia do domínio adequado dos conceitos e respectivos termos em discurso reforça a autoridade destas instituições no que concerne a promoção da avaliação baseada em parâmetros claros, não ambíguos de um ponto de vista discursivo, conferindo um rigor indubitável ao sistema, aumentando a confiança do público no sistema, tendo por consequência a promoção da qualidade contribuindo para o melhoramento da imagem.

As terminologias são um instrumento fundamental de ajuda à preservação da língua, sendo os recursos terminológicos portadores de uma valor simbólico e cultural indiscutível. A conceptualização de recursos terminológicos, de ferramentas informáticas e a criação de bases de conhecimento são imprescindíveis para a sustentabilidade das línguas, para que em todas as situações de comunicação especializada se possa fazer um uso adequado de uma língua.

¹ A título de exemplo, consultar o Multilingual catalogue strategies for eCommerce and eBusiness, CEN/ISSS/ WS/eCAT – Final Version CWA 15045, July 2004.

3. QUE METODOLOGIAS PARA QUE FINS?

Geralmente, quando se desenvolve um trabalho em terminologia está-se a responder a uma necessidade social, política, económica ou social, frequentemente, resultante de uma encomenda, de um contrato, de um protocolo entre instituições. A primeira das nossas funções é questionar-nos sobre os fins a que se destina a terminologia que nos é solicitada. É nesse instante que começamos a discorrer sobre «como fazer» para corresponder adequadamente às necessidades da(s) classe(s) profissional(ais) a que se destinam as terminologias. A reflexão e a actuação do terminólogo têm de incidir sobre: i. a selecção dos termos; ii. a adequação dos termos aos objectivos; iii. a fonte dos termos; iv. o suporte informático em que devem ser armazenados os termos, assim como toda a informação relevante para o seu entendimento e para o seu uso adequado em discurso.

Em paralelo, temos de saber se a base de dados terminológica será monolingue, bilingue ou plurilingue. Somos de opinião que uma base de dados terminológica a ser disponibilizada na Internet deve ser por princípio bilingue ou plurilingue, podendo no entanto ter como ponto de partida uma metodologia inerente ao monolingue.

Partindo da premissa acima mencionada, o objectivo primeiro é, em nosso entender, delinear uma proposta de sistema conceptual que reflecta uma visão possível da organização do conhecimento, para uma comunidade linguística de especialidade. A construção desse sistema conceptual resulta, cada vez mais frequentemente, de uma metodologia mista, onomasiológica e semasiológica, que oscila entre a observação do extralingüístico e a análise do linguístico, ou seja, dos textos escritos e/ou orais que espelham o estado do conhecimento da comunidade em estudo.

Chegamos assim à sistematização do conhecimento de uma comunidade linguística de especialidade. Desde modo, estamos em condições para elaborar uma metodologia semelhante para a comunidade de especialidade que vive noutras contextos políticos, económicos, sociais e culturais e que faz uso de um outro sistema linguístico.

Findo este trabalho, é possível comparar sistemas conceptuais. Temos assim várias situações possíveis. Deparamo-nos com: i. sistemas conceptuais idênticos; ii. sistemas conceptuais parcialmente idênticos; iii. sistemas conceptuais divergentes. Estas três situações requerem abordagens metodológicas diversas, uma vez que todas elas têm consequências ao nível da selecção e/ou formação de unidades terminológicas. Podemos encontrar unidades terminológicas equivalentes nos dois sistemas linguísticos, como também é recorrente a não existência de equivalentes de unidades terminológicas. Nesta última situação, é necessário desenvolver metodologia que nos permitam para a língua em questão encontrar uma solução linguística.

Para tomar opções metodológicas adequadas é de maior relevância saber qual o sistema conceptual a privilegiar. Caso se trabalhe com os dois sistemas conceptuais em Portugal e na Galiza, dar-se-á um tratamento diferenciado aos dois sistemas, sendo que em Portugal, o objectivo será, geralmente, o de privilegiar o sistema conceptual português e na Galiza privilegiar o sistema galego.

4. CONSTITUIÇÃO DE *CORPORA*

Pelo valor que os textos podem assumir no trabalho do terminólogo, é de inegável importância reflectir sobre os critérios para a constituição de *corpus*, assim como sobre o estatuto do texto que deve integrar um *corpus* de especialidade específico.

Nesta metodologia, a dificuldade está na qualidade do suporte, isto é, do texto científico. Para que um texto científico seja aceite pela comunidade de comunicação de especialistas a quem se dirige, é necessário que os outros elementos que constituem o grupo, o considerem. Os membros da comunidade auto-regulam os seus discursos, sendo eles os verdadeiros juízes da sua produção científica. O saber que o indivíduo detém sobre uma ciência consiste, na essência, no conhecimento e na capacidade de criação de discursos e de textos que poderão servir de referência a outros ou a futuros membros da comunidade científica.

O conceito de texto de especialidade é demasiadamente genérico e complexo de forma a permitir um tratamento uniforme de todas as ocorrências de textos produzidos no seio de uma mesma comunidade científica. Os públicos a quem se dirigem, a pluralidade das situações e o enquadramento espaciotemporal em que os diversos textos são produzidos e consumidos são tão divergentes, que se impõe a constituição de uma tipologia.

O recurso a grandes *corpora* fazem-nos reconsiderar as metodologias utilizadas para a extracção de termos, o tratamento da informação, assim como para a construção de ontologias e obrigam-nos a repensar as fronteiras entre as metodologias e as teorias que afinal parecem ser bem ténues. Na realidade, as opções metodológicas e teóricas estão directamente dependentes da necessidade social a que se pretende dar resposta.

Daí a importância de, em conjunto, elaborar metodologias para a constituição de *corpus* bilingües que devem resultar de reflexões sobre os conceitos de tipo, género, texto e discurso.

5. CONCEPÇÃO DE BASE DE DADOS

A base de dados terminológica deve por um lado espelhar as relações semânticas e/ou conceptuais que caracterizam o domínio em estudo. A identificação das características resulta da observação que oportunamente se fez aos textos que perfazem o *corpus* de especialidade, devendo o público a quem se dirige a base de dados, aceder de forma eficaz às relações previamente reconhecidas e adequadamente armazenadas.

6. NOTAS CONCLUSIVAS

Estou convicta que optando por desenvolver uma cooperação ao nível das metodologias ser-nos-á possível ter um conhecimento mais aprofundado das áreas de saber em estudo, tanto em Portugal como na Galiza. Para se iniciar a descrição das unidades terminológicas nas duas línguas e optar por uma abordagem morfossintáctica contrastiva é mais eficaz, seguro e consistente trabalhar a partir de dados linguísticos resultantes de metodologias baseadas em opções teóricas claramente identificadas e partilhadas.

REFERENCIAS

- Costa, Rute. 2006. «Pluralité des approches théoriques en terminologie» *LSP Symposium. Approaches to Terminological Theories. A contrastive Study of the State-of-the-Art*, IITF, Genève: Springer Verlag: [no prelo]
- Costa, Rute. 2006 Terminology, Corpus Linguistics and Ontologies», *Contrastive Studies and Valency / Kontrastive Studien und Valenz*, Studies in Honor of Hans Ulrich Boas / Festschrift für Hans Ulrich Boas. Steiner, Petra C. / Boas, Hans C. / Schierholz, Stefan J. (eds./Hrsg.). Frankfurt am Main, Berlin, Bern, Bruxelles, New York, Oxford, Wien: Peter Lang Frankfurt.
- Costa, Rute. 2005. «Corpus de spécialité : une question de types ou de genres de textes ou de discours ». *De la mesure dans les mots. Hommage à Philippe Thoiron*. Henri Béjoint et François Maniez (eds.). Lyon : Presses Universitaires de Lyon.

Substituir e non inventar

XABIER ALCALÁ

Facultades de Informática e de Ciencias da Comunicación

Universidade da Coruña

PREÁMBULO

Notas dunha conferencia. A conferencia ten lugar en Galicia. O idioma: castelán ben imitado. Quen fala é galego, titulado superior universitario. O tema, o que vai centrar esta disertación: asuntos da telemática. Quen o escoita, farto de hibrideces, toma nota:

Sozguar («software» precisa de boca inglesa para pronunciarse)
Jarguar (o mesmo con «hardware»)
Seidin (debe ser «shading»)
Jaquin («hacking»)
Laborserbis («labor service»)
Datamainin («data mining»)
Datagüerjaus («data warehouse»)
Baj («bug»)
Guolet («wallet»)
Valiuaded nezgour («value added network»)
Fairguol («firewall»)
Aitimanayer (IT manager)
Taimtumarque (time-to-market)
Consumo de ancho de banda (¡asneira atroz! Suspenso en redes)
Balanceo de carga (imaxinade unha carga a «balancear»)
Teznologías (técnicas)
Replicaciones onlain
Reportar (informar)
Mobilain («Moviline»: Telefónica fai patria)
Mobistar («Movistar»: Idem)
RDSI (ISDN) salvada do naufraxio, se cadra por Telefónica
Chatear (tomar chatos)

1. O INGLÉS ESMAGADOR

Sorprende a preocupación españoleira pola inmersión lingüística periférica (en Cataluña, claro, non en Galicia) fronte ao afogo en pseudoinglés, como se as linguas sen estado tivesen capacidade de agredir a do Estado

O inglés non é unha lingua franca; é a lingua que todo impregna. Laura Esquivel dicía hai pouco que estaba a escribir un «triler» (*thriller*) que é unha «novela multimedia». O inglés non só é a lingua natural de moita xente, é un idioma de dominación a través das técnicas de que depende a nosa civilización.

Polo 1895, Otto von Bismarck era entrevistado para un xornal inglés e declaraba que «o feito social máis importante do momento é que o inglés sexa a lingua oficial dos Estados Unidos de América». O vello estadista detectara a importancia do fenómeno, baseado no *American ingenuity* (que alguén, moi nacionalista español, traduciu por «la ingenuidad americana»). Os ianquis son enxeñosos, emprendedores, adoradores de quen triunfa polo enxeño.

O patético para Bismarck é que –como el sabía– a incipiente democracia americana aceptara en 1776 que, só por un voto, o alemán non fose o idioma oficial dos Estados Unidos.

O inglés representa a maldición dunha lingua imposible, non rendible: as bocas dos anglofalantes atéiganse de vogais, e a lingua escrita padece dunha mestura de pexas etimolóxicas combinadas con caprichos ortográficos...

Con todo, as linguas francas sempre foron necesarias. Unhas impuxéronse por razóns imperiais (do latín ao francés pasando polo quechua) e outras por razóns relixiosas (véxase na Idade Moderna o caso das *lenguas generales* de predicación da Hispanoamérica).

É bo coñecer as linguas francas pero ruín renderse a elas. Como antídoto á necesidade ridícula de imitar falas alleas, é recomendable ler a Eça en *A correspondência de Fradique Mendes*. Nela lémbranos cal é a verdadeira patria do home, a súa lingua materna, e incítanos a falar «orgullosamente mal» as linguas dos outros (cando el dominaba o castelán, o francés e o inglés. O francés a punto de sospeita: a de que escribise en francés e se autotraducise ao portugués).

En resumo, cómpre facer unha imitación decente dos idiomas non propios e usalos para «introducir pérolas no próprio» segundo recomendaba Rodrigues Lapa.

2. A SUBMISIÓN DOS LATINOS

Parece penoso o espírito de colonizados que mostran os latinos, pola súa incapacidade para inventaren ou, mellor dito, para manteren o necesario ritmo de invención, en competencia cos anglosaxóns (ou, claramente, os ianquis).

Nin sequera son capaces de faceren traducións axeitadas. Poucas veces triúfan ideas xurdidas en versión latina, como o caso francés de *ordinateur*, recollido en España

como ordenador (correctamente, pois todos os ordenadores son computadores pero non todos os computadores son ordenadores). Francia representa o abandiramento contra a anglosaxonización tecnolóxica, aínda que tamén conte con fracasos notorios.

Hai un caso principal de como os latinos se renden ao poderío anglosaxón: é o termo «multimedia», que nos chega do latín a través do inglés culto. O nivel de descoñecemento da propia lingua dá como resultado «*la multimedia*» en castelán e – aínda peor, por imitación da pronuncia inglesa– «*a multimídia*» no portugués do Brasil

Os gregos de hoxe din *polymessa*, como nós deberíamos dicir «multimedios» segundo as regras dos nosos romances occidentais.

3. A BABEL DAS SUBLINGUAS: O CASO DAS TIC

O maior valor da palabra é a suxestión. Daquela enténdese ben como quen pense en inglés vaia usar intuitivamente, por exemplo:

- *bit* como anaco de información,
- *hub* (cubo de roda) como concentrador de rede
- *farm* (granxa, como conxunto produtivo) referido a ordenadores ligados na mesma tarefa...

A dificultade latina para navegar por augas descoñecidas induce ao absurdo nas traducións e velaí:

- software propietario (*proprietary* implica exclusividade de marca. O software non é un ente capaz de ser propietario de nada),
- facilidades (*facilities* son, claramente, prestacións),
- suplicante (da documentación da conferencia mencionada: *suplicante es el componente que tiene cada uno de los elementos que acceden a la red, es decir, será la pieza de software que permite la integración del ordenador en la red de una forma autenticada.*)

A crenza cega na bondade de tanto veña expresado en inglés (summum de colonización), conduce a erros que se amplifican nos eidos das romances tales como:

- «ancho de banda» medido en bits por segundo en lugar de hertzs (véxase a advertencia dos textos canónicos de Stallings sobre o mal uso de *bandwidth*),
- «banda ancha/larga» e «banda estreita» en lugar de alta ou baixa taxa / velocidade de transmisión dixital,
- «tecnoloxía» en lugar de técnica, tras do mal uso –e abuso– ianqui de *technology*.

A ignorancia da orixe das expresións pode levar a incrustar nas latinas formas inglesas distorsionadas como «software legacy», tradución de *legacy software* (programación / sistema herdado). O espírito da lingua latina fai colocar o *legacy* cualificador tras do substantivo *software*.

Por veces non se dá encaixado en forma latina o termo que se podería traducir e impor. Iso sucede con:

- escáner (de *scanner*, explorador de imaxe),
- escanear (*to scan*: explorar. Na Fundación Rodrigues Lapa da Anadía certa vez houbo unha curiosa discusión sobre se en portugués se debía decir «escanear» ou «escanerizar»).

Híbridos áinda máis indixeribles aparecen continuamente por preguiza dos usuarios para lembraren o que xa existía ou para empregaren o que se pode dicir con sentidoño:

- | | |
|-----------------|-------------------------|
| – costumizar | – plugar |
| – computerizado | – displayar |
| – enrackable | – logar / logear |
| – genlockear | – facer log en la grid |
| – resetear | – email («imeil») |
| – renderizar | – encriptar |
| – clickar | – <i>la database...</i> |

Por se iso fose pouco, en España áinda se dá un caso de trampitán técnico que pode tollear os anglofonsantes:

- redes trunking, con terminación en *-ing*, que implica xerundio e acción, cando o correcto en inglés sería *trunked networks*, o que implica participio, condición pasiva na *trunk* (troncal) da rede.

Nas peculiaridades e arbitrariedades españolas, nas malas traducións fillas das mentes colonizadas contan casos parecidos ao anterior. Un é moi vello, «ciencia ficción» (*science fiction*: ficción científica); outro agora está de moda no xornalismo (lémbrese a recente guerra do Iraq) e na telemática: «embebido» (*embedded*: incrustado ou embutido. Parece estranxo que non se traducise por «encamado»).

A pedantaría facilita a aparición das linguaxes de bruxos, cargadas de siglas misteriosas ao xeito de siglas inglesas non convertidas nas correspondentes latinas:

- | | |
|---|--------------------|
| – <i>TCP/IP</i> (PCT/PI) | – <i>ATM</i> (MTA) |
| – <i>LAN</i> (RAL) | |
| – <i>VPN</i> (RPV: rede privada virtual. Sábese dun empresario ao que un consultor de traxe escuro lle quixo vender unha destas redes e, como insistía con <i>VPN</i> , o | |

comprador potencial díolle: «Nin VPN nin PNV nin HB... ¿De que diaño me fala vostede?»)

- *B2B* (acrónimo inglés de *business-to-business* que, lido como «be-dous-be», para nós non significa nada)...

Dentro deste apartado están os casos de siglas inglesas para expresións latinas:

- QoS* (calidade de servizo, que así se di, sen mesturar)
- VoIP* (voz sobre IP, na que se mantén IP en vez de PI)

Son numerosos os casos en que a linguaxe dos iniciados se vulgariza, e sorprende que mesmo se canonice. Tal é o que acontece, por exemplo, con *PC* (*personal computer*) de *CD* (*compact disk*). A RAE non recomendou «opé» (OP: ordenador personal) ou «decé» (DC: disco compacto) senón que aceptou «cedé» e «pecé»...

Con todo o dito, porén, un dos problemas maiores do derrubamento do sistema de falas latinas non está na indixestión de neoloxismos procedentes do inglés, senón na substitución por formas alleas de termos consolidados en modo propio. Obsérvense os seguintes exemplos:

- chequeo e chequear (revisión e revisar)
- espónsor e esponsorizar (patrocinio e patrocinar)
- estándar (norma), que paga a pena comentar, pois penetrou mesmo na filoloxía. En todo caso habería ser *a* estándar, non *o* estándar e, ademais, o inglés usa *norm* e *to normalize* en paralelo con *standard* e *to standardize*.
- test e testear / testar: proba e probar (testar é facer testamento)
- rack (bastidor)
- switch (conmutador)
- backbone (dorsal)
- password (contrasinal)
- e-learning (teleensino)
- encriptar (cifrar)
- autenticar (autentificar)...

O outro grande problema constitúeno os ataques á sintaxe das romances. Mírense pezas do tipo de

- e-....: e-administración, e-comercio, e-cultura... «e», abreviación de «electrónico/a» aparece como cualificativo previo. En todo caso, como imitación adaptada, poderían valer «comercio-e», «correo-e» etcétera, co «e» como sufijo;
- todas aquellas en que desaparece a preposición necesaria
 - enderezo IP (correctamente sería «enderezo de IP»),
 - sistemas hard / soft (sistemas de hardware / software),

- ordenador (de) multimedia / produto (de) multimedia...
- casos en que os verbos ingleses son transitivos e os latinos non o son:
 - migrar unha aplicación (*the application can be migrated*),
 - as memorias accedidas (a que se accedeu)...

4. O PROBLEMA DE FONDO

O problema de fondo, por tras dos problemas anteriormente salientados, está en que

- o que non se traduce non se entende,
- a lingua condiciona o pensamento,
- a mente confúndese por incoherencia de código
 - isto é patente no caso da lingua escrita, sexa cal for a que se use
 - a confusión aumenta coa dificultade fonética do inglés

5. AS POSIBLES SOLUCIÓNS

A situación de deterioración das linguas latinas, por abrasión do inglés, é notoria no eido das tecnoloxías da información e da comunicación. Probablemente non se poidan superar casos de termos adoptados -se cadra adaptacións fonéticas ao estilo de «escáner»- pero hai a posibilidade de pór orde para evitar a desfeita:

- admitindo a absorción de barbarismos só cando non haxa solución,
- mirando pola diferenza entre barbarismos e barbaridades,
- aceptando o inglés como lingua franca polo momento,
- estudándoo debidamente para poder entendelo e convertelo ao código propio,
- traducindo de xeito que se entenda, tentando a suxestión.

Desde Galicia, onde a tensión lingüística é patente e predispón á toma de posturas, deberíase traballar na conxunción de esforzos para a creación dun glosario aberto, ao xeito da Wikipedia, que resolva os neoloxismos xa (mal) asentados na fala e mais os que vaian aparecendo (un caso: entre as técnicas propias da actualísima televisión dixital está a dos *gap fillers*). O autor destas notas propuxo recentemente solucións galegas ao xeito de «encheocos» e «enchebaleiros» que foron inmediatamente acollidas en medios técnicos).

Os resultados obtidos para o galego logo serían trasladables ás linguas afins. O traballo de encontraos debería ser considerado con visión exportadora...

Como remate, a solución definitiva ao conflito brevemente analizado estaría en inventarmos tanto como os americanos e bautizarmos os inventos á nosa maneira.

Non se debe renunciar a competir. Algo sempre ha ser máis ca nada.

A investigación ao servizo da normalización da lingua galega na sociedade da información

MANUEL GONZÁLEZ GONZÁLEZ

Real Academia Galega. Universidade de Santiago

1. ALGUNHAS REFLEXIÓNNS AO REDOR DO CUME MUNDIAL SOBRE A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Como saben todos vostedes, hai poucos días finalizou o Cume Mundial sobre a Sociedade da Información na cidade de Tunes, evento que tivera a súa primeira parte en Xenebra no mes de decembro de 2003. Hai algunas ideas expostas repetidamente neste foro, que me gustaría recordar aquí, ben porque fan fincapé na importancia que certas tecnoloxías relacionadas coa investigación lingüística teñen na sociedade da información e no desenvolvemento universal, ben porque insisten na necesidade de desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación por parte de cada pobo particular. Velaquí as que quero salientar, extraídas de dous documentos fundamentais deste cume: un deles, que leva por título *Declaración de principios*, foi aprobado o 12 de decembro de 2003 en Xenebra durante a primeira fase do cume; o outro, coñecido como *Compromiso de Tunes*, foi discutido na segunda fase, que tivo lugar en Tunes, do 16 ao 18 de novembro de 2005.

1.1. A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DEBE ESTAR AO SERVIZO DO DESENVOLVEMENTO DAS PERSOAS E DOS POBOS

«Declaramos o noso desexo e compromiso comúns de construírmos unha sociedade da información centrada na persoa, incluínte e orientada ao desenvolvemento, na que todos poidan crear, consultar, utilizar e compartir a información e o coñecemento, para que as persoas, as comunidades e os pobos poidan desenvolver o seu pleno potencial na promoción do seu desenvolvemento duradeiro e mellorar a súa calidade de vida, consonte os obxectivos e principios da Carta das Nacións Unidas e respectando e defendendo plenamente a Declaración Universal de Dereitos Humanos» (*Declaración de principios*, punto 1)

1.2. AS TIC INCIDEN EN TODOS OS ASPECTOS DA VIDA E SON FUNDAMENTAIS PARA O DESENVOLVEMENTO

«As tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) teñen inmensas repercusións en praticamente todos os aspectos das nosas vidas. O rápido progreso destas tecnoloxías brinda oportunidades sen precedentes para acadar niveis máis elevados de desenvolvemento» (*Declaración de principios*, punto 8)

1.3. A FENDA DIXITAL: PERIGO DE QUE MOITOS POBOS QUEDEN Á MARXE NAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN

«Somos plenamente conscientes de que as vantaxes da revolución da tecnoloxía da información están na actualidade desigualmente distribuídas entre os países desenvolvidos e en desenvolvemento, así como nas sociedades. Estamos plenamente comprometidos en facer desta fenda dixital unha oportunidade dixital para todos, especialmente para aqueles que corren perigo de quedaren atrás e mesmo marxinalizados» (*Declaración de principios*, punto 10).

A este respecto convén que recordemos o atraso que presenta Galicia con respecto á maioría das sociedades do mundo occidental en canto á utilización de Internet, probablemente por razóns de índice cultural, pero tamén sen dúbida pola existencia doutras realidades tanxibles que pexan o desenvolvemento normal de Internet en Galicia, como son os custos elevados das liñas, ou a dispersión da poboación que dificulta, por exemplo, a chegada do cablo ao conxunto da poboación, e que dificulta tamén a xeneralización do acceso á banda ancha.

1.4. AS TIC PODEN SER UNHA GRANDE AXUDA PARA COLECTIVOS CON DISCAPACIDADES E GRUPOS DESFAVORECIDOS

«Debe promoverse o emprego das TIC a todos os niveis na educación, a formación e o perfeccionamento dos recursos humanos, tendo en conta as necesidades particulares das persoas con discapacidades e os grupos desfavorecidos e vulnerables» (*Declaración de principios*, punto 30).

«Esforzarémonos sen pausa en promover o acceso universal, ubicuo, equitativo e alcanzable ás TIC, e especialmente o deseño universal e as tecnoloxías auxiliares para todos, con atención especial aos discapacitados, en todas as partes, con obxecto de garantir unha distribución máis uniforme dos seus beneficios entre as sociedades e dentro de cada unha delas» (*Compromiso de Tunes*, punto 18).

1.5. NECESIDADE DE DESENVOLVEMENTO DAS TIC POR PARTE DE CADA POBO

«Para acadar un desenvolvemento duradeiro da sociedade da información, deben reforzarse as capacidades nacionais en materia de investigación e desenvolvemento de TIC» (*Declaración de principios*, punto 33).

O desenvolvemento das tecnoloxías da información e da comunicación non pode quedar só en mans de certos estados nin deben ser ideadas para utilización exclusiva de determinadas linguas de maior peso socioeconómico no planeta. En primeiro lugar, porque a exclusividade no desenvolvemento destas tecnoloxías por parte de determinadas sociedades o que fai é acentuar a fenda entre sociedades ricas e pobres e perpetuar a situación de dependencia tecnolóxica e, o que é máis grave, tamén ideolóxica dos países menos capaces con respecto aos más capaces. En segundo lugar, ánda que unha parte destas tecnoloxías son teoricamente utilizables por parte de calquera sociedade e aplicables a calquera lingua, existe outra parte moi importante que non é aplicable sen desenvolvimentos específicos para cada unha das linguas, que esixen un gasto de enerxía e mesmo un investimento económico que para os estados dominantes non lles resultan rendibles. Por iso é fundamental o reforzamento da capacidade de cada nación en materia de investigación e desenvolvemento de TIC.

E neste aspecto é inevitable facer unha pequena reflexión sobre a situación en Galicia neste ámbito, onde o investimento en I+D é deficiente no sector público e moito máis ánda no sector privado. Mientras que en España o 52,4% do investimento en I+D procede da iniciativa privada, en Galicia o 60% procede das institucións públicas. Visto así podería parecer que en Galicia existe unha forte aposta do sector público pola investigación, pero nada máis lonxe da realidade: o compromiso do sector público foi nos últimos tempos moi deficitario; pero a aposta seria da iniciativa privada en Galicia, salvo algunas excepcións moi contadas, foi praticamente inexistente.

1.6. NECESIDADE DE IMPLICACIÓN DOS PODERES PÚBLICOS PARA QUE O DESENVOLVEMENTO DAS TIC NON QUEDE SÓ AO AZAR DO MERCADO

«Os poderes públicos deben intervir, segundo proceda, para corrixir os fallos do mercado, manter unha competencia leal, atraer investimentos, fomentar o desenvolvemento de infraestruturas e aplicacións TIC, para aumentar ao máximo os beneficios económicos e sociais e atender as prioridades nacionais» (*Declaración de principios*, punto 39).

Xa comentamos que Galicia ten certas características estruturais, como a dispersión da poboación, que dificultan unha xeneralización dalgún tipo de tecnoloxías da comunicación, pero este déficit que pode retraer nalgún caso o investimento da empresa privada debe estar compensado polos poderes públicos. O que non se pode manter por máis tempo, se queremos unha Galicia de futuro, é a situación actual de acusado atraso

non só con respecto a Europa, senón tamén con respecto á media do Estado español. Preocúpanos que só o 38% dos fogares galegos teñan un ordenador, fronte ao 48,1% dos de España (10 puntos menos con relación á media estatal); preocúpanos que só o 19% dos fogares galegos teñan acceso a Internet (fronte ao 30,9% do conxunto do Estado); preocúpanos que nunha sociedade onde Internet se converteu no medio máis dinámico de información e comunicación, só o 29,4% dos galegos sexa usuario deste medio (fronte ao 37,5% no conxunto do Estado español). Do escaso dinamismo das novas posibilidades de transaccións comerciais que ofrece Internet dá idea que só o 3,5% dos galegos utilizase algunha vez o comercio electrónico (fronte ao tamén irrisorio 5% no conxunto de España). E as porcentaxes son igualmente preocupantes se examinamos a situación no mundo da empresa, onde a empresa galega no seu conxunto (claro que existen notables excepcións) presentan un retraso considerable en utilización das TIC con respecto á media estatal, e enorme se establecemos como referencia os países máis desenvolvidos de Europa.

1.7. AS TIC DEBEN ESTAR ADAPTADAS A CADA IDIOMA E RESPECTAR CADA CULTURA

«As aplicacións deben ser fáciles de utilizar, accesibles para todos, alcanzables, adaptadas ás necesidades nacionais en materia de idioma e cultura, e favorables ao desenvolvemento duradeiro» (*Declaración de principios*, punto 51)

«A diversidade cultural é o patrimonio común da humanidade. A sociedade da información debe fundarse no respecto da identidade cultural, a diversidade cultural e lingüística, as tradicións e as relixións e estimular ese respecto, ademais de promover un diálogo entre as culturas e as civilizacións. O fomento, a afirmación e preservación dos diversos idiomas e identidades culturais, tal como se consagran nos correspondentes documentos acordados polas Nacións Unidas, incluída a Declaración Universal da UNESCO sobre a Diversidade Cultural, contribuirán a enriquecer aínda máis a sociedade da información» (*Declaración de principios*, punto 52)

Cómpre facer un esforzo de localización de produtos informáticos ao galego, para garantir o dereito dos nosos cidadáns a poder utilizar a súa lingua en todo tipo de actividades ordinarias, pero tamén polo valor simbólico negativo que ten ante os usuarios da lingua e o conxunto da sociedade o percibir que a lingua galega non está presente nos produtos que se identifican coa utilidade, modernidade e o progreso. Evidentemente, existe un problema real económico, derivado da limitación do mercado. O mercado en lingua galega é un mercado relativamente pequeno, que ás veces non convida ao empresario a afrontar un gasto que lle vai reportar uns beneficios escasos. Pero este é un problema común a moitas outras linguas entre as que se atopan tamén linguas non minorizadas, que esixen nas súas lexislacións a localización dos produtos para poderen ser comercializados dentro do país. Probablemente unha lei exclusivamente galega nesta dirección, que obrigue as empresas á comercialización dunha versión en galego no territorio da Comunidade

Autónoma, non tería os efectos apetecidos, porque a unha empresa grande, como Microsoft, un mercado coma o galego pode resultarlle ata certo punto marxinal. Neste aspecto sería moito más efectiva unha lexislación estatal, que esixise a localización de todo produto informático, e outros similares, a todas as linguas oficiais do Estado español, como condición para poder ser comercializado e distribuído en calquera punto do Estado. E o mercado de todo o Estado xa ten suficiente peso como para obrigar as empresas a que fagan un esforzo neste sentido.

1.8. A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN DEBE BASEARSE NA SOLIDARIEDADE MUNDIAL E NA COMPRENSIÓN ENTRE OS POBOS E NACIÓNS

«Temos a firme convicción de que estamos entrando colectivamente nunha nova era que ofrece inmensas posibilidades, é dicir, a era da sociedade da información e a expansión da comunicación humana. Nesta sociedade incipiente é posible xerar, intercambiar, compartir e comunicar informacións e coñecementos entre todas as redes do mundo. Se tomamos as medidas necesarias, axiña todos os particulares poderán colaborar para construír unha nova sociedade da información baseada no intercambio de coñecemento e asentada na solidariedade mundial e unha mellor comprensión entre os pobos e as nacións. Confiamos en que estas medidas abran unha vía cara ao futuro desenvolvemento dunha verdadeira sociedade do coñecemento» (*Declaración de principios*, punto 67).

1.9. AS TIC DEBEN PERMITIR UNHA MAIOR DISPOÑIBILIDADE DE INFORMACIÓN E UNHA MAIOR ACCESIBILIDADE A ESTA

«Instamos aos gobernos a que, utilizando o potencial das TIC, creen sistemas públicos de información sobre leis, regulamentos, contribuíndo a unha maior xeneralización do acceso público e a unha maior dispoñibilidade desta información» (*Compromiso de Tunes*, punto 17).

1.10. NECESIDADE DE DESEÑAR ESTRATEGIAS PARA A CONSERVACIÓN DA INFORMACIÓN DIXITAL

«Recoñecemos que o acceso equitativo e sostible á información esixe a implementación de estratexias para a conservación a longo prazo da información dixital que se está creando» (*Compromiso de Tunes*, punto 27).

2. DOUS PUNTOS NO PXNL IMPORTANTES PARA O GALEGO NA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

Sería imposible achegármonos a todos os aspectos da investigación sobre a lingua galega relacionada coa sociedade da información. Por iso voume limitar a analizar dous

puntos recollidos nos sectores transversais do *Plan xeral de normalización da lingua galega* que, como saben, foi aprobado hai un ano por unanimidade no Parlamento de Galicia:

- a) As novas tecnoloxías, e, particularmente, as chamadas tecnoloxías da fala.
- b) A implementación do corpus.

2.1. AS NOVAS TECNOLOXÍAS

2.1.1. Por que é necesario o desenvolvemento das novas tecnoloxías?

O das novas tecnoloxías é un sector prioritario pola súa eficacia e polo seu simbolismo. O investimento en novas tecnoloxías é, probablemente, o de maior rendemento e debe ser prioritario. É imprescindible se queremos facilitar que se incorporen e se mantéñan instalados en galego sectores como o comercial, o informativo, o xuvenil e o mundo urbano.

Da presenza do galego nas novas tecnoloxías vai depender en boa parte a imaxe que os galegos e os non galegos teñan desta lingua; e da imaxe da lingua depende o uso: se a imaxe é boa, o uso medrará de seu (e mesmo sen subvencións); se a imaxe é cativa, o uso minguará por moito que a prol desta lingua se fagan esforzos políticos e económicos.

Ademais hoxe xa non se pode considerar de ningún xeito que a demanda de recursos, de produtos e de servizos relacionados coas chamadas novas tecnoloxías se restrinxía a unha determinada elite ou sector dominante da sociedade. Hoxe son xa moitos os sectores que reclaman recursos técnicos e informáticos para usar o galego nunha sociedade decididamente urbana e moderna. Pero esta demanda incrementárase de xeito espectacular nos vindeiros anos, e hai que estar preparados para lle dar resposta eficaz.

2.1.2. Obxectivos relacionados coas novas tecnoloxías

No *Plan xeral de normalización da lingua galega* recóllense explicitamente os seguintes obxectivos neste ámbito:

- Fomentar a presenza do galego nas novas tecnoloxías.
- Lograr unha oferta ampla e competitiva de produtos e recursos informáticos en galego.
- Potenciar a presenza da lingua galega en Internet.
- Potenciar a investigación en tradución automática, recoñecemento e síntese de voz, e outras novas técnicas que faciliten a opción positiva no mercado da información e da comunicación, e que aseguren a libre circulación do galego nos sistemas avanzados da vida moderna.

2.2. A IMPLEMENTACIÓN DO CORPUS

Sobradamente é coñecido o fenómeno histórico do afastamento da lingua galega dos ámbitos más formais da comunicación, cunha situación persistente ao longo de séculos

dunha diglosia funcional ao lado dunha diglosia de adscrición. Esta situación persistente durante tanto tempo xerou unha inseguridade de moitos sectores á hora de utilizaren a lingua galega na súa actividade.

Debemos aspirar a que a utilización do galego non supoña un esforzo complementario para quen se decide a abrir a súa actividade persoal ou profesional á lingua galega. É necesario, pois, superar as secuelas deste déficit histórico. Como facelo? Parece imprescindible adoptar, entre outras, medidas como:

- unha formación axeitada do persoal, que o faga sentir seguro e competente en lingua galega.
- unha oferta suficiente de recursos léxicos e terminolóxicos que lles faciliten o labor.

O déficit de recursos terminolóxicos é unha realidade palpable e preocupante. Nas enquisas sobre o uso de galego en sectores especializados, aparece case sempre visible o problema da falta de terminoloxía en galego estable e fiable; pero tamén é verdade que raramente este déficit é considerado como a causa principal da non utilización da lingua galega nestes ámbitos. Parece evidente que na sociedade actual, na que as transformacións, os avances e os descubrimentos se producen a unha velocidade de vertixe, o traballo terminolóxico debe pasar a ocupar un lugar importante en todas as linguas de maneira estable. Pero no caso da lingua galega, temos que facer un esforzo suplementario nos próximos anos, non só para atender as necesidades terminolóxicas das novas creacións, senón para cubrir o déficit histórico na nosa lingua en amplos campos da ciencia e da técnica que temos aínda a ermo. É urxente ofrecer á sociedade recursos terminolóxicos fiables, adaptados á nosa maneira de ver o mundo e á nosa cultura.

É necesaria a elaboración sistemática dos recursos terminolóxicos de cada sector e de cada área, que cubra dunha maneira folgada as necesidades coas que os usuarios se van atopar.

A terminoloxía técnico-científica e das linguas de especialidade en xeral debe emanar dunha institución fiable, que unifique as solucións, e que xere confianza entre os usuarios.

Pero esta terminoloxía hai que difundila e implantala. A terminoloxía carece de sentido se non chega con fluidez aos seus destinatarios. Cómpran canles de difusión e medios de implantación da terminoloxía que sexan eficaces:

- vocabularios sistemáticos plurilingües das linguas de especialidade;
- folletos específicos con vocabularios más reducidos, destinados a colectivos concretos e que cubran as necesidades destes;
- incorporación deste léxico ás ferramentas e aos programas informáticos que se utilizan habitualmente nos distintos sectores;

- elaboración de modelos de documentación de circulación frecuente en lingua galega;
- un servizo de consultas, que resolva nun prazo o máis breve posible as dificultades que o profesional atope no exercicio do seu labor en galego etc.

Por estas razóns o *Plan xeral de normalización da lingua galega* recolle como un dos seus obxectivos (o C.1):

Pór ao alcance dos cidadáns e dos sectores profesionais os medios formativos, didácticos, técnicos, lingüísticos e terminolóxicos suficientes que lles aseguren unha completa capaci-tación lingüística e un emprego doador do galego nas súas actividades persoais e profesionais.

3. NOVAS TECNOLOXÍAS

Destes dous puntos recollidos no PXNL, aos que me referín, permítanme que me deteña un pouco máis en analizar a situación das novas tecnoloxías, dentro das que se encadran a tradución automática, a síntese de voz, o recoñecemento de voz, os clasificadores e resumidores automáticos, a identificación de locutores, a diarización etc.

3.1. A TRADUCIÓN AUTOMÁTICA

3.1.1. A fiabilidade e nivel de calidade

A tradución automática experimentou un avance considerable nos últimos anos. A tradución deste tipo entre linguas afíns, como pode ser entre o galego e o castelán, ou o francés, ou o italiano, ofrece hoxe xa unha fiabilidade bastante alta, de xeito que o resultado ofrecido pódese considerar case un produto final aceptable, aínda que sempre necesitado dunha revisión final. Na actualidade, por exemplo, hai xornais que se traducen automaticamente, cunha achega de revisión realmente reducida.

Pero este nivel de calidade non se acada aínda cando se trata de linguas tipoloxicamente distanciadas, como pode ser o caso do galego e o inglés ou o galego e o alemán. Con este tipo de linguas a tradución automática utilízase polo de agora máis ben como unha ferramenta auxiliar de accesibilidade a contidos para persoas que descoñecen a lingua fonte, pero non como un producto de calidade lingüística contrastada.

3.1.2. Desconfianza inxustificada e prexuízos respecto á TA

Non diría toda a verdade se non me fixese eco de certa desconfianza por parte de moitos sobre os resultados ofrecidos polas ferramentas que permiten a versión dunha lingua a outra sen intervención humana.

Esta desconfianza, como en xeral calquera estado de opinión, ten unha etioloxía que convén analizar, porque algunas das razóns que a produciron responden a certas realidades, aínda que estas sexan percibidas dunha maneira non totalmente obxectiva.

Cales son as causas que deron lugar a esta desconfianza? Eu sinalaría, entre outras, as seguintes:


- a) Non dicir sempre a verdade sobre o que ofrece a tradución automática. A tradución automática abre unhas enormes posibilidades, aforra moitísimo traballo, pero, sobre todo, entre linguas de distintas familias, ofrece resultados interesantes, pero non óptimos.
- b) Outro motivo que xerou mesmo escepticismo sobre as posibilidades destes sistemas foi a proliferación de produtos que acadaron unha notable difusión, pero dun nivel de calidade realmente baixo.
- c) Tamén se lle apón á tradución automática, que produce textos sen valor literario, e isto é verdade. Este tipo de tradución baséase en automatismos que nunha mesma situación xeran un mesmo resultado; aínda que tamén é posible lograr certa variedade estilística, programando a xeración de resultados distintos distribuídos seguindo unha orde determinada ou dunha maneira aleatoria. E esta é unha concepción oposta á que está na base de moitos recursos literarios, que pretenden xustamente o retoremento ou mesmo a ruptura do código. Polo tanto hai certos recursos literarios que só poderán ser plasmados nunha tradución mediante a intervención humana, e nin sequera a de calquera humano, senón a dunha persoa que teña a formación e a sensibilidade necesaria, primeiro para captalos no texto de orixe e, posteriormente, para lograr transferilos, noutro proceso de creación, á lingua de destino.

Pero isto non invalida a importancia social da tradución automática. Debemos ter en conta que só o 3% da tradución que se fai no mundo corresponde a obras literarias. O resto son textos diplomáticos, administrativos, comerciais, técnicos..., moitos deles mecánicos e rutineiros.

3.1.3. Métodos más utilizados na tradución automática

Nos sistemas de tradución automática utilizanse fundamentalmente dous métodos: os métodos baseados en regras (ou tradución por transferencia) e os métodos baseados en modelos estatísticos. Recentemente son frecuentes outros deseños de carácter mixto, que combinan complementariamente o método por regras e o método estatístico.

O método de transferencia ou método baseado en regras é o máis utilizado nos sistemas comerciais de tradución. Fundaméntase no establecemento de correspondencias entre distintas estruturas e a diferentes niveis: a nivel de palabra (e daquela fárase de transferencia léxica), a nivel sintáctico (transferencia sintáctica) e a nivel semántico (transferencia semántica). Este método implica o establecemento de correspondencias entre diferentes niveis de análise das dúas linguas. O polígono de Vaquois móstranos estes distintos niveis de transferencia:



En todo proceso de tradución automática contamos sempre con dous produtos: un texto de entrada nunha lingua A e un texto de saída nunha lingua B:

A	B
Ayer por la mañana los niños subieron a la cumbre más alta de la montaña	Onte pola mañá os nenos subiron ao cume máis alto da montaña

Para percorrer este proceso é necesario realizar na lingua de partida: unha análise léxica, unha análise morfolóxica, unha análise sintáctica e unha análise semántica; e a continuación formular as regras que permitan establecer as correspondencias entre a lingua de partida e a lingua de chegada. Canto máis alto é o nivel de transferencia, maior é a complexidade da análise do texto que hai que realizar. A maior parte dos sistemas actuais chegan pouco máis lonxe que a unha análise sintáctica relativamente simple.

3.1.4. Ferramentas de tradución automática para a lingua galega

Voume referir a tres produtos que, ao meu xuízo, reúnen o mínimo de calidade para renderen un servizo á sociedade galega: O *Es-gl*, *Traduza* e *Apertium*.

3.1.4.1. O Es-gl

É un sistema de tradución desenvolvido no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, coa colaboración da empresa Incyta. É un programa que de mo-

mento só traduce textos do castelán ao galego, cun nivel de calidade realmente alto. O sistema utilizado é un herdeiro directo do que fora o sistema de tradución automática METAL. Este sistema utiliza técnicas de enxeñaría lingüística: considera toda a oración castelá no seu conxunto, fai unha análise morfolóxica, sintáctica e, na medida do posible, semántica dela, e vértea ao galego dun xeito apropiado. Leva incorporado unha serie de ferramentas:

- un dicionario monolingüe castelán, que ten información morfolóxica, sintáctica e semántica de cada palabra.
- unha gramática de análise do castelán, que detecta cál é a estrutura sintáctica da oración en castelán.
- unha gramática de transferencia castelán-galego, que converte as estruturas lingüísticas da lingua orixe (castelán) en estruturas lingüísticas propias do galego.
- un dicionario bilingüe castelán-galego, que establece as correspondencias palabra a palabra entre o castelán e o galego, pero que tamén realiza comprobacións sobre o contexto no que se atopa a voz castelá para ditaminar a acepción correcta e para examinar os trazos sintácticos e semánticos das unidades lingüísticas implicadas.
- unha gramática de xeración do galego, que se ocupa da estrutura final do texto en galego; e
- un dicionario monolingüe galego que, coma no caso do castelán, está enriquecido con información morfolóxica, sintáctica e semántica.

O sistema tamén dispón doutros programas auxiliares que se encargan da segmentación do texto en frases e do tratamento dos formatos

3.1.4.2. Traduza

É un sistema de tradución de calidade bastante boa, realizado a partir de iniciativa privada, e construído pola empresa Dimensiona de Santiago de Compostela.

3.1.4.2. Apertium

É un tradutor que acaba de presentarse hai poucos días, e é o resultado dun proxecto de investigación financiado polo programa Profit do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio. O proxecto foi coordinado pola empresa Eleka de Euskadi, e nel participan ademais: a Fundación Elhuyar, a Universidade do País Vasco, a empresa Thera, a Universidade Politécnica de Catalunya, a Universidade de Alacante, Imaxín, e a Universidade de Vigo. Este proxecto ten por finalidade a creación dun sistema que permeta a tradución automática entre todas as linguas oficiais do Estado.

A versión actual, que pode ser probada en liña, non ofrece aínda uns resultados de nivel alto, pero estamos seguros de que co paso do tempo mellorará de maneira notable.

Para miñ esta iniciativa resulta especialmente atractiva por diversas razóns: é un exemplo de investigación interdisciplinaria (na que participan informáticos, lingüistas e enxeñeiros de telecomunicacións), é o resultado da colaboración de grupos diversos (empresas e Universidades de distintos puntos do Estado), anúnciase que se presentará en código aberto, e é de distribución libre.

3.2. A SÍNTSE DE VOZ EN GALEGO: *Cotovía*

Os sintetizadores de voz ou conversores texto-voz son ferramentas que permiten a conversión dun texto escrito nunha cadea oral, de xeito que a transferencia texto-voz poida ser levada a cabo cunha calidade aceptable sen a intervención directa do falante.

Para a lingua galega existen neste momento dúas ferramentas deste tipo: unha, de carácter privado, propiedade de Telefónica, e outra, construída no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, obra dun equipo de investigación interdisciplinario integrado por enxeñeiros de telecomunicacións da Universidade de Vigo (primeiro baixo a dirección de M^a Carme García Mateo, e despois de Eduardo Rodríguez Banga) e por lingüistas da Universidade de Santiago (baixo a dirección de Manuel González González). Este último sistema elaborado no Centro Ramón Piñeiro é coñecido co nome de *Cotovía*, e pode ser probado en liña no enderezo <http://www.cirp.es/res/index.html>.

Un conversor texto-voz debe cumplir unha esixencia mínima, que é a da intelixibilidade, pero será máis atractivo tanto máis se achegue ao modelo de fala humana e os seus resultados sexan percibidos polo usuario como algo que se aproxima á fala natural.

Desde o punto de vista científico a investigación en certo tipo de síntese de voz é dunha grande importancia na lingüística, porque permite validar os trazos realmente pertinentes na emisión dun fonema. Pero o desenvolvemento que se produciu nos últimos anos da síntese de voz non se debe a este interese científico, senón ao feito de que se mostrou un instrumento de primordial importancia no mundo da comunicación e das relacións sociais, ao dar lugar á creación de postos de información automatizados, á instauración de sistemas automáticos integrais de recoñecemento, tradución e síntese, e un amplio elenco de funcións derivadas da lectura automática. É de salientar tamén a importancia que os desenvolvimentos da conversión texto-voz ten no mundo das minusvalías, por exemplo na creación de lectores para invidentes, que lles facilitan o acceso a moitas fontes escritas que antes lles resultaban inaccesibles, a non ser que estivesen en sistema Braille.

Hoxe estanse realizando fortes investimentos na investigación de síntese e recoñecemento de voz en todas as linguas, polo papel transcendente que teñen xa na sociedade actual, pero sobre todo polo que van ter na sociedade do futuro próximo. O desenvolvemento neste eido é aínda máis transcendental para as linguas que están en proceso de normalización, porque sen dúbida o desenvolvemento ou non deste tipo de tecnoloxías para as linguas en situación delicada vai ser un factor decisivo para que os falantes consideren que a súa lingua ten capacidade para dar resposta ás súas necesidades ou non. Por iso se ten dito tantas veces que as linguas minorizadas que non sexan capaces de subir no carro das novas tecnoloxías terán graves problemas de pervivencia.

Cotovía é un sintetizador baseado na concatenación de unidades pregravadas (*dífonos*). E este é hoxe o método máis utilizado, xa que é o que ofrece unha mellor relación entre complexidade e prestacións. A utilización de dífonos simplifica moito os problemas derivados da coarticulación.

Hoxe baixo a etiqueta de *Cotovía* preséntanse en realidade dous prototipos diferentes: un construído sobre unidades extraídas de fala natural e outro sobre unidades extraídas de logátomos. O primeiro ofrece unha pronunciación más distendida e natural, pero presenta certos problemas derivados sobre todo da presenza de realizacións excesivamente relaxadas. O segundo, con unidades extraídas de logátomos, posúe unha modulación más mecánica e menos natural, pero unha maior robustez, debido a que as unidades están extraídas de contextos especialmente seleccionados e coidados, que permiten realizacións más uniformes e unha etiquetaxe más exacta das unidades.

Na súa presentación actual *Cotovía* é xa un sistema bastante flexible, que permite escoller para o seu funcionamento entre os dous tipos de prototipos mencionados, pero que permite tamén escoller entre voces masculinas e femininas, e permite manipular a velocidade de dicción e a frecuencia fundamental, segundo o usuario prefira unha dicción más veloz ou máis lenta e unha voz máis grave ou máis aguda.

3.3. O RECOÑECIMENTO DE VOZ EN GALEGO

Referireime brevemente a dous proxectos de investigación relacionados co recoñecemento de voz en lingua galega: o primeiro deles co título *Desenvolvemento de sistemas de diálogo para acceso telefónico a servizos telemáticos* (*TelCorreo*), e o segundo *Transcraigal*.

3.3.1. Desenvolvemento de sistemas de diálogo para acceso telefónico a servizos telemáticos (TelCorreo)

A finalidade deste proxecto era a de construír unha ferramenta que permita a consulta de correo electrónico vía telefónica sen intervención humana. Imaxinemos que un domingo imos pasar a tarde á praia, e queremos consultar o correo electrónico: con este sistema podemos facelo, marcando o número dun servidor. O sistema faranos saber automaticamente que correos recibimos, cunha información básica de cada un deles (remitente, asunto e hora de recepción), e nós poderemos pedirlle a lectura do contido daquel ou daqueles que nos interesen. Igualmente o sistema tamén nos permite responder oralmente a estes correos ou enviar oralmente un novo ao destinatario que desexemos.

Este foi un proxecto realizado fundamentalmente con fondos da Unión Europea, no que participaron a Universidade de Santiago, a Universidade de Vigo, o Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, e Cesatel (unha empresa de Servizos Avanzados de Telecomunicación e Tratamiento de Información). Foi desenvolvido por un equipo interdisciplinario de enxeñeiros de telecomunicación da Universidade de Vigo e de lingüistas da Universidade de Santiago, codirixido por M.^a C. García Mateo e Manuel González González.

3.3.2. Transcraigal

É un proxecto encamiñado a lograr un transcritor automático de noticias para a TV, que permita nun futuro a subtítulación automática de programas informativos de TV. O desenvolvemento deste tipo de utilidades encádrase dentro das recomendacións da UE de subtítular os programas de TV para facilitar a integración de persoas con minusvalías, coma os xordomudos.

Este proxecto tivo ata o momento un financiamento realmente escaso e totalmente insuficiente para lograr os obxectivos para os que estaba previsto. O financiamento que se obtivo procedía da CICYT, da Xunta de Galicia e da CRTVG.

Logrouse un índice de recoñecemento correcto relativamente alto nos locutores habituais dos servizos informativos, pero os resultados eran aínda baixos para as persoas que aparecían de maneira ocasional nestes informativos. Esta deficiencia debíase a que o corpus de adestramento do sistema non era o suficientemente amplio como para permitir uns niveis globais aceptables. En realidade, praticamente toda a subvención recibida dos organismos colaboradores foi destinada á conformación deste corpus de adestramento, tanto oral coma escrito.

3.4. A INVESTIGACIÓN LINGÜÍSTICA OCUPA UN LUGAR IMPORTANTE NO DESENVOLVEMENTO DESTES SISTEMAS

Alguén poderá preguntarse que relación ten isto coa investigación lingüística en galego. A resposta é moi simple: a investigación lingüística é fundamental para o desenvolvemento destes sistemas. Non hai tradución automática, síntese de voz, recoñecemento de voz, con todas as súas aplicacións derivadas, sen investigación lingüística.

A investigación lingüística aplicada ás tecnoloxías da fala é aínda moi deficitaria en galego, e presenta importantes problemas de falta de recursos básicos, de inexistencia de planificación e coordinación, en fin de desestruturación, que leva a que existan fortes lagoas en determinados ámbitos, duplicacións e triplicacións de esforzos illados que producen resultados insuficientes, e desaproveitamento de logros acadados en proxectos, que nunca foron explotados fóra do ámbito no que foron concibidos.

Neste momento necesítase con urxencia:

- a) A creación de grandes bases de datos e córpora etiquetados con sistematicidade e fiabilidade, tanto orais, coma escritos.

Actualmente existen para o galego tres córpora de carácter oral etiquetados: *SpeechDat* (que foi elaborado para o adestramento do sistema TelCorreo, e que está realizado seguindo a metodoloxía e especificacións internacionais dos sistemas *SpeechDat*), un corpus etiquetado de programas de noticias (que foi o utilizado para o adestramento de Transcraigal), e *Vogatel*, que é privado, propiedade de Telefónica, e que só é utilizable para proxectos da propia empresa). Cómpre a elaboración dun único corpus oral equilibrado, cun mínimo de

500 horas etiquetadas, que sexa de carácter público, e que poida ser utilizado libremente por calquera investigador.

Existen tamén córpora escritos, coma o *Tesouro informatizado da Lingua Galega (Tilga)* do Instituto da Lingua Galega, o *Corpus de referencia do galego actual (Corga)* do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, ou o *Corpus lingüístico da Universidade de Vigo (Cluvi)*. Pero son córpora, no fondo, concibidos con finalidade de explotación para o estudo do léxico, insuficientes polo seu volume, pero sobre todo porque non están dotados dun sistema de anotación completo que os faga aproveitables para o estudo da fonética, morfoloxía, sintaxe, léxico e pragmática. Non sería perder o tempo constituír un corpus escrito de varios centos de millóns de palabras, debidamente anotado, que cubrise as necesidades dun amplio número de investigadores. Doutro xeito, cada investigador verase obrigado a elaborar o seu propio corpus, que cubra as súas necesidades particulares, pero que será inútil para outros usos. Canto non se aforraría cun único corpus que cubrise as necesidades de todos ou dunha gran maioría, e ademais dunha maneira moito más plena e eficaz?

- É necesario construír analizadores morfolóxicos e sintácticos automáticos, que sexan fiables e flexibles, de maneira que se poidan aplicar a usos e ferramentas moi diversas. Carece de sentido que se constrúa un analizador morfolóxico para tratar de anotar un corpus de maneira automática, outro distinto para aplicar a un sistema de tradución automática, un terceiro para un sintetizador de voz, un cuarto para a construcción dun ditáfono e un quinto para auxiliar a un transcriptor fonético automático. O lóxico sería construir un analizador robusto e flexible, que se poida integrar en todos estos sistemas.
- Son necesarios léxicos electrónicos con información semántica estruturada, tanto do galego común, como das chamadas linguas de especialidade. Sen eles difícilmente se pode avanzar en ningún dos sistemas de tecnoloxías da fala aos que nos viñemos referindo. Son igualmente urxentes léxicos electrónicos bilingües galego-inglés, galego-francés, galego-alemán, galego-ruso, galego-chinés, galego-catalán etc.; ata que dispoñamos destes utensilios non se poderá avanzar na tradución automática a estas linguas ou desde estas linguas.
- É necesaria unha organización da investigación. Somos un país pequeno e con recursos limitados, por iso hai que optimizar os esforzos:
 - Debemos fomentar a creación de equipos interdisciplinarios de carácter estable.
 - Cómpre levar a cabo unha distribución de tarefas entre grupos de investigación, sen que isto implique negar a liberdade de investigación de ninguén.

- É necesaria a modularidade. Hoxe case todos os sistemas presentan un alto grao de complexidade, no que actúan en paralelo ou no que se superpoñen distintos elementos interdependentes, que esixen unha alta especialización. Poñamos por caso un sistema de tradución automática, no que existe un módulo de análise morfosintáctica da lingua de partida, e un módulo de gramática de transferencia, ou un módulo de léxico. Por que non se vai especializar un determinado grupo nun destes módulos, de maneira que teña un coñecemento moito más profundo dos problemas que presenta? E o mesmo poderíamos dicir na síntese de voz: pode haber un grupo especializado traballando nun analizador, e outro nun módulo prosódico, con independencia de que exista en moitos casos información que deban compartir.
- A modularidade facilita a polivalencia. Un bo silabador do galego serve tanto para aplicar a unha ferramenta de síntese ou recoñecemento de voz, como para informar sobre a silabación correcta dos lemas dun dicionario.
- Os recursos de investigación básica (como bases de datos, córpora...) deben ser de dispoñibilidade pública (polo menos para a investigación); de aí que neste tipo de recursos é totalmente necesaria a presenza do sector público, que é o único capaz de garantir que poida chegar aos destinatarios que os necesiten. O investimento en recursos básicos nunca é caro, porque a moi curto prazo repercute no aforro de tempo e de custos e evita a duplicación (ou n-plicación) de esforzos dedicados a un mesmo obxectivo.

4. CONCLUSIÓN

Internet e as novas tecnoloxías son unha arma de dobre fío para moitas linguas: poden contribuír decisivamente á normalización e á estabilización do galego, pero poden contribuír tamén á súa desaparición.

Hai datos que por si sós resultan arrepiantes, como que a metade das 6000 linguas faladas no mundo corren perigo de extinción, segundo a Unesco; ou que só o 11% da poboación mundial ten acceso a Internet. Como se puxo de manifesto no Cume Mundial sobre a Sociedade da Información, as TIC son fundamentais para o desenvolvemento das persoas e dos pobos, pero moitos pobos van quedar marxinados no desenvolvemento das tecnoloxías da información. O desenvolvemento das TIC non se pode deixar exclusivamente ao azar do mercado, é necesaria unha forte implicación dos poderes públicos que fomenten o desenvolvemento e aplicacións das TIC, e que garantan igualmente a adaptación das aplicacións a cada lingua e a cada cultura. No mundo industrializado un factor

decisivo para a supervivencia de moitas linguas vai ser a súa capacidade para incorporaren as novas tecnoloxías.

É totalmente imprescindible poñer en marcha todos os esforzos e todos os medios para consolidar unha posición digna de Galicia na sociedade actual e do futuro inmediato, na sociedade da tecnoloxía e da innovación, na sociedade da información, na sociedade do coñecemento. Se non somos quen a conseguilo, o progresivo crecemento do déficit tecnolóxico levaranos a ocupar unha posición recuada, unha posición de debilidade fronte ás sociedades máis desenvolvidas, que nos pode facer desembocar na perda da nosa identidade:

- a) Por sermos incapaces obxectivamente de responder ás necesidades vitais da sociedade desde a nosa idiosincrasia e desde a nosa lingua.
- b) Porque esta incapacidade xera, primeiro, falta de confianza en nós, despois aceptación acrítica dos modelos lingüísticos e doutro tipo que nos veñen de fóra, pero que nos facilitan acceso aos avances e ao benestar, e, por último, abandono e mesmo desprezo do propio por consideralo inútil e arcaico.

Estamos aínda a tempo, pero cómpre visión de futuro, esforzo, ilusión e racionalidade. Só así estaremos en condicións de construírmos a Galicia do mañá.

Anexo.

Programa das xornadas

II XORNADAS SOBRE LINGUA E USOS. LINGUA E INVESTIGACIÓN

Mércores, 30 de novembro

16,00-17,00.- Recepción e entrega de documentación

17,00.- Inauguración das xornadas

17,30.- Conferencia inaugural:

D. Anxo Calvo Silvosa, director xeral de Industria, Enerxía e Minas da Xunta de Galicia e ex-vicerreitor de Estratexia e Planificación Económica da UDC: «Lingua e empresa»

19,00.- D. Xusto Rodríguez Río, técnico de normalización lingüística na Universidade de Santiago de Compostela e autor da primeira *Metodoloxía do traballo terminográfico puntual en lingua galega*: «A contribución das universidades á investigación sobre terminoloxía e á súa divulgación e fixación»

Xoves, 1 de decembro

9,30.- D. Carlos Garrido, doutor en Bioloxía e profesor de Tradución Científico-Técnica na Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo: «Estratexias para a habilitación das linguas especializadas científico-técnicas en galego»

11,00.- «Dobre oficialidade e dereitos lingüísticos no ámbito universitario»

D. Jaume Vernet, catedrático de Dereito Constitucional e Conseller do Consello Consultiu da Generalitat de Catalunya

D.^a Alba Nogueira López, profesora de Dereito Administrativo da Universidade de Santiago de Compostela

12,45.- D. Xavier Gómez Guinovart, responsable do Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo: «Tecnoloxías da lingua galega»

17,30.- D.^a Teresa Moure, profesora de Lingüística na Universidade de Santiago de Compostela e gañadora do premio Ramón Piñeiro de ensaio: «É o inglés imprescindible para a investigación? A necesidade de recoñecermos o plurilingüismo»

19,00.- D.^a Iolanda Galanes Santos, presidenta da Sociedade Galega de Terminoloxía e profesora da Universidade de Vigo: «A produción terminográfica galega»

Venres, 2 de decembro

10,00.- D.^a Maria Rute Costa, doutora en Lingüística, profesora na Faculdade de Ciências Sociais e Humanas da Universidade Nova de Lisboa e especialista en terminoloxía: «O aproveitamento da terminoloxía portuguesa no proceso de estandarización da lingua galega»

11,30.- D. Xabier Alcalá, enxeñeiro de Telecomunicacións, profesor da UDC e escritor: «Substituír e non inventar»

13,00.- Conferencia de clausura:

D. Manuel González González, profesor de Filoloxía Románica na Universidade de Santiago de Compostela, membro da Real Academia Galega e director de TERMIGAL: «A importancia do coñecemento dos recursos terminolóxicos e tecnolóxicos para a normalización do idioma galego»

